CONSELLO DA CULTURA GALEGA
PONENCIA DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL

MEDICINA POPULAR E ANTROPOLOXÍA DA SAÚDE

Actas do Simposio Internacional en homenaxe rendida a D. Antonio Fraguas

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Ilustración da cuberta:

Xosé Fuentes Alende.

MEDICINA POPULAR E ANTROPOLOXÍA DA SAÚDE

Edita

ISBN: 84-87172-19-9

Depósito legal: VG-552-1997

Imprime
OBRADOIRO GRÁFICO, S. L.
Polígono Ind. do Rebullón, 52-D. MOS (Pontevedra)

MEDICINA POPULAR E ANTROPOLOXÍA DA SAÚDE

ACTAS DO SIMPOSIO INTERNACIONAL EN HOMENAXE A D. ANTONIO FRAGUAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
11 ó 14 DE OUTUBRO DE 1995

Presidente de Honra
ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Coordinador
XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO

CONSELLO DA CULTURA
GALEGA
PONENCIA DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1997

ÍNDICE

PRESENTACIÓN DA HOMENAXE RENDIDA A D. ANTONIO FRAGUAS NO SIMPOSIO *MEDICINA POPULAR E ANTROPOLOXÍA DA SAÚDE*

D. ANTONIO FRAGUAS. PRODUCCIÓN ETNOGRÁFICA E DIMENSIÓN HUMANA

Nado no 1905, pertence D. Antonio a unha xeración de estudiosos da cultura tradicional que viron a luz na primeira década do presente século, entre os que cómpre citar a Fermín Bouza Brey, X. Taboada Chivite, Xaquín Lorenzo Fernández, Ramón Martínez López e Xosé Filgueira Valverde. Todos eles colaboraron no "Seminario de Estudos Galegos" e no seu sucesor, o Instituto de Estudios Galegos "P. Sarmiento", e foron destacados polígrafos que cultivaron a Historia, a Xeografía, a Arqueoloxía, nalgún caso a Literatura e, por suposto, a Etnografía. Baixo as orientacións das grandes figuras da *Xeración Nós* (Risco, Otero, Cuevillas) prestaron en conxunto unha valiosísima contribución á revitalización da nosa cultura e identidade, servindo de ponte entre a tarefa levada a cabo polos escritores do Rexurdimento e os tempos presentes.

En diversos escritos e intervencións ocupeime dos principios que adoptaron e das metas que pretendían alcanza-los etnógrafos galegos da primeira metade do noso século. De todo o dito limitarémonos a destacar, sinteticamente, que a Etnografía por eles cultivada tendía a dous obxectivos primordiais: a recompilación de materiais antes de que desaparecesen -actuando o mesmo que os historiadores documentalistas que poñen testemuños ó servicio da comunidade científica- e a utilización deses materiais para reconstruí-la nosa Historia singular como cultura diferenciada, aínda que enmarcada, dentro dun pensamento histórico-cultural, no conxunto das culturas europeo-atlánticas.

Recompilar e reconstruír eran as dúas inquietudes propias dos etnógrafos antes nomeados, entre eles o noso querido D. Antonio. E precisamente el deixounos un bo feixe de mostras desas inquietudes. Sen ser exclusivamente etnógrafo, dedicou boa parte da súa obra a temas de cultura tradicional; nunha estatística de urxencia, feita para organizar estas liñas e que non aspira a ser exhaustiva, revisamos un total de 68 escritos de D. Antonio e atopámonos con que 32 teñen relación directa coa Etnografía-Folclore. En moitos reflíctese unha das primeiras inquietudes antes enunciadas, a de salva-los datos antes de que vaian desaparecendo. O afán de facilitar materiais inéditos está presente en escritos seus, algúns ben recentes, como o seu libro *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*, onde publica 992 cantigas e composicións poéticas diversas recollidas directamente do pobo na súa terra natal de Cotobade.

Mais D. Antonio non foi un mero colleitador distante de datos illados. Moitas veces xorde nos seus escritos a pluma dun etnógrafo que sabe afinar na descrición etnográfica e logra transmitirlle ó lector unha imaxe completa, detallada, dos feitos que observa ou coñece, e tamén das vivencias que acompañan a todo acto de cultura humana. Resulta reconfortante para calquera antropólogo a lectura, por exemplo, dun artigo seu titulado "Máscaras e sermóns de Entroido en Cotobade", onde nos describe polo miúdo as importantes mascaradas do Entroido cotobadés, así como as escenificacións e literatura con elas relacionadas.

O principio de que a Etnografía serve para anchea-lo coñecemento do pasado levou a D. Antonio a cultivar simultaneamente Arqueoloxía e Etnografía, preocupándose non só por analizar materiais arqueolóxicos, senón tamén recollendo a tradición oral sobre os xacementos que estudiaba. Así sucede, por citar unha mostra, nos seus traballos sobre os castros do Saviñao ou os da comarca de Lugo, nos que se catalogan os xacementos, pero tamén se deixa constancia das lendas que os labregos contan arredor deles.

A temática abarcada por D. Antonio no campo etnográfico é, por outra parte, variada. Festas, romarías, literatura oral, relixiosidade e crenzas desfilan na súa obra de maneira continuada. No que a este Simposio se refire, centrado na medicina, cómpre lembra-las páxinas que lle dedica no seu libro *La Galicia insólita* a temas como o meigallo, a loita contra a esterilidade feminina mediante rituais nos que xoga un papel importante a auga, as prácticas curativas dos chamados "aires" ou do "tangaraño", etc. De todas estas moradas do noso vivir tradicional dá conta precisa D. Antonio cun interese divulgador que é unha prolongación da súa actividade como profesor de Ensino Medio e da Universidade durante moitos anos.

Non é a nosa intención mergullarnos na mesta e rica fraga dos escritos do profesor Fraguas. É de valorar, pola contra, a súa fonda calidade humana, que transcende ó papel impreso. Referímonos a que a obra de D. Antonio resulta ser, basicamente, unha obra sustentada polo agarimo; obra de amor cara á Terra e as xentes, de amor ó obxecto de estudio, e de afecto paciente cara a todos aqueles que, intere-

sados por estes temas, pedimos a súa axuda ou consello. Gracias a el, á súa bondade e á súa dedicación constante, puidéronse levar adiante empresas, non carentes de atrancos e dilacións, como a desenvolvida nos últimos anos pola Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, da que son mostra os sete simposios de Antropoloxía, incluído este que hoxe nos xunta, que tiveron lugar entre 1988 e o presente 1995, primeiro coa súa colaboración e logo baixo a súa presidencia. Neles interviñeron 133 investigadores dos que 75 son galegos, pero tamén 34 doutras Comunidades Autónomas do Estado español e 24 de diversos países, como EEUU, Gran Bretaña, Francia, Bélxica, Portugal, etc. Estableceuse así un diálogo anual entre temas ou enfoques presentes noutras sociedades e os mesmos temas en Galicia, o que supón un esforzo en poucas ocasións igualado dentro e fóra das nosas fronteiras. Precisamente nesta mesma xuntanza facemos presentación oficial das actas dun dos últimos simposios programados, o de "Romarías e Peregrinacións", que irá seguido, despois de supera-los conseguintes atrancos burocráticos, das correspondentes ó simposio sobre tecnoloxía tradicional celebrado en Ourense o ano pasado e, por suposto, das do encontro que agora está a comezar.

Os homes tratamos como podemos, cos nosos erros e coas nosas tachas, de manifestarlle a D. Antonio, erudito e home de ben, o noso agradecemento, tal e como hoxe estamos facendo. Mais estamos seguros que tamén algún día llo premiará Deus e o seu bo amigo o Apóstolo Santiago cun agasallo que os homes non poderemos xamais igualar.

X. M. GONZÁLEZ REBOREDO,
Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG

Presidencia do acto de homenaxe a D. Antonio Fraguas no curso do Simposio. Preside o acto o Excmo. Sr. D. Xosé Filgueira Valverde, Presidente do Consello da Cultura Galega, e, xunto con D. Antonio, sentado á súa esquerda, están os profesores González Pérez, R. Briones e González Reboredo.

CURACIÓNS POR INTERCESIÓN DIVINA NO SÉCULO XIX EN GALICIA SEGUNDO OS EXVOTOS

Xosé Fuentes Alende
Ponencia de Antropoloxía Cultural
Consello da Cultura Galega

A busca da saúde, da curación, era en Galicia, e segue a ser, aínda que menos, unha mestura de prácticas que ían desde as actuacións dos médicos, e mesmo menciñeiros ou curandeiros populares, ás de medicina de tipo natural acompañadas en casos de rituais tidos por supersticiosos, pasando por outras de carácter relixioso, que veñen a ser un complemento ás anteriores, un botar man do alén, da divindade e do seu poder sobrenatural para consegui-lo que os medios naturais non poden solucionar.

Se ben as curacións por medio de menciñeiros e as acollidas a rituais adoitan ter unhas pautas ou uns códigos prefixados en canto ó día e á hora en que han de levarse a cabo, ás persoas intervenientes, ó sitio e ós camiños, ó numero de veces que ha de facerse, ós utensilios que se utilizan, etc., as de carácter relixioso, malia que en ocasións se complementen con estas, adoitan ser espontáneas, feitas no momento do accidente ou no que o afectado, ou os seus familiares e amigos, se atopa sen esperanza de alcanza-la saúde despois de acudir sen éxito ás prácticas anteriores. Esta é unha das características do exvoto: a espontaneidade e o ofrecemento nun momento de perigo.

Nos santuarios galegos atopámonos con multitude de exvotos, sendo a súa variedade moi extensa: desde os en especie, ben o froito do reino vexetal, ben do animal, ás figuras, xa de cera, xa de prata, xa as excepcionais de madeira, e tamén as alusións á morte, na forma de mortallas ou ataúdes, ou á propia enfermidade, como as muletas e as próteses. Sen embargo, non nos achegan dato ningún sobre o motivo da oferta, nin do oferente, nin da data, nin da enfermidade, nin das condi-

cións complementarias da mesma, nin doutras circunstancias de interese, dado o seu carácter de anepigráficos.

É outro tipo de exvotos, os cadros pintados ou votivos -con toda seguridade presentados no santuario a posteriori, é dicir, despois de se produci-lo milagre, cousa que non podemos afirmar, por exemplo, das figuras de cera, que poden ter un carácter precautorio, ofrecidos a priori para previ-lo mal-, o que si nos dá multitude de información, tanto a través da inscrición que figura neles como da propia representación plástica. Respóndennos a unha gran cantidade de interrogantes que nos podemos cuestionar diante deles. Por medio da lenda: quen, cando, onde, por que, a que Virxe ou santo, canto tempo tardou en sandar, que ofreceu, como cumpriu a promesa, etc., etc., ademais doutras que precisan ser complementadas con investigacións fóra do propio exvoto. Polo cadro propiamente dito, ou reproducción plástica do milagre, podemos coñecer: a representación iconográfica da divindade de devoción, a vestimenta dos impetrantes, o mobiliario (camas, mesas, portas, armarios...), ou outros aspectos da cultura material, como barcos, carros, xugos, etc. E, como non, a actitude dos personaxes intervenientes, desde o propio enfermo ou accidentado (plasmado plasticamente na cama dentro do cuarto ou no momento de perigo) ata os familiares que piden por el (coa súa presencia ou non), en actitude primeiro de orantes e logo de cumpri-la promesa feita, de oferentes, diante da imaxe de devoción.

Imos ter en conta na presente exposición tan só o que se nos dá a coñecer pola inscrición, máis ou menos longa e explícita, que neles figura, circunscribíndonos unicamente ó século XIX, que é o período do que se conserva un maior número, aínda que en certas ocasións aludamos a exemplos anteriores ou posteriores.

DATAS

Dos exvotos que ata o de agora temos catalogados do século de referencia, algo máis de sesenta están perfectamente datados en canto ó ano, figurando nalgúns incluso o día e o mes en que o milagre tivo lugar, non constando este dato nos restantes. Non obstante, e a non ser que así apareza na lenda, non podemos asigna-lo feito ó ano consignado, xa que temos que entender este, e en ocasións así consta, como o ano en que fan efectiva a oferta ou cumprimento da promesa.

Polo que respecta á data, podemos situa-lo primeiro dos relativos a enfermidades de persoas no 1821 (do 1811 é o de San Xurxo de Cereixo, na Estrada, pero por sandar dúas vacas) e o último no 1898, estimando unha máis alta concentración no tercio 1845-1874, no que atopamos corenta e catro, dos que tan só catro son motivados por accidentes, entendidos estes como traumáticos e non, como veremos logo, por unha enfermidade física (unha rapaza que caera dun balcón en Viveiro, un rapaz afogado nunha talla na Pastoriza, un atropelo de coche e un pao na cabeza na Escravitude). Dos outros corenta deste período, quince especifican o tipo de enfer-

midade, mentres que os outros vintecinco refírense a ela con adxectivos cualificativos, que veñen a determina-lo seu extremo de gravidade.

O ano ó que máis se lle poden atribuír é o 1845, con cinco (tres na Escravitude, un na Barca e un en Viveiro), seguíndolle con catro o 1853 (todos no santuario padronés), e con tres o 1834, o 1848 e o 1852.

QUEN FAI A PETICIÓN

Un interrogante que se nos presenta á hora de afrontármo-la relixiosidade popular a consecuencia dunha situación crítica é a do grao de dispoñibilidade do enfermo no momento de recoñecerse en perigo de morte e de acudir en último extremo, quizais despois doutras prácticas naturais de tipo medicinal e aínda doutras sobrenaturais de índole pararrelixiosa, a Deus, á Virxe ou a outros santos para consegui-la curación ou salvamento.

Dos setenta e catro casos en que se especifica a persoa ou persoas que fan a petición, trinta e dous manifféstannos que é o propio enfermo quen se pon ó amparo da divindade e fai a oferta correspondente, dos que dezaoito son mulleres e catorce homes (Lám. 1), capítulo este no que temos que incluír outros dous, que consideraremos como colectivos, nos que é o matrimonio o que pide axuda de maneira conxunta (Lám. 2), nun deles con ocasión dun parto xunto cun amigo cura (Lám. 3), e mailo caso da enferma coa súa familia.

Nos que se especifica outro tipo de parentesco, é a nai do enfermo a que aparece máis veces (en doce ocasións soa e nunha coas outras fillas) (Láms. 4, 5, 6 e 11), seguida do matrimonio como pais [en dez sós (Lám. 7) e noutra co home da enferma, é dicir, co seu xenro (Lám. 8)]. Os cónxuxes fano en sete [tres a muller polo home (Lám. 9) e catro o home pola muller (Lám. 10), nunha delas cos fillos]. Consta tamén, e sempre nun só caso, o pai, o fillo máis vello, un tío abade, unha tía, un parente sen especificar en que grao, o xenro, o fillo, fillos ou fillas e ata os alumnos dun profesor pedindo por el.

O que antecede ponnos de resalte que en algo menos da metade, en trinta e cinco casos, intervén o propio afectado, mentres que en trinta e nove son segundas ou terceiras persoas as que piden a curación, como se o enfermo non fose consciente do seu perigo ou se xa non estivese en condicións, dada a gravidade, de facelo, feito este lóxico tendo en conta o avanzado estado da enfermidade e o seu desafiuzamento manifestado en moitos casos.

Tamén nos permite distinguir entre exvotos individuais e colectivos, estes desde dúas persoas [o caso de matrimonios, o propio enfermo e mailo fillo (Lám. 12), dúas fillas], ata un grupo sen especificar número, como é o dos alumnos.

Vemos, pois, que no caso de enfermidades, cando non é o propio enfermo o que pide a intercesión divina, existe unha relación de familiaridade en distintos graos

entre o peticionario e a persoa en perigo e tamén de afectividade, derivada, tal vez, dun bo comportamento como mestre, tanto a nivel humano como de ensinante, como pode se-lo do profesor citado. Sen embargo, atopámonos en Vilaselán (Ribadeo), onde tódolos exvotos pintados obedecen a tempestades e accidentes marítimos, cun caso en que quen pide a Santa María é o capitán do bergantín "Flora Paquita", facendo unha viaxe a Montevideo no 1872, pola tripulación da corveta "Albión", que estaba en perigo de naufraxio, nun tris de ir a pique por mor dun forte vendaval, recorrendo á divindade ante a imposibilidade de valelos por outros medios, nun exemplo de caridade humana e desinteresada (Lám. 18).

Pode presentárseno-la dúbida de se moitas das curacións, tanto producidas por intervencións da divindade, ou relixiosas, como polo sometemento a prácticas de curandeiros ou de menciñeiros, son o efecto dunha autosuxestión, producto dunha actuación do subconsciente, que levaría ó enfermo a considerarse defendido por unha forza superior allea a el e capaz de evita-los seus padecementos. Isto sería aplicable a casos de enfermidades nerviosas ou de feitizos, coma un do século XVIII da Pastoriza, e aínda doutras non tipificadas, pero non naqueles que, como veremos, os médicos, máis ou menos instruídos, interveñen e chegan a cualifica-lo mal co seu nome científico, que en ocasións, como seguen a ser aínda hoxe, eran de difícil curación.

Pero ademais atopámonos con casos de rapaces, nos que a autosuxestión non sería tan doada: o de Gabriela Stolle, de sete anos, en Viveiro, sen sentido despois de caer dun balcón; o do meniño de cinco anos e medio dos Milagres do Monte Medo, que non andaba e sempre estaba enfermo (Lám. 11); e os da Escravitude correspondentes a Cesáreo Seijo, de sete anos, enfermo de gravidade con perigo da vida, Constantino Gantes, de cinco, Manolo Gontán Urruchua, sen especifica-la idade, o mesmo que o de Ramoncito Velasco, Joaquín de Castro, de catro, enfermo durante vintedous meses, María del Carmen Liñares, de tres e medio, cunha nacida nun ollo, e menos aínda Joaquín Martínez, dun mes, coa tose ferina, ou Leopoldo Mosquera Caramelo, de mes e días, desafiuzado cunha bronquite capilar, este xa do 1904.

PETICIÓNS E OFERTAS

Non son moitas as fórmulas explícitas que manifestan a maneira en que o enfermo ou os parentes acoden á divindade para pedi-la curación, fórmulas que se concretan nas seguintes: invocar de todo corazón (Lám. 9), implora-lo auxilio (Láms. 4 e 6), acudir ó auxilio cheo de confianza (Lám. 10), implorar (Láms. 10, 11, 14, 15, 16 e 17) ás veces con moito fervor, encomenda-lo enfermo, ofrecerse (Láms. 1 e 11) ou ofrecelo, invocar, recorrer ó amparo (Lám. 12), constando nun caso que estaba desafiuzado, sen esperanza de vida e sen atopar medicinas, pero que invoca de tódalas maneiras, por se acaso se facía o milagre (Lám. 13).

Son máis variadas as ofertas realizadas que aparecen nas lendas dos cadros, complementándose moitas veces unhas con outras. Atopámonos coas que seguen:

VISITA Ó SANTUARIO

É un ofrecemento habitual o de realiza-la romaxe ou peregrinación en pequena escala obrigada por un motivo concreto (enfermidade ou perigo). Así figura en dez ocasións, nalgunhas sen especificar se o día da romaría ou outro calquera (Lám. 1), promesa que é complementada con esmola, de cera ou expresada dun xeito xenérico, cun becerro, cun cadro (Lám. 6) ou levando outro cura para canta-la misa. Sen embargo, en ningún deles consta o compromiso de iren andando, tal vez por considerar este feito algo xa habitual tendo en conta os medios de transporte da época, como aparece nun da capela da Virxe do Camiño de Muros do século XVIII, que di que os mariñeiros fixeron a romaxe andando e descalzos e así están representados diante do altar maior (Lám 19), nin tampouco o de dar voltas de xeonllos ó santuario, prácticas as dúas moi frecuentes e que se poden ver hoxe en día nas nosas romarías.

PAGAMENTO DE MISAS

É unha promesa aínda habitual nos santuarios galegos, como o son as figuras de cera, pagar misas en agradecemento polos favores recibidos, tamén complementada con outras. As máis son cantadas (unha con doce velas de tres en libra) ou solemnes [co carro e cos bois (Lám. 9) ou con cadro e novenario (Lám. 14)]. Noutras non se especifica que tipo de misa, chegando a aparecer como substituta doutras ofertas sen determinar (Lám. 3), pero si o seu complemento: o cadro, dúas ducias de fogos (oferta pouco habitual), os bois co carro (Lám. 9), un regalo... No de Santa Clara de Pontevedra á Nosa Señora dos Desamparados a misa ha de celebrarse "con Su Majestad expuesto". Ademais das misas illadas, aparecen ofrecidas en conxunto, a maneira de novenario (Lám. 20).

ANIMAIS

Os exvotos en especie seguen a ser frecuentes aínda hoxe nas romarías galegas, principalmente naquelas dedicadas a santos tidos por protectores da facenda, entre os que destacan San Bieito ou San Xurxo, que reciben desde os froitos da terra (patacas, millo, ervellas...) ata animais, ben vivos (polos, xeralmente brancos, coellos...), ben o seu producto (ovos) ou a carne salgada, fundamentalmente de porco, ofrendas que son poxadas ó remate da festa ou o domingo seguinte.

Non é frecuente atopármonos hoxe en día coa oferta de animais considerados como maiores. Si temos constancia destes ofrecementos nos cadros do século XIX. Destacan as reses vacúas: a parella de bois co carro (Lám. 9), en tres casos; a parella de bois sós (Lám. 12), en dous; unha parella de vacas, noutros dous; a vaca co becerro, nun; o becerro só, en dous [nun ha de ser "de oito duros" (Lám. 13) e nou-

tro é ofrecido en proba de recoñecemento]. O cabalar consta en tres ocasións: un cabalo (Lám. 5) en dúas [nunha "de agradecido" (Lám. 10)], e unha mula.

Hai que ter en conta o que estes animais representaban na economía familiar no século pasado para así valorármo-la importancia da oferta e do recoñecemento desta xente á divindade. Iso demóstranos, por unha banda, o alto grao de agradecemento que sentían cara á Virxe ou cara ó santo correspondente polo favor recibido, e, por outra, pode facernos cavilar en se os que tales ofertas facían tiñan un alto poderío económico, principalmente no campo da gandería, polo que o desprendemento dunha res non lle supoñería unha mingua considerable da súa facenda, ou se pola contra eran xentes de estrato social medio-baixo, caso este no que a perda do animal significaría un grave debilitamento da economía familiar. Ben é certo que as ofertas animais, como as outras materiais, poden ser recuperadas polo seu anterior propietario acudindo á súa poxa e conseguindo facerse co remate, caso este no que se transformarían xa en ofertas económicas.

Convén sinalar que os casos tratados aquí de animais ofrecidos como exvoto non obedecen á curación ou salvamento do mesmo animal, senón agradecendo a saúde dunha persoa da familia. Citemos, sen embargo, como exemplo de ofrecemento da res pola súa propia curación o caso de San Xurxo de Cereixo (A Estrada), no que a un labrador da veciña parroquia de Lagartóns, Luis Villaverde, lle enfermaron "y caído muertas", expresión que quere manifesta-lo grao de gravidade, dúas vacas do xugo (nótese que especifica que eran vacas de tiro, para face-lo traballo), polo que lle ofreceu, con moita devoción, a mellor das dúas e mailo seu becerro.

CERA

Malia que as ofrendas de cera son habituais en tódolos santuarios, ben en forma de velas, ben representando a parte do corpo enfermo ou ben o corpo enteiro, consta nos cadros tan só en tres ocasións, como complemento do propio cadro ou doutros ofrecementos. Quizais non consten en máis por consideralos como algo rutineiro ou consubstancial á oferta en si mesma.

De feito, nos tres casos en que se cita non aparece como figuras, con antecedentes xa no século IV e abundantemente presentes nas Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio [imaxes de meniños son ofrecidas pola muller de Zaragoza e pola moura de Borja, ás que lles nacían os fillos mortos, a Salas nas números 118 (Lám. 21) e 167], senón como esmola a secas, quizais como cera en bruto, especificando o seu peso nunha libra, coma na "Cantiga" número 166, ou como velas, no número de doce que han de ser de "tres en libra", non aludindo nunca á súa altura, que habitualmente ha de se-la mesma que a da persoa ofrecida, como mandaba no seu testamento de 1391 María Rodrigues, de Viveiro, a San Andrés de Teixido, ou como fixo o rapaz de Alcaraz, da "Cantiga" número 178, que despois de medir cun cinto a súa mula morta lle ofrece a Santa María de Salas un cirio do mesmo longo.

CADROS

Unha das finalidades do exvoto, ademais de servir como agradecemento á divindade, é a de facer de testemuño do milagre e, pendurado das paredes do santuario, transformarse nun motivo propagandístico de cara ós demais fieis que acoden á romaría, aspecto este no que aparece dirixido tanto ás xentes iletradas, analfabetas, que serían a maioría, e que podían coñece-lo sucedido a través da representación pictórica, como ás máis cultas, que podían enterarse do acaecido por medio da lenda explicativa.

Dada a súa obviedade, tan só aparece no século XIX como ofrecemento explícito en nove ocasións (Láms. 6 e 22), podendo considerar como tal a alusión nunha delas a "este pequeño obsequio" (Lám. 4).

Tendo en conta o gran número de cadros en que non figuran estes como exvoto propiamente dito, cabe pensar se foron ofrecidos como tales e o pintor e calígrafo da lenda non o fixo constar, ou se despois de consegui-lo solicitado acordan, por si mesmos ou aconsellados polo rector do santuario, plasma-lo feito nun lenzo ou nunha táboa, para propaganda da divindade ou para darse a coñecer eles mesmos.

Así, no caso do presbítero Andrés Barcala quen ofrece o cadro despois de alcanza-la saúde é un amigo seu (Lám. 17).

OUTRAS

Unha das maneiras máis frecuentes de honrar á divindade, xunto coas propiamente relixiosas, como as novenas e as misas, rezadas ou cantadas, e as profanas, en forma de verbenas, é a de queimar pólvora botando foguetes, servindo esta manifestación como proba, de cara ós non presentes, ós veciños doutras parroquias, de que ó padrón se lle rende unha boa festa. Nas festas colectivas, nas que corre coa súa organización unha comisión, é esta quen paga os gastos das bombas, mentres que nas que a función é de carácter individual, ou familiar, ofrecida voluntariamente en agradecemento, poñamos por caso a do Santísimo ou a do padrón ou padroa, coma un exvoto máis, é o mesmo funcionista quen se encarga do seu pagamento, sentíndose fachendoso de ser quen máis bombas lle botou ó "santo" e tentando superar ó do ano anterior. Tamén nas procesións de longo percorrido, entre as que sobresaen as de San Roque, moitos fregueses reciben tódolos anos á comitiva e á imaxe cun número determinado de fogos, rendéndolle tributo de gratitude. Sen embargo, malia que é unha maneira habitual de festexar á Virxe ou ó padrón, non o é que conste como exvoto explicitado, figurando como tal nun da Escravitude (Padrón) en forma de dúas ducias de fogos.

A representación da morte, ou da enfermidade, da que se liberou a persoa por mediación divina é outro dos obxectos ofrecidos como exvoto. Así os ataúdes e as mortallas de Santa Marta de Ribarteme, dos Milagres de Amil ou do Nazareno da Pobra do Caramiñal. Nos cadros pintados tan só aparece un caso en que consta o ofrecemento dun hábito na Escravitude.

En sete ocasións figuran outras ofrendas ou esmolas sen especificar, o que non pode significar que nos demais non fosen un elemento complementario do cadro.

OFERTAS CONDICIONADAS

Non son frecuentes as promesas sometidas ó condicionamento de seren cumpridas se a divindade atendía a petición formulada. O máis corrente é que fagan a oferta sen especificar nada, como se estivesen seguros de que conseguIrían o favor divino, nun acto de demostración da fonda fe que posuían.

Nos dous casos en que tal feito aparece a condición é obte-la saúde, nun deles "completa", de maneira absoluta. Estamos diante duns claros exemplos de simonismo, como de querer comprar á divindade, de obrigala a face-lo milagre para consegui-la oferta feita, dun do ut des, douche se me dás, que non é práctica habitual na relixiosidade galega a xulgar polo manifestado nos exvotos pintados.

No primeiro destes casos, José González Vilanova, do Paraíso (Iria Flavia), cunha perna fracturada por pasarlle por riba dela a roda dun carro en 1898, ofreceulle a Nosa Señora da Escravitude o carro e os bois "si obtenía la completa curación" (Lám. 23), oferta que cumpriu en recoñecemento unha vez conseguida.

Datado o cadro en 1904, pero traído aquí pola súa proximidade temporal ó anterior, xa que a promesa é cumprida "después de algún tiempo" de conseguida a saúde, non especifica canto, é o outro exemplo de exvoto condicionado no que Domingo Vázquez, do lugar de Paramuíño, na parroquia de Biduído, lle ofrece á Virxe padroeira desta unha parella de vacas co seu xugo se sandaba a súa muller María Josefa Otero, "gravemente enferma".

Nas Cantigas de Santa María atopámonos cun precedente de oferta condicionada: o tolleito que prometeu, se sandaba, ir tódolos anos a Santa María de Salas e levarlle a libra de cera.

OFERTAS ACOMPAÑADAS DOUTROS RITUAIS

É de sobra sabido que nos santuarios galegos, ou de camiño cara a eles, son realizadas numerosas prácticas complementarias do propio acto relixioso, unhas relacionadas co sagrado, como o tocar con panos a imaxe, ir debaixo desta na procesión ou poxa-las andas, outras de contido máis profano, tachadas aínda como supersticiosas, tales como facer nós nas xestas ou nas follas de millo cando se fai a romaxe a pé (poñamos como exemplo nos Milagres de Amil), botar pan á fonte para saber se a petición vai ser atendida (San Andrés de Teixido), lava-la parte do corpo enferma na fonte (Santa Isabel de Hungría en Silleda) e outras máis.

En canto ó primeiro grupo, é práctica habitual en moitos santuarios a de "impoñe-lo santo", existindo xa con esa finalidade unha imaxe pequena, réplica da que está no altar, que o santeiro ou santeira pon enriba da cabeza dos romeiros ou toca con ela a parte do corpo para a que o santo ou santa é avogoso (Lám. 24), nun claro sinal de sometemento ó amparo do sagrado, como o é tamén ir debaixo da imaxe na

procesión. Malia ser práctica frecuente, nos exvotos do século XIX non consta en ningún, pero si nun de 1784 de San Andrés de Barciela (Santiago de Compostela), que traemos aquí como exemplo dun ritual que tamén se faría no período que nos ocupa, no que un matrimonio de San Mamede de Seavia, da comarca de Bergantiños, tendo o fillo máis vello sen fala e sen esperanza de vida, "ocurrieron al auxilio de esta imagen y poniéndosela encima de su cuerpo" sandou. O texto non nos especifica se era unha imaxe de poñer, de reducidas dimensións, pero máis ben parece referirse á exposta ó culto, malia que a representación plástica nos presenta á familia nunha especie de sancristía, cun cadro ó fondo no que aparece unha "Piedade", coa Virxe recollendo no regazo a Cristo morto.

Polo que respecta ó segundo, os rituais están sumamente ligados ás fontes santas, tan presentes en moitos santuarios ós que incluso deron orixe, unhas veces xa existentes, outras nacidas por intercesión divina, como é o caso do dos Milagres de Amil a pedimento dun arrieiro. Ademais dos xa citados, aparece tamén a inxestión de auga, que producirá efectos curativos polas súas virtudes sagradas que se sobrepoñen ás medicinais provenientes dos seus compoñentes físicos. Documentado atopámolo no que nós consideramos como pseudoexvoto da Escravitude (Lám. 25), datado no ano 1732, no que a un tolleito e hidrópico do Salnés, cando era levado no carro cara ó Hospital de Santiago, se lle antollou beber no manancial que nace á beira do camiño, hoxe estrada, no que século e medio antes, no 1582, o rector da parroquia das Cruces, Juan Pérez Mondragón, mandara poñer unha imaxe da Virxe por salvalo de morrer debaixo dunha árbore que estaban a cortar, e sandou, principiando así o culto. Nos do século XIX consta esta práctica nun da capela da Virxe do Rial, en San Ourente de Entíns (Outes), no que o escribán da xurisdicción de Soneira, enfermo da gorxa desde había sete meses, sen poder tragar, ofreceuse e mandou que lle levasen auga da súa fonte, mellorando no momento en que a bebeu.

EFECTIVIDADE DA PETICIÓN

Aproximadamente a metade dos cadros non nos manifestan o tempo que tardou en realizarse a curación, limitándose unicamente a confirma-lo feito, coas seguintes expresións: recobrou ou cobrou a saúde (Láms. 1 e 7), en vintesete casos; alcanzou a saúde, en dous (Lám. 8); concedeulla, noutros dous; volveulla e conseguiuna, nun, e despachou a súa petición, noutro.

Na outra metade, pola contra, díseno-la efectividade temporal da petición, tendo que considera-la maioría como de actuación da divindade de xeito inmediato, segundo se desprende da inscrición: "ó punto" (Láms. 2, 3 e 6) e "ó momento" (Lám. 4), en seis casos cada unha, nun "siendo la petición tan eficaz"; "instantáneamente" e "ó instante", en dous; e "logo de", en catro; desde aquel momento (Lám. 14), "inmeditamente", "ó pronto", "en breves momentos", e "moi logo" (Lám. 10),

nun cada fórmula. Caso raro é o do rapaz dos Milagres do Monte Medo, que non empeza a andar ata que a nai cumpre a promesa (Lám. 11).

Ademais destes exemplos en que se obra o milagre de maneira inmediata, e doutro caso en que podemos estimalo como a curto prazo, xa que se realiza antes de remata-lo día, atopámonos con outros en que a efectividade se plasma nun tempo algo máis longo: ós poucos ou breves días (Lám. 5), en seis ocasións; ós oito días, en dúas, nunha caéndolle ósos da cara (Lám. 16); ó segundo día expulsou un vulto e ó terceiro recobrou a saúde, nunha, e despois dalgún tempo, noutra.

MOTIVOS POLOS QUE SE FAI A PETICIÓN

Deixando a un lado os milagres acaecidos no mar por mor de naufraxios, de tempestades, de ataques de mouros ou herexes, concentrados maiormente nos santuarios de Santa María de Vilaselán (Ribadeo) (Lám. 18) e de Nosa Señora da Pastoriza (Arteixo) (Lám. 26), ademais dos dous do da Virxe do Camiño de Muros (Lám. 19), e tendo en conta o tema que nos ocupa, que non é outro que o das curacións dunha enfermidade, atopámonos que nos máis dos casos esta aparece sen especifica-lo seu nome e sen sequera indica-la súa localización corporal, limitándose a información ó seu grao de gravidade. Dos trinta e catro casos en que isto é manifestado, en vintetrés consta como grave; en catro, como perigosa; en dous, como gran ou grande; nun, como gravosa, como de grandes dores, como forte, como bastante enferma e como en perigo de morte ou ás portas da morte (Lám. 5). Ás veces a enfermidade grave aparece complicada con outras tribulacións ou con outros achaques.

É lóxico que a enfermidade figure dun xeito xenérico, tal vez pola dificultade dos médicos para diagnosticala e tipificala. Cando se especifica, sobresaen as febres [en catro ocasións sen cualificativo (Lám. 5), a non se-lo de maligna (Lám. 4), e en tres tipificada como nerviosa], seguidas polos partos (Lám. 3) con catro exemplos (algúns complicados, como o foi tamén o da Pastoriza no 1724, no que a parturiente sufriu trece accidentes mortais), e polos problemas óseos [un caso de reumatismo, un de tolleito, un que non pode moverse, un rapaz que non andaba (Lám. 11), o da perna fracturada citado e o dunha man que non podía mover], así como os dous casos de enfermidades ou dores de nervios (Láms. 12 e 14).

Aparece logo o "garrotillo" (Lám. 7), en dúas ocasións, unha especie de difteria grave ou a xeito de anxina maligna que acostumaba produci-la morte por sufocación. Tamén os *sirios* (Lám. 20), *cirios* ou cirros, tumores duros, sen dor continuada e de natureza particular, que se forman en diferentes partes do corpo, outras dúas veces, nunha delas cualificado como gran tumor no peito que os médicos coidaron que era un cancro (Lám. 1); outras dúas veces son accidentes, un deles durante vintesete horas, entendidos como unha indisposición que sobrevén de maneira

repentina e priva do sentido, do movemento ou de ámbalas dúas cousas ó mesmo tempo, unha especie de epilepsia (nun caso a enferma aparece caída fóra da cama, no chan, como con tódolos membros tesos ou ríxidos). Logo, e xa cun só caso, o cólera morbo (Lám. 9), a gangrena na cara (Lám. 16), a tose ferina, a cegueira, unha nacida (nacencia ou landra, vulto ou tumor que sen causa manifesta nace en calquera parte do corpo), neste caso nun ollo e producida por unha picadura dunha mosca, a rotura (Lám. 15) (tal vez entendida máis como quebradura ou hernia que como fractura ósea), un cólico que resultou ser un vulto no ventre. Citemos tamén, malia que sexa xa do 1904, pola súa gravidade, o caso de bronquite capilar nun rapaz. E despois, ademais dos accidentes marítimos, outros traumáticos, coma o do golpe na cabeza por un pao, o atropelo dun coche, a caída desde un balcón ou a inmersión nunha talla de auga co conseguinte afogamento.

É de salientar, sen embargo, que, malia a súa abundancia, non apareza no século XIX ningún caso de vexigas ou variola, estando os dous únicos exemplos datados no século anterior, nin de hemorraxias, ou fluxos de sangue, habituais nos partos, das que só temos un exemplo na Pastoriza, pero datado no 1717.

INTERVENCIÓNS DOS MÉDICOS E EFECTOS DA PETICIÓN

A pesar de que nas máis das lendas explicativas dos exvotos non adoita consta-la asistencia á consulta dos médicos antes de recorrer á divindade, é posible que así o fixesen, principalmente nos casos en que económica e xeograficamente lles era posible, xa que en dezasete exemplos do século XIX alúdese ó labor dos facultativos.

Sen embargo, nas máis das veces en que se testemuña o sometemento ós criterios médicos non se especifica de maneira clara os métodos seguidos para alcanzala curación e tan só se limitan a dicírno-lo dictame e consello no curso final da enfermidade, desafiuzándoos (Láms. 4 e 9) e, de acordo co mandato da relixión cristiá, mandando administralos (Lám. 6), é dicir, que lles impuxesen a Extrema Unción.

É tamén de salienta-lo feito de que en moitas ocasións sexa máis dun o médico que atende ó enfermo, pois refírense a eles en plural, sen que poidamos saber se o facían de maneira individual, buscando o acerto nunha consulta detrás da outra, ou se estudiaban o caso de xeito colectivo, formando un equipo.

Así, os médicos desafiuzaron a Agustín de Tembra, de Dodro, que padecía en 1821 unha grande enfermidade, sen esperanza de vida e sen encontrar medicina no Reino nin fóra del, tendo perdidos tódolos azos de poder vivir; o mesmo fixeron co presbítero compostelano Andrés Barcala, en 1831 (Lám. 17), gravemente enfermo, con Josefa Tubío, de Iria Flavia, prostrada na cama cunha enfermidade moi perigosa, en 1840, co rapaz Joaquín de Castro, de Padrón, enfermo sen alivio durante vin-

tedous meses, segundo o diagnóstico de tódolos facultativos, ou con Teresa Grela, no ano 1845, todos na Escravitude; no ofrecido a Nosa Señora dos Desamparados do convento de Santa Clara de Pontevedra, do 1848, Josefa Crespo é desafiuzada polos catro facultativos que a atendían, o mesmo que Isabel Leyra por tódolos médicos na Pastoriza, despois de tres anos cunha gravísima enfermidade. Nos casos de febre tachada de maligna, que fixo tantas víctimas, segundo o exvoto de 1853, ano en que o matrimonio vai da-las gracias, os facultativos mandan administrarlle os Sacramentos a José Pimentel Aller, catro días despois de que a súa muller parise un rapaz, tendo ela que erguerse da cama para consolalo e previlo porque ninguén se atrevía a dicirllo, e desafiuzaron así mesmo a Agustín Souto Socastro, no 1893. Tamén a José Carlés, de San Xián de Requeixo, gravemente enfermo e asaltado polo cólera, tipificada como morbo, e sen esperanza de vida, no 1854.

É nos casos de parto onde se especifica unha maior actividade práctica dos médicos, xa que non só se limitan a diagnosticar dentro das súas posibilidades, senón que se ven obrigados a intervir dunha maneira máis ou menos activa e incluso dun xeito colectivo.

Temos tres exemplos na Escravitude. Nun deles tres facultativos, dos máis acreditados segundo nos di a lenda, non atoparon recurso para quitarlle a criatura e librar a Josefa de la Iglesia, de Santiago, que principiou a te-las dores de parto o 31 de decembro de 1847, polo que mandaron administrala, parindo ben cinco días despois un rapaz, coa protección da Virxe, á que implorara co seu home e cun amigo cura.

En 1862, Amalia Rey, natural de Santiago, é asistida por dous facultativos cando se encontraba aflixida nun perigoso parto e sen esperanza de dar a luz, e pariu, co auxilio da Soberana, un neno vivo, cando se consideraba morto.

Caso máis complexo é o acaecido a Ramona Crespo, de Santa María das Cruces, en 1865, que trouxo felizmente ó mundo unha rapaza pero que logo perdeu todo o ánimo. Recoñecida polo facultativo, resultou que aínda tiña outra no ventre, véndose obrigado a operar con todo coidado e esmero, pero sen conseguir quitala viva. Non se nos especifica que tipo de operación fixo o médico nin onde a realizou, polo que non podemos saber se foi unha cesárea ou unha ampla apertura vaxinal e se o parto tiña lugar na propia casa, o que sería máis habitual na época, ou nun centro sanitario.

Atopámonos en 1869 cun caso de intento de anatomía patolóxica. A Gabriel Durán apareceulle unha enfermidade que era descoñecida para os médicos, pensaban que sería un cólico, estivo quince días cheo de dor sen que os medicamentos receitados producisen efecto. Despois de que a súa muller o ofrecese á Virxe da Escravitude expulsou do ventre un vulto carnoso e petrificado, que foi analizado polos facultativos, sen así podelo clasificar, dándolle catro cortes cun coitelo a golpe de martelo.

Un dos casos de cancro aparece documentado nun exvoto de Santa Minia (Brión), datado no 1863. Tomasa Landeira, veciña de Santiago, viña padecendo

desde había oito anos fortes dores producidas por un gran tumor que se lle presentara no peito. Os médicos que chamaron para atendela diagnosticaron que a doenza era un *cirio* ou cancro, pero non consta que a desafiuzasen, ó mellor por adiantarse ela a encomendarse á santa.

O canteiro veciño de Troáns (Cuntis) Manuel Billar padecía unha gangrena na cara e fora desafiuzado polos médicos, que ademais de tratalo diagnosticaron a enfermidade sen poder atacala, en 1861. Logo de impetrar á Virxe da Escravitude e ós oito días de ofrece-lo cadro exvoto e mais unha misa saíronlle do rostro algúns ósos e quedou san (Lám. 16).

Tal vez cerca do 1865, xa que na festa dese ano, o oito de setembro, presentou a oferta, atopámonos coa intervención de médicos cubanos e galegos na persoa de José Pérez Lorenzo, de Santa María dos Ánxeles, emigrante na illa de Cuba, onde foi atacado por unha enfermidade nerviosa (Lám. 12). Os facultativos esgotaron tódolos recursos da ciencia sen resultado positivo, polo que lle aconsellaron volver a Galicia, "a súa patria", onde foi desafiuzado polos mellores médicos, seguramente de Santiago.

PROCEDENCIA DOS EXVOTOS

Unha das características dos exvotos galegos é que nos dean a maior información posible, información que inclúe o lugar de residencia dos ofertantes. Sen embargo, non en tódolos casos se nos manifesta este dato, xa que na Escravitude omítese en vintecatro ocasións, en Santa Minia en tres dos catro existentes, e tamén no de Santa Clara de Pontevedra, no da Barca (Muxía), no do Covelo e nun dos dous decimonónicos do Monte Medo.

A presencia na inscrición deste dato permítenos coñece-lo radio de acción do santuario en canto á devoción se refire, se nos atrevemos a extrapolar a ela a presencia de exvotos pintados. Así, dos trinta e tres casos da Escravitude nos que consta a procedencia dos devotos, un bloque conformado por trece pertence á cidade de Santiago, mostra do amplo arraigamento que o santuario tiña no século XIX no núcleo urbano, motivado, sen dúbida, pola súa proximidade, mentres que os vinte restantes pertencen a localidades rurais espalladas por parroquias lindeiras ou máis ou menos próximas á das Cruces, na que está situado o santuario. Destaca con tres casos a parroquia de Santa María de Iria Flavia, do concello padronés (un do lugar de Paraíso, outro do lugar de Pazos e un sen especificar), e con dous San Xián de Bastavales (Brión), Padrón, podendo entender por tal a vila, e a propia parroquia das Cruces. O resto de localidades teñen un só exemplo: Santa María de Dodro - cabeceira do concello do mesmo nome, á que llo adxudicamos por proximidade xeográfica malia que exista outra coa mesma denominación en Arzúa-, San Mamede de Rois, San Lourenzo de Seira (Rois), Santa María de Lampai (Teo), Santa

María dos Anxos (Brión) e Santa María de Isorna (Rianxo), todas na provincia da Coruña. Cinco pertencen á de Pontevedra: tres de Pontecesures (así figura nun de 1834 e nos outros dous como San Xián de Requeixo, a súa antiga denominación), un de Santa Mariña de Carracedo (Caldas de Reis) e un de Santa María de Troáns (Cuntis), sendo este o punto de influencia máis afastado.

Dos tres decimonónicos nos que consta a procedencia en Nosa Señora da Pastoriza, no que se refire á curación de enfermidades, un vén da cidade da Coruña, próxima ó santuario, e os outros dous de Pontedeume e de Betanzos.

Os dous de Santa María de Biduído, no concello de Ames (un de 1904), proceden de lugares pertencentes á propia parroquia, Souto e Paramuíño, o que indica unha devoción de carácter moi local. Un de Santa Minia de Brión foi ofrecido por unha veciña de Santiago e o de San Andrés de Barciela (Santiago) por un matrimonio de San Mamede de Seavia, no concello brigantino de Coristanco. Naturais de Santiago son tamén os pais que piden pola súa filla ó Ecce Homo venerado na capela da Misericordia de Viveiro, vila onde residían. Desde Cacabelos, no Bierzo, pídelle a Nosa Señora dos Milagres do Monte Medo Ildefonsa Gutiérrez, "pasiega de nacimiento".

Todo o que antecede, e se consideramos que o ofrecemento deste tipo de exvotos vai parello co doutros, e aínda con outra caste de prácticas relixiosas, consideradas ás veces como supersticiosas, demóstranos que non é a xente do medio rural a única en levar a cabo estes rituais, e, pola contra, que tamén están enraizadas na propia cidade, como poden se-los casos abundantes de Santiago e, en menor medida, dado o seu menor número, da Coruña.

PROFESIÓNS DOS OFERENTES

É este un dato que tan só aparece nunha ducia de casos e que sería importante coñecer para sabérmo-la extracción social das persoas que ofrecen esta clase de exvotos, máis caros cós de cera, e máis aínda se temos en conta que moitos deles levan consigo outro tipo de ofertas, ás veces de alto valor.

Coñecérmo-la profesión permitiríanos tamén adscribilos a unha determinada clase social ou consideralos como un feito xeneralizado. Polos casos en que consta podemos atribuílos a un extracto alto, agás os exemplos dun canteiro e dun posible carreteiro, ademais do labrador, así figura, de San Xurxo de Cereixo citado e non computado aquí. Non obstante, este é un dato que tan só, se cadra, os arquivos nos poden facilitar no futuro.

Polo momento, dos doce casos en que figura, catro corresponden a persoas relacionadas directamente coa relixión cristiá: dous curas (un por si mesmo e outro amigo da familia), un presbítero, Andrés Barcala [pintado en Santiago en 1831 por Dugué, quizais o Antonio Duguet tío de Jenaro Pérez Villaamil, un dos poucos asi-

nados (Lám. 17)], e un abade, tío da enferma. Con ela cabe tamén relacionar ó axudante maior do provisor de Santiago, Alonso Pérez. Temos logo os casos dun doutor, coidamos que en medicina, Ramón Stolle, e do escribán da Súa Maxestade e de Número na Xurisdicción de Soneira, Domingo Antonio López de Miranda. E tamén ós pais de Manuel Louzao, estudiante de quinto curso en Santiago, e ós discípulos do profesor José Castro Agudín, preceptor de Gramática Latina en Padrón, casos ambos que nos poden facer pensar nunha boa situación económica. Como tamén pode se-lo de José Pérez Lorenzo, de Santa María dos Anxos, emigrante en Cuba, onde foi tratado por facultativos e de volta á casa polos mellores médicos.

Ademais dos casos que anteceden e que nos poden indicar unha boa posición económica, atopámonos con outro posible indicador, presente nalgúns dos cadros, como é o cualificativo de "Don" ou "Dona". Referíndonos sempre ós do século XIX e ós que obedecen a curacións de enfermidades, na Escravitude aparece tamén en dezasete ocasións: o matrimonio, en catro; os pais e mailo fillo, nunha; o enfermo e a tía, noutra; de maneira individual, en dez; e nunha precedendo ó diminutivo do rapaz enfermo, como é o caso de Don Ramoncito Velasco. Nos de Santa Minia aparece dúas veces, unha delas o da enferma procedente de Santiago. Tamén no do matrimonio brigantino en San Andrés de Barciela, en dous do Monte Medo (nun o home e a muller), e nun da Pastoriza, que ademais posiblemente leve engadido o apelido do marido ("Dª María Estrella Alfonso de Páez"), e nun dos da Barca.

Estes son, pois, os aspectos máis salientables que podemos coñecer dun feito relixioso motivado por unha enfermidade e a súa posterior curación despois de acudiren á intercesión divina, aspectos extraídos da lenda explicativa do milagre que nos permiten sabermos algo máis da sociedade galega decimonónica e que poden ser complementados no material ou etnográfico con outros tomados da representación plástica e que nos amosan como vestían, como era a moblaxe, as portas e ventás, os cadros que tiñan nos cuartos, a actitude tomada á hora de facela petición, etc. Unha pintura inxenua ou *naïf*, carente de perspectiva, pero mostra dunha arte popular existente en Galicia porque o pobo a necesitaba e que cumpre unha finalidade: agradece-la curación e servir de constancia e de propaganda do feito relixioso.

Lám. 1.
Santa Minia
(Brión)
A Coruña)

Lám. 2.
Santa Minia
(Brión)
A Coruña)

Lám. 3.
A Escravitude
(As Cruces–Padrón)
A Coruña

Lám. 4.
A Escravitude
(As Cruces–Padrón
A Coruña

Lám. 5.
A Escravitude (As
Cruces–Padrón)
A Coruña

Lám. 6.
A Escravitude (As
Cruces–Padrón)
A Coruña

Lám. 7.
A Escravitude (As Cruces–Padrón
A Coruña

Lám. 8.
A Escravitude (As Cruces–Padrón)
A Coruña



Lám. 9.
A Escravitude (As Cruces–Padrón
A Coruña

Lám. 10.
A Escravitude (As Cruces–Padrón
A Coruña

Lám. 11.
Os Milagres do Monte Medo (Maceda)
Ourense



Lám. 12.
A Escravitude (As Cruces–Padrón)
A Coruña

Lám. 13.
A Escravitude (As Cruces–Padrón)
A Coruña

Lám. 14.
A Escravitude (As Cruces–Padrón)
A Coruña

Lám. 15.
Santa Minia (Brión)
A Coruña

Lám. 16.
A Escravitude (As Cruces–Padrón)
A Coruña



Lám. 17.
A Escravitude (As Cruces–Padrón)
A Coruña



Lám. 18.
Santa María de Vilaselán (Ribadeo)
Lugo



Lám. 19.
A Virxe do Camiño
(Muros)
A Coruña

Lám. 20.
A Escravitude (As
Cruces–Padrón)
A Coruña



Lám. 21.
Ilustración da
"Cantiga" núm. 118,
de Afonso X

Lám. 22.
Santa Minia (Brión)
A Coruña

Lám. 23.
A Escravitude (As Cruces–Padrón)
A Coruña

Lám.24.
Impondo o santo en
San Domingos
(Xirazga–Beariz)
Ourense



Lám. 25.
A Escravitude (As
Cruces–Padrón)
A Coruña

Lám. 26.
A Pastoriza (Arteixo)
A Coruña

AS FONTES SAGRADAS E AS AUGAS SANTAS. ACHEGAMENTO Á AUGA COMO AXENTE DE SAÚDE

Clodio González Pérez
Membro da Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG
Museo do Pobo Galego

Cando remataba o verán estiven en Ourense. Fun ata as Burgas, por aquilo de que os meus fillos pequenos comprobasen unha vez máis ese fenómeno da natureza tan estraño de que a auga saia fervendo, e non fresquiña coma nas demais fontes.

Coincidimos cunha excursión de persoas "da terceira idade", que ó baixar dos autobuses o primeiro que fixeron foi molla-las mans –en particular na fonte do medio, ó decatarse de que é a máis morna– e refrega-la cara, os brazos, as pernas... algúns tamén se descalzaron para molla-los pés... Comportábanse de xeito semellante a se estivesen no manancial dun concorrido santuario: Teixido, A Franqueira, Entíns, Amil, Augasantas, A Escravitude... e moitos máis, porque poucas son as nosas ermidas montesías que non contan ó lado coa súa fonte milagreira, xurdida gracias ós poderes sobrenaturais do santo ou da santa que alí se venera.

A auga, aínda que sexa abundante como sucede aquí en Galicia, sempre se considerou como algo especial, como un don divino, só a súa presencia xa é símbolo de vida, pois sen ela non é posible estar sobre a terra. A mostra témola mesmo cos santuarios modernos máis concorridos, que tamén contan coa súa fonte, como o de Lourdes, onde na mesma cova da aparición verte abundante auga un manancial, á que se lle atribúen poderes curativos especiais. Todos cantos acoden a este santua-

rio francés non deixan de beber uns groliños da súa auga, ou mesmo traela para a casa ou como agasallo para algún familiar ou amigo.

Non sabían aquelas persoas maiores que as Burgas tamén foran *santas*, pero non para o cristianismo que, inexplicablemente, nunca chegou a santificalas –que nós saibamos–, quizais por ser moita cantidade de auga, e tamén porque non lonxe hai outras fontes de semellantes características –aínda que non tan quentes–, como as de Laias (concello de Cenlle), na mesma beira do río Miño, que aínda se seguen utilizando para baños, e de par das que foi construída a igrexa parroquial baixo a advocación de Santa Baia, o que amosa a súa antigüidade[1].

A auga, sexa de fonte santa ou, sen selo, quente ou morna con certas propiedades curativas, foi, é e seguirá sendo un importante axente de saúde, coa que o ser humano vén procurando cura-las doenzas físicas ou botar fóra de si aquilo que lle causa o mal, como sucede nos casos en que no canto de beber non se fai máis que mollar un pano, limpa-la parte enferma e logo deixalo alí, para que con el quede tamén o mal. Son varios os santuarios onde aínda se practica este ritual, caracterízanse por haber moitos panos nas silveiras do arredor, que van deixando os devotos, na firme crenza que tamén deixan o mal. Un deles é o da Madalena de Ribasieira, no concello do Porto do Son.

Sen auga non é posible a vida, por algo é o *sangue da terra*, segundo a vella crenza mantida ata o día de hoxe polos nosos campesiños, que son os que mellor saben da súa importancia[2].

CLASES DE AUGAS

A primeira clasificación que debemos facer é atendendo á procedencia:

a. De fonte, cando é naquel lugar ou non moi lonxe onde flúe, de xeito natural ou con intervención humana (entre unhas rochas ou por medio dunha mina).

1. Ó levarse a cabo o encoro de Castrelo de Miño tiveron que proceder a canaliza-lo manacial porque quedaba asolagado. A igrexa foi abandonada, pero séguese conservando en relativo bo estado. Construíuse outra na mesma beirarrúa da estrada de Ourense a Vigo. Para algúns historiadores esta poboación podería se-lo concello de *Lais*, que estaba na ribeira do Miño, do que o historiador Idacio refire que apareceran varios peixes con signos misteriosos. Non moi lonxe queda San Cibrao de Las (San Amaro), importante acrópole galaico-romana, que tamén se tentou identificar con *Lais*. Agora coñécese o seu verdadeiro nome: *Lansbrica*.

2. Xa figura nun libro do século XVIII, impreso en Santiago de Compostela, como expresión que din os galegos: *Tratado de las fuentes intermitentes y de la causa de sus fluxos, y supresiones: de la naturaleza, y uso de el siphon, o cantimplora: Y si este tuvo parte en el artificio de los organos Hydraulicos, y en los Oráculos de la gentilidad. Diálogo entre el Doctor D. Pedro A., y el Lic. D. Juan B. Escrito por un Monge de la Congregación de S. Benito de Valladoliz, con licencia en Santiago por Ignacio Aguayo. año de 1781*, p. 120.

b. De río, podendo proceder de moi lonxe. Cómpre ter en conta que aínda sendo na mesma corrente, as propiedades curativas ou máxico-relixiosas dependen da zona. As augas dos ríos cando interveñen case sempre o adoitan facer como as que levan o mal, non para beber nin bañarse. Caso especial é o do bautismo prenatal, intervén o río e a auga, pero nun lugar onde hai unha ponte (canto máis vella, mellor).
c. Do mar. A principal característica é a de ser salgada e, polo mesmo, non apta para beber. Tradicionalmente os cerimoniais están vinculados cos baños propiciatorios da fecundidade, que teñen lugar en determinadas praias, aínda que, segundo parece, en tempos tamén era boa para cura-la rabia, como di o poeta Xoán Rodríguez do Padrón (s. XV):

> No cesando de rabiar
> no digo si por amores,
> no valen saludadores
> ni las aguas de la mar[3].

d. De lagos ou lagoas. Adoitan carecer de propiedades curativas. O máis interesante son as lendas de vilas e cidades que están asolagadas neles (como, por exemplo, O Lago, en terras do Carballiño).
e. Segue a procedente da chuvia, que queda depositada nalgunha focha, sartego ou noutro tipo de recipiente, natural ou artificial, adquirindo entón certas propiedades debido ó lugar onde se atopa: sobre unha rocha ou penedo, no alto dun monte, preto dunha capela, etc.

A seguinte clasificación pode ser de acordo coas propiedades:

a. Curativas, por conter minerais ou substancias terapéuticas: Caldas de Partovia (O Carballiño), Mondariz, Sousas, Cabreiroá e Fontenova (Verín), Laias (Cenlle), as Burgas de Ourense, Caldas de Reis, Cuntis, A Toxa, Carballo...
Pola súa vez estas cómpre volvelas clasificar, tendo en conta se son para beber ou para bañarse. Polo xeral as primeiras adoitan ser frías e as segundas quentes, aínda que se pode da-lo caso de que se utilicen dos dous xeitos.
b. Carentes de propiedades mineromedicinais, pero que se consideren popularmente boas para certas doenzas. A estas pertencen a maioría das dos santuarios; a curación, beneficios salutíferos que producen, etc. son debidos á intercesión do santo e non á composición da auga en si.

3. Citado por TABOADA CHIVITE, J.: *Ritos y creencias gallegas.* A Coruña, 1980, p. 20.

A orixe destas fontes é moi diversa: dende as que se conta que foi porque se apareceu alí un santo ou unha santa (a que deita na cova de Lourdes), ata aquelas en que bebeu daquela auga a propia Virxe, como a da capela de Coeses, no concello de Lugo:

> Siendo yo niño, estuve en aquella fiesta, y viendo la cantidad de gente que acudía a beber a un riachuelo que pasa cerca de la capilla, también yo bajé allí, donde me enseñaron un pequeño hoyo a la orilla, en donde recogen agua, no solo para beber en el acto, sino para guardar en botellas y llevarla a sus casas, como milagrosa para la curación de diversas enfermedades[4].

Sen esquecerse que, ás veces, non é por obrar algún milagre alí o santo, senón por "reverencia" a que bebeu e se lavou nela. Así sucedía no século XVI coa que deita por debaixo da capela do Santiaguiño do Monte (Padrón), como deixou dito Ambrosio de Morales y Oliva, que estivo en Galicia de xuño de 1572 a febreiro do ano seguinte:

> Subiendo por la montaña a media ladera está una iglesia donde dicen oraba el Apóstol y decía misa, y debajo del altar mayor sale afuera de la iglesia una fuente con gran golpe de agua, la más fría y delicada que yo vi en toda Galicia. Allí beben y se lavan los Peregrinos en reverencia por haber bebido y lavádose el Santo Apóstol con ella....[5]

Hai documentos anteriores con alusións á fonte, así, por exemplo, o ano 1477 Tereixa Martiz, viúva do rico comerciante e "cambeador" compostelán García Rodríguez, decidiu retirarse a este lugar como "yrmitaa da hermita da fonte de Santiago que he acerca da vila de Padrón"[6]. Actualmente os romeiros seguen practicando o mesmo ritual.

c. Logo están aquelas augas que non posúen de por si ningunha propiedade, pero que a adquiren ó depositalas nun determinado sitio, como sucede coa que botan no sartego de Trasmonte (Friol), estudiado por Fidalgo Santamariña[7].
d. Caso á parte é o daquelas augas que contan con propiedades especiais, non por elas, senón por ser elemento fundamental do cerimonial relixioso, como

4. RODRÍGUEZ LÓPEZ, J.: *Supersticiones en Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo, Ed. Celta, 1974, p. 132.
5. *Viaje de Ambrosio de Morales...* (Madrid, 1765). Dende aquela a capela sufriu varias reformas. Agora a fonte non deita por debaixo do altar senón da entrada, pois o edificio conta con tres portas: a antiga, que viña a se-la principal cando o altar quedaba sobre o manancial, con brasón no lintel; a da fachada, coroada por unha espadana cunha campá, que ten sobre a porta un relevo no que se representa a Santiago bautizando a unha moza; e, por último, unha lateral protexida con soportal, que actualmente é a principal, fronte á que está o altar de Santiago.
6. *Tumbo de Iria* e tamén *Tumbo G* da catedral compostelá.
7. "Prácticas 'supersticiosas' en el tratamiento de las enfermedades en la Galicia rural: análisis del 'sartego' de Trasmonte". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. XXXII, (1981), pp. 307-327.

pasa coa bendita e coa do bautismo[8]. En particular a primeira intervén en varios ritos tradicionais curativos, con ou sen consentimento da igrexa. Como, por exemplo, para botar fóra o aire de envexa e de excomungado:

Sobre unas brasas echan: incienso, agua bendita, aceite de lámpara del Santísimo, tres dientes de ajo, nueve de laurel, nueve de "trobisco", y hierbas de la noche de San Juan y, al salir el humo, pasan la criatura por encima, recitando al mismo tiempo el siguiente ensalmo:

Yo corto el codo,
el malo aire,
toda la mala Envidia,
todo el mal que aquí había.
Si es por hombre
por mujer
o por Excomulgado,
vete al infierno.
Con la gracia de Dios
y de la Virgen María,
un Padre nuestro
y un Ave María.

Esto se hace durante tres días seguidos[9].

Aínda é posible facer outra clasificación, agora tendo en conta a súa función:

a) O máis corrente é bebela, en particular cando se trata de doenzas interiores do organismo, que carecen de síntomas ou sinais externos. Tanto se beben as procedentes dos balnearios (con propiedades mineromedicinais) como as das *fontes santas* (con propiedades máxico-relixiosas).
b) Para bañar todo ou parte do corpo ou lavar só a parte enferma. Acontece o mesmo que para coas de beber: tanto se usan as propiamente minerais como as das *fontes santas*. Ademais están os baños con auga do mar, en xeral para propicia-la fecundación das mulleres.

8. Sobre as augas bautismais e as augas amnióticas pódese consultar un interesante traballo de Ángel AGUIRRE BAZTÁN, que empeza con estas verbas: El agua representa el origen de la vida. Después de nueve meses de gestación en el amnios de la madre, se "rompen" las aguas y aparecemos a la luz a través del llamado "trauma del nacimiento".
Fuera, nos espera otra madre (la iglesia o la secta) para recordarnos que biológicamente nacemos para la muerte y que tenemos que sumergirnos en un nuevo líquido amniótico cultural (las aguas bautismales) para volver a nacer a una vida que nos lleva a la vida eterna... ("Aguas Amnióticas y aguas bautismales" El agua. Mitos, ritos y realidades. Anthropos-Diputación de Granada, 1995, p. 25).
9. LIS QUIBÉN, V.: La medicina popular en Galicia. Pontevedra, 1949, pp. 63-64.

c) Queda, por último, cando a auga intervén como un axente secundario pero imprescindible, que pode ser por onde se vaia a enfermidade. Este é o caso do ritual que se fai para a curación da ictericia:

Va el paciente acompañado de otra persoa, a donde haya un cruce de aguas; en él se mete descalzo, llevando las manos a la espalda y formando una cruz con los dedos pulgares. En esta posición el que le acompaña dice:

Eteriza cocheiriza;
negra, blanca, amarela, encarnada,
de calquer color que sea.
¡Maldita sea!
Vai polo río abaixo,
e ti limpo (ou limpa) quedas.
Polo poder de Jesús
e da Virxen María.

Repiten tres veces esta oración y echan agua del río en la cruz que forman los pulgares, después de rezar tres veces un Padre Nuestro y un Ave María[10].

E xa para rematar, tamén se pode pensar noutro tipo de clasificación atendendo neste caso ós suxeitos que reciben os seus beneficios:

As augas máis abundantes son as destinadas ás persoas (maiores e nenos), pero hainas que curan doenzas de animais (en particular domésticos). Outras propician as colleitas: mollando a semente antes de botala, bendicindo con ela as leiras, etc. As máis escasas son as que posúen a propiedade especial de mellora-los alimentos, como a da fonte de San Vicenzo de Augasantas (Rois), que se botaba no pan ó cocer para que soubese mellor.

DENDE A ANTIGÜIDADE

As primeiras mostras arqueolóxicas da crenza nas virtudes das augas son de época romana, pois o mellor testemuño son as aras que levan aparecido nos mananciais. Pero, de seguro, cando eles chegaron aquí xa os nosos devanceiros sabían das máis das fontes, en particular daquelas que a súa auga non é coma a das demais: quente ou morna, de cheiro desagradable, que a cor non é a normal... Entre todas elas non hai dúbida que as máis estimadas deberon se-las *caldas*, porque aínda que carezan de virtudes curativas, o saír así quentes xa se distinguen de tódalas demais.

10. LIS QUIBÉN, V.: *Op. cit.*, p. 209.

A chegada dos romanos marcou unha nova etapa, quizais das máis florecentes, como o amosan os diferentes restos que apareceron en varios dos nosos balnearios, sobresaíndo entre todos a ara que Calpvrnia lles dedicou ás Ninfas das Burgas, descuberta en 1802, e que agora se pode admirar no Museo Provincial de Ourense. Ás Ninfas, pero neste caso das augas de Baños de Bande, tamén lles agradeceu a curación Boelivs Rvfvs; e o mesmo aqueles ou aquelas que lle dedicaron senllas aras á ninfa *Silonsaclo*, venerada nunha fonte de Alongos (Toén), e a *Tanitacus*, entre os balnearios de Molgas e Ambía.

Xa na provincia de Pontevedra deberon salienta-las de Caldas de Reis, aténdonos ós moitos restos que apareceron, e en particular unha ara dedicada ó deus ou nume Edovio, que se achou nos alicerces da arqueta da fonte do balneario "Davila", polo que se pode considerar como a divindade protectora do manancial; ou a estela dedicada por Xulia ó seu fillo Xulio, que case seguro tamén procede da fonte termal. A primeira non se conserva actualmente, pero si a segunda no Museo Provincial de Pontevedra. A curta distancia queda o balneario de Cuntis, no que tiveron lugar varios achados, destacando dúas aras dedicadas ás Ninfas por Caio Antonio Floro, que foron atopadas en 1768 de par das fontes termais, e que agora se conservan no devandito Museo Provincial.

Non faltan casos en que actualmente non queda o manancial ou o lugar está moi transformado, pero que case seguro a súa orixe foi unha fonte; como é o da parroquia de Herbogo (Rois): non hai aínda moitos anos que descubrín unha ara romana nos muros da igrexa, situada a curta distancia e pola parte de abaixo dunha grande acrópole castrexa. Só se descifra parte da inscrición, pero non hai dúbida que ..... ERBO ERBIECO –de onde procede o nome da parroquia–[11] tamén debe ter algún vínculo coas augas, porque o templo queda no sitio máis lagoento da zona, onde no mesmo verán, e non digamos xa no inverno, corre a auga polos arredores. Alí nace un pequeno río que vai dar ó Baleirón, este ó Rois e, por último, ó Sar e logo ó Ulla. A súa orientación é cara ó abrente, para así recibi-las primeiras raiolas do sol, como sucede con moitos dos santuarios hídricos e en particular cos da zona[12].

Un *ninfeo* puido se-la misteriosa construcción tardorromana de Santa Baia de Bóveda, preto de Lugo, con piscina central para bañarse os doentes que acudían alí na procura da saúde. Tamén nesta mesma provincia, no balneario de Guitiriz, achouse unha ara dedicada á deusa ou ninfa *Conventina*.

11. Máis correcto é sen "h", ERBOGO, atendendo a que vén de ERBIECO. Nun documento do ano 1169 *figura Sci. Petri de Eruogo; no Liber Tenencie de Horro...* da catedral compostelá, do ano 1438, consta *St. Pedro de Oruego;* e nas Memorias del Arzobispado de Santiago, de J. del Hoyo (1607), *San Pedro de Erbogo.*

12. Como, entre outros, o de Augasantas, Soutullo (Urdilde), Santa *Sesía* –Cecilia– (Bastavales-Brión), etc. Mesmo tamén o xa citado de Santiaguiño do Monte, en Padrón.

O CRISTIANISMO

Dende que chegou a estas terras do noroeste peninsular, o cristianismo tratou de substituír tódalas crenzas anteriores, fosen romanas ou autóctonas. A nova relixión seguiu dous vieiros ou métodos:

a. Prohibi-las cerimonias ou manifestacións que tivesen lugar nas fontes, preto delas ou vinculadas coa súa auga. Isto só lle foi posible cando contaba coa axuda do poder civil.
b. Cristianiza-lo sitio, establecendo ou fomentando o culto á Virxe ou a algún santo ou santa, para que aquela auga que sandaba os enfermos por obra e gracia dun ser sobrenatural pagán, rematase identificándose cunha divindade cristiá.

Polo que atinxe en particular a Galicia, a primeira condena dos cultos hídricos que practicaban os nosos devanceiros débese a San Martiño de Braga ou de Dumio, que viviu no século VI, que deixou dito no opúsculo De Correctione Rusticorum:

> Uns adoraban ó sol, outros á lúa ou ás estrelas, outros ó lume, outros á auga subterránea ou ós mananciais das augas, crendo que todas estas cousas non foran creadas por Deus para uso dos homes senón que, nadas de si mesmas, eran deuses...

E logo máis adiante:

> Festexar as Vulcanais e as Calendas, adornar as mesas e poñer pólas de loureiro, prestar atención ó pé que se usa, botar gran e viño no lume sobre un tronco e poñer pan nas fontes, ¿que outra cousa é senón que culto ó demo...?

Non se esquece

> dos diaños que, desbotados do ceo, presiden o mar, os ríos, as fontes, e os bosques, ós que fan sacrificios os homes iñorantes do Deus verdadeiro, que no mar adoran a Neptuno, nos ríos ás Lamias, e nas fontes ás Ninfas[13] .

As "ninfas", como xa queda visto, eran as protectoras das fontes, e os romanos dedicáronlles varias aras.

Pero non só foi San Martiño o que anatematizou estes ritos pagáns, senón que tamén foron condenados por varios concilios, entre os que se atopan dous de Toledo. No décimo segundo, celebrado o ano 681, coa asistencia dos bispos galegos de

13. MARTIÑO DE BRAGA: *De correctione rusticorum.* Tradución galega de Paulino Pedret Casado. *Nós.* Ourense. Nº. 97 (1932), p. 11.

Tui, Iria Flavia e Lugo, condenouse ós "cultores idolorum, veneratores lapidum, accensores facularum et excolentes sacra fontium vel arborum admonemus" (ós adoradores dos ídolos, ós que veneran as pedras, ós que acenden fachos e adoran as fontes e as árbores)[14]. Semellantes son as palabras do décimo sexto (ano 693), coa presencia dos bispos de Ourense, Tui e Lugo, que lembraban ós que "diversis suadellis decepti cultores idolorum efficiuntur, veneratores lapidum, accensores facularum, excolentes sacra fontium vel arborum, auguratores quoque seu praecantatores, multaque alia quae per longum est enarrare..." (enganados por diversas persuasións, convértense en adoradores dos ídolos, veneradores das pedras, acendedores de fachos, e renden culto ós lugares sagrados das fontes e das árbores, e fanse agoireiros ou encantadores, e outras moitas cousas que sería longo narrar)[15].

Sabemos que San Gregorio de Tours, no século VI, mandou erguer unha capela a San Hilario de par do lago Sant-Andeol, co fin de ir substituíndo as manifestacións de carácter hídrico por outras cristiás, que alí se realizaban, consistentes en botarlle pan, queixo, lenzos... á auga, ou mesmo facer sacrificios na súa honra.

Cómpre ter en conta que a cristianización das fontes non só se deu nos lugares onde de antigo xa se practicaba algún rito ou manifestación hidrolátrica, senón que as máis das capelas montesías que se foron erguendo ó longo dos séculos xa se situaban preferentemente en terreos que tivesen algunha fonte ó lado ou a curta distancia. Cos anos as xentes foron tecendo lendas marabillosas, referindo sempre que a aparición do santo ou santa alí venerado foi de par da fonte, a semellanza do que se dicía doutras moitas. Hai casos, como o da Nosa Señora da Franqueira (A Cañiza), que datan a súa aparición no século VII, pero como non estaba claro a quen pertencía a imaxe puxérona sobre un carro cunha xugada de bois, despois de andar un bo treito detívose a carón dunha fonte, onde se lle ergueu a primeira capela; logo foi trasladada para a igrexa do veciño mosteiro, primeiro bieito e logo cisterciense, da Franqueira[16]. Non faltan tampouco fontes ben documentadas, como a do santuario de Amil, nas terras pontevedresas de Moraña, que empezou a manar no ano 1778, gracias á intercesión da Virxe. Así o recorda unha cantiga popular:

Miña Virxe dos Milagres,
que fas milagres na terra,
fixeches nacer a auga
na fonte da Rozavella[17].

14. *Concilios visigóticos e hispano-romanos,* edición preparada por José Vives, Madrid, CSIC, 1963, p. 399.
15. *Ídem*, p. 498.
16. SÁ BRAVO, H.: *El monacato en Galicia II.* A Coruña, 1972, pp. 357 e ss.
17. RODRÍGUEZ FRAIZ, A.: *El santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Amil.* Vigo, 1962.

En Galicia foron non só cristianizados os mananciais das capelas e das igrexas, senón que tamén se acabou por face-lo mesmo coas máis das fontes, sendo poucas as que non están coroadas por unha cruz, ou que non teñen unha imaxe nunha forneliña.

Co paso dos séculos os vellos deuses ou numes protectores dos mananciais acabaron esquecidos, ocupando dende entón os seus postos e facendo os seus milagres os santos cristiáns e, en especial, a Virxe.

SUPERVIVENCIAS DOS ANTIGOS CULTOS E CRENZAS

Ata os nosos días chegaron algunhas mostras da esvaída pervivencia de varios dos antigos cultos ou crenzas, entre os que se atopan o de pensar que nas augas habitan seres extraordinarios, beneficiosos ou malignos, consonte coas súas actuacións. No lendario mitolóxico tradicional non faltan os *xacios*, os homes-peixes, as feiticeiras, as lavandeiras... que se rexistran en diferentes zonas, pero é de supoñer que antano estas lendas estivesen moito máis estendidas, contando con áreas xeográficas máis amplas:

Os xacios e as súas compañeiras as *xacias* moran no río Miño e en particular nas terras luguesas de Lemos, como nos fondos "puzos" de Chouzán (Carballedo), ou cando pasa de par do castro de Marce (Pantón), entre outros. Son da raza dos mouros e, como tal, están "encantados", aparecéndose ós mortais de cando en vez, para tentalos ou para convertelos en ricos, facéndolles entrega aínda que non sexa máis que dunha pequena parte dos inmensos tesouros que acubillan nas covas onde viven; non faltan xacias que chegasen a casar con mortais, do mesmo xeito que se di da familia dos Mariño, a súa orixe está en que un dos devanceiros casou cunha serea.

Fermín Bouza Brey refire como os veciños da vila portuguesa de Melgaço, cando cruzaban o río Miño para pasar á poboación pontevedresa de Arbo, traían na boca un seixiño que non lles permitía falar durante todo o tempo que duraba a travesía. Era para que as *feiticeiras* que viven naquelas augas fluviais non se decatasen da súa presencia e así non lles fixesen dano[18].

Os *homes-peixe*, tamén se di que vivían nas augas do Miño –o pai de tódolos nosos ríos–. E, por último, están as lavandeiras, que botan os días lavando, á vez que tentan ós camiñantes que lles cadra de pasar de par dos seus lavadoiros.

Xa queda visto como no século VI San Martiño de Braga anatematizaba ós que poñían pan nas fontes, por se considerar unha manifestación pagá e impropia dos

18. BOUZA-BREY, F.: *Art. cit.* (Edición de 1982, p. 226).

cristiáns. Hoxe non sabemos que perviva tal costume, pero si se rexistraba non hai aínda moitas décadas, sobre todo co fin de desencanta-las mouras que viven nelas, ou de saber se unha petición foi atendida por un santo. Escribía en 1953 Florentino López Cuevillas:

> Las ofrendas de pan a que alude San Martín Dumiense persistían no hace mucho. Se conserva aún el recuerdo de que las "mouras" de las fuentes Cabroña y Caurin, en Asturias, y las de la fuente de Anamanana, en Alongos, se desencantaban echando en el agua bollos de pan. Otras veces la vieja ofrenda toma un carácter higromántico como pasa en la Fonte do Santo, en San Andrés de Teixido, en la que se arrojan pedazos de pan que muestran, si sobrenadan, que la petición hecha por el romero fue atendida por el santo y si se hunden que por el contrario, no fue escuchada[19].

Descoñecemos certamente para que os nosos devanceiros botaban pan nas fontes, aínda que pensamos que sería como ofrenda ós numes que habitan nelas, para consegui-los seus favores ou acouga-los seus ánimos. Non hai moitas décadas que os ribeiráns do Támega crían que para amainar este río e evitar que se desbordase había que lle botar na auga un polo[20]. Ou mesmo cando se trata da auga salgada, como facían os mariñeiros pontevedreses ó saír fóra da ría, que o primeiro era botar no mar un anaco de pan de millo. Peor son aqueles ríos ou mesmo praias que tódolos anos "levan" algunha persoa, como se se tratase dunha renda. É normal escoitar dicir –en particular a persoas maiores–, cando afoga alguén, que tal río ou praia tódolos anos precisa, polo menos, dunha víctima.

Pasaron os séculos, pero as augas seguiron estando habitadas. A fantasía dos nosos devanceiros non podía concibir un manancial sen o seu amo, que saía ó exterior de noite ou ben cedo pola mañá para toma-las primeiras raiolas, cando empeza a nace-lo sol polo abrente, e ninguén pasa por aquel lugar.

Faltan os *mouros* que, para investigadores como Florentino López Cuevillas, veñen a se-los antigos númes acuáticos, que se acollen en moitos mananciais baixo os nomes de *mouras, vellas, xanas, xacios, princesas, señoras ou encantos*[21]. Existen varias lendas nas que as mouras pasan os días de par dunha fonte. E o mesmo adoita suceder con algunhas xanas. Aínda que se poden amosar ós mortais en calquera data do ano, a máis sinalada é a mañanciña solsticial de San Xoán, en que saen ben cediño peitea-lo cabelo, mollando o peite na auga da fonte, como, por poñer un exemplo, unha da parroquia de Tortoreos (As Neves, Pontevedra)[22]. A riqueza destes seres encantados amósase polas xoias, todas de ouro, ata mesmo os peites.

19. *La civilización céltica en Galicia*, 2ª edición, Madrid, Ed. Istmo, 1989, p. 296.
20. BOUZA-BREY, F.: *Art. cit.* (Edición de 1982, p. 222).
21. *A civilización céltica en Galicia*, 1989, p. 296.
22. FILGUEIRA VALVERDE, J. e GARCÍA ALÉN, A.: "Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*. 1959, p. 67.

Miña avoa sempre conta o caso dunha moura que tamén se peiteaba, alá nas terras ourensás do Ribeiro. Dicía que certa vez cadroulle de pasar por alí a un home e despois de saudalo agasallouno con varias *cagallas* de ovella, que el gardou nos petos. Fíxolle xurar que non llo contaría a ninguén, e que as deixase na hucha ata ó día seguinte, pero decatouse a muller e non foi capaz de esperar... Ó abri-la arca non había máis que *cagallas*. O home volveu moitas máis veces á fonte, pero xa nunca atopou a moura.

Non nos podemos esquecer tampouco das augas dos lagos e das lagoas, aínda que non estean habitados, nos seus fondos dormen pobos que foron asolagados, case sempre debido ó seu mal comportamento. Aínda que hai varios –como a cidade de *Antioquía*, que se atopaba nas agora desaparecidas augas da lagoa de Antela (Xinzo de Limia)–, para min o máis familiar é o "puzo" da parroquia do Lago, nas terras do Carballiño, do que contaban meus avós que alí, onde é máis fondo, había sempre flores, e que na noite de San Xoán se escoita tanxe-la campá da igrexa como se fose a defunto. No Lago non só hai auga, senón que nela viven eternamente os antigos habitantes do lugar, de cando desapareceu a poboación[23].

A AUGA, AXENTE DE SAÚDE

En Galicia hai centos de fontes que deitan auga con propiedades medicinais e, polo mesmo, curativas, unhas veces reais e outras non máis que atribuídas. A orixe das máis delas é descoñecida, aínda que en varias podemos chegar ata a romanización, como xa queda visto, atendendo ós restos que levan aparecido no lugar ou nos arredores.

Isto amosa que axiña se deberon decata-los nosos devanceiros da importancia deste líquido elemento, que a súa abundancia ou escaseza fai posible ou imposible a habitabilidade dun lugar. Por iso, en particular aqueles mananciais que non secan en todo o ano, situados nos altos preto dos cumes dos montes, onde empezan as concas dos ríos, logo se relacionaron cos deuses e, de non chegar a tanto, que algún vínculo debían ter cos seres sobrenaturais que inflúen para ben ou para mal na vida dos mortais. O mesmo sucedeu con aqueles mananciais que deitan unha cantidade semellante ó longo de todo o ano.

Pero a auga, como todo ser vivo, tamén pode influír negativamente; miña avoa non nos deixaba beber de noite, porque a auga despois das doce da noite tórnase daniña. Había que esperar ata a mañá. Non paraba de repetir que un neno

23. Cfr. TABOADA, J.: "Las leyendas de la laguna Antela". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. XXIV, (1969).

se erguera a beber e que estivera a piques de morrer. Malia os anos transcorridos, aínda agora me sigo lembrando cando bebo de noite[24].

A mellor é a daquelas fontes que nunca secan, que manteñen un caudal semellante ó longo do ano, e canto máis clara e cristalina mellor, agás se se trata de mineral. Pero tamén pode ser auga que non corre, caída da chuvia e que bota no sitio días ou mesmo meses, ata que se vai evaporando paseniñamente. Queda nas fochas ou coviñas das penas, unhas feitas pola erosión ó longo dos séculos e outras debidas á intervención do home. Hai a centos, pero só vou lembra-las dunha rocha situada a carón da capela de San Trocado, a curta distancia da cidade galaico-romana de *Lansbrica* (San Amaro), que a auga das pías é boa para cura-las espullas.

Queda, por último, a auga que carece de propiedades de seu, pero que as adquire ó botala nun determinado sitio. Isto é o que sucede coa que verten no sartego de Santiago de Trasmonte (concello lugués de Friol), para con ela logo lavar ó neno. Serve a procedente da chuvia, pero cando seca no verán, entón tráena da casa ou de calquera fonte do arredor. Con todo, neste caso a cerimonia remata a uns tres km e medio do lugar, na fonte da Virxe do Ermo (Carlín, Friol), que é onde deixan abandonado o pano co que limparon o enfermo (sempre nenos)[25].

A auga foi, e segue sendo, un elemento esencial en moitas manifestacións tradicionais polos seus poderes salutíferos (reais ou non), tanto se é fría como quente. No libro de V. Lis Quibén (*La medicina popular en Galicia*, Pontevedra, 1945) figuran varias *receitas*, como por exemplo a que se fai con auga quente para cura-los nenos *entangariñados*, é dicir, raquíticos; a auga fría para curar algunhas enfermidades, como a ictericia; para botar *aires* daniños, como os de envexa, excomungado, defunto, *mal de ollo, caída da paletilla*, etc. A miúdo nos rituais interveñen tamén pequenos ensalmos, os máis deles de carácter cristián.

Normalmente non abonda para alcanza-la curación con beber ou lavarse unha vez, nin tampouco coa auga dunha soa fonte. Poden ser sete fontes, nove baños... En casos é suficiente con tres, como para curar o mal de ollo nuns penedos que hai no monte do Castro, preto de Celanova:

> Por debaixo do Piñeiral, xúntanse tres regatos e no cabo da chaira chamada "A Parrueira" que pertenece xa á freguesía de Corbillón, hai un penedo cun burato redondo na cima. Pra remediarse do mal de ollo, vaise caladamente, sen dar xiquera unha fala, cóllese nun xerro auga de cada un dos regatos, e despois danse tres voltas, levando a soga na man, ó redor do penedo, rezando tres credos a cada volta.
>
> A auga así recollida hai que bebela. Aproveita o mesmo á persoa que a recolleu que a outra calquera[26].

24. BOUZA BREY, F. ["Los mitos del agua en el Noroeste Hispánico". *Revista General de la Marina*. Madrid. Vol. CXXIV, (1942)] recolle a mesma crenza, tamén nas terras de Ourense, de onde era miña avoa: "Así, el campesino orensano considera al agua dormida después de esta hora; pero tomada antes del amanecer, inmediatamente antes, el agua de siete fuentes alarga la vida."
25. FIDALGO SANTAMARIÑA, J. A.: *Art. cit*, pp. 316 e ss.
26. "Catálogo dos Castros Galegos. Terra de Celanova". A Coruña, *Nós*, 1928, p. 13.

Cómpre ter en conta, como apunta o amigo Xosé Antón Fidalgo Santamariña[27], que a hidroterapia atópase entre a medicina natural e a tradicional ou máxico-relixiosa, participando de ambas. Isto débese a que, como xa queda visto, hai dúas clases de mananciais: os que contan con substancias curativas e aqueles que, sendo a auga normal, os seus poderes se deben a un santo protector. Os primeiros pertencen á medicina natural mentres que os segundos xa corresponden á máxico-relixiosa.
Outras veces vai se-la auga o medio para coñecer se unha doenza se curará ou non, sen bebela nin tampouco bañarse nela; a finais do século pasado as mulleres da comarca de Tui para saber se sandaría o fillo metían algunha da roupa do meniño nunha cesta, sobre a que logo prendían unha vela. Botábana polo Miño abaixo, se a luz se apagaba a doenza non ía desaparecer, pero se se perdía prendida no río, entón axiña chegaría a curación.
Malia que as máis das augas poden ter virtudes ó longo de todo o ano, en casos non sucede así, senón que dependen da data, como pasa coa da noite de San Xoán. Só ten virtudes a que se recolle antes de que lle dean as primeiras raiolas do sol, a *flor da auga*, é a que queda ó sereno, recibindo os poderes que lle proporciona o orballo; utilízase para lavarse. Á salutífera *flor da auga* ou *auga do paxariño* como salutífera refírese o seguinte romance:

Día de San Xoán alegre,
meniña, vaite lavar,
pillarás auga do paxaro,
antes de que o Sol raiar.
Irás arrente do día
a auga fresca a catar,
da auga do paxariño
que saúde che ha de dar...[28].

Poderes ten a auga para conserva-la vida, cando se practica o bautismo prenatal, sempre sobre algunha ponte. Alí espérase á primeira persoa que pase, que será o padriño, logo dáselle unha boa cea arrebolando a louza ó río. O bautismo prenatal foi práctica corrente ata non hai moitas décadas para aquelas mulleres que non conseguen conserva-los fillos.

Se as augas dos ríos posúen poderes para conserva-la vida, as do mar son capaces de dar vida, como aínda se comproba hoxe en día na praia da Lanzada, entre outras, á sombra do románico santuario da Virxe as mulleres estériles báñanse unha

27. "Hacia una integración de los sistemas médicos: utilización del agua en las prácticas de medicina tradicional y medicina natural". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1994.
28. RODRÍGUEZ LÓPEZ, J.: *Op. cit.*, p. 217. Tamén GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *A festa de San Xoán*. Vigo, Ir Indo, 1989, pp. 44 e ss.

e outra vez, ata nove, para que a auga as volva fecundas. Este ritual tamén se practicaba noutras praias, como a de Louro (Muros)[29].

AS FONTES SAGRADAS OU SANTAS

No *Cantar dos Cantares*, o "amado" compara á "amada" coa fonte do seu xardín, "manantío de augas vivas que flúen desde o Líbano"[30]. Para os antigos teólogos, estas palabras refírense á Virxe, por iso dende os primeiros tempos do Cristianismo vai ser ela a que máis fontes teña baixo a súa protección. Ata atopamos unha representación iconográfica curiosa dabondo, que é a da *Virxe-fonte*, que por algunha parte da imaxe deita un abundante picho de auga.

Isto mesmo tamén se fixo con outros santos, de xeito que se representa a fonte como saíndo do seu corpo. Lembro agora a de San Francisco do convento padronés de Herbón, que ten o cano no peito. Aínda hoxe en día son moitas as persoas devotas que beben da súa auga.

Unhas veces santificouse unha fonte, outras xa estaba santificada e o que se fixo foi cristianizala. Se facemos un percorrido por varios dos nosos santuarios, atoparémolos dos dous casos: así, unha comparanza, a de San Sebastián do Pico Sagro (concello de Boqueixón), de seguro que xa arredor dela existía algún tipo de culto anterior á construcción do santuario cristián, que foi consagrado no ano 899[31]. A el seguen acudindo moitos devotos, que o primeiro que fan é beber na *Fonte do Santo*, que deita a curta distancia da capela.

Non a moitos km do Pico Sagro, no concello de Padrón, érguese maxestuoso o santuario da Nosa Señora da Escravitude, que conta tamén coa súa fonte. Neste caso coñécese a historia que deu lugar ó santuario: alá polo ano 1582 andaba o crego da parroquia das Cruces dirixindo unha corta de árbores. Nun momento determinado, sen decatarense os cortadores, púxose debaixo da que estaban tronzando. A árbore caeu pero, milagrosamente segundo os presentes, non lle fixo ningún dano. Este contou que cando estaba caendo encomendouse á Virxe. En agradecemento por salvarlle a vida mandou esculpir unha pequena imaxe, que colocou sobre unha fonte que había na beirarrúa do camiño real de Santiago de Compostela a Pontevedra. Foi a partir de entón cando a fonte empezou a ser santa. Segundo parece cada vez os prodixios debidos á auga por intercesión da Virxe foron medrando, pero o máis soado ocorreu o ano 1732, cadroulle de pasar por alí leva-

29. Cfr. LISÓN TOLOSANA, C.: "Variaciones en agua ritual". *Antropología social: reflexiones incidentales*. Madrid, 1989, p. 62.
30. *A Biblia*, 4-15, Vigo, Sept, 1989.
31. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago*. I. Santiago de Compostela, p. 186.

do nun carro de bois a un home eivado, afectado de parálise e de hidropisía, que ía para o hospital de Santiago de Compostela. Ó chegar á fonte pediu que lle desen de beber e encomendouse á Virxe, ó pouco xa se sentiu mellor, quedando completamento san ós tres días. Dende entón a sona do santuario medrou a pulos, podéndose construír a mediados do século XVIII o actual templo. O nome da advocación débese, segundo a lenda, a este enfermo que, ó verse curado, dixo: "Bendita sexas Virxe Santísima, que me libraches da ESCRAVITUDE da enfermidade na que por tanto tempo estiven"[32].

A curta distancia da Escravitude hai varias fontes santas que, aínda que ó longo dos séculos non alcanzaron a sona desta, seguen hoxe en día sendo frecuentadas por persoas devotas. Case todas máis antigas, empezando xa pola do Santiaguiño do Monte (Padrón), a lenda xa sitúa a súa orixe cando andou por estas terras predicando o Apóstolo Santiago. Ademais está a de San Vicenzo de Augasantas (Rois), á que se lle dedica máis adiante un apartado monográfico. As persoas moi maiores da Mahía aínda contan o que lles dicían os devanceiros sobre o manancial que deita por debaixo da cabeceira da capela de Santa *Sesía* (Cecilia) nos montes da Rubial (San Xiao de Bastavales, Brión), que foi durante séculos un dos santuarios máis visitados da zona para pedir chuvia os campesiños nas tempadas de moita seca, do que agora non quedan máis que as ruínas da capela románica. Na parroquia lindeira de Urdilde (Rois) atópase a capela da Virxe do Soutullo, tamén coa súa *fonte santa*, en tempos coidaba dela un ermitán. Na freguesía de Augasantas, no mesmo concello, ademais do manancial que lle deu nome á parroquia está o da Virxe de Manle, preto do lugar de Albagueira, que malia desaparece-la capela, a fonte segue fluíndo por debaixo dun relevo da Virxe.

Por último, aínda que hai máis, rematamos coa de San Mamede das Penisias (Rois), da que xa se conservan noticias nun informe do ano 1686, agora abandonada. Por esta época xurdiu unha disputa relixiosa a nivel galego sobre este santo. Uns dicían que vivira nos montes de Ourense que levan o seu nome, e outros que fora nos da Paradanta, entre os concellos de Ponteareas e A Cañiza (Pontevedra). Estando na discusión apareceu outra reclamación feita polo párroco de Rois, afirmando que San Mamede vivira nesta parroquia e que fora martirizado, pero non se sabía por quen nin cando, "pero si quitándole las tripas y las entrañas". E que estaba enterrado aquí, de par do río, nunha cova moi fonda, e que "de allí lleva la gente, que viene en romería, tierra, como reliquia". Remata dicindo que "es abogado en tercianas y calenturas", e que de par da ermida deita

32. CEBRIÁN FRANCO, J. J.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*. Santiago, 1982, pp. 69 e ss.

unha fonte que nunca seca, e que por onde pasa a auga "hace brotar plantas olorosas y medicinales"[33].

Se lle botamos unha ollada ó nomenclátor toponímico galego atopámonos con catro parroquias coa denominación de "Augasantas" e unha coa de "A Fonsagrada". Foron os cinco que chegaron a alcanzar tal categoría. Nos cinco casos as augas están documentadas dende antigo. Mesmo a da Fonsagrada, que recibe tal denominación porque alí, arredor de onde empezou a xurdi-la actual vila, había unha capela baixo a advocación da Virxe, co seu manancial, que aínda segue existindo hoxe en día.

Cebrián Franco, no documentado estudio que publicou sobre os santuarios máis concorridos da diócese de Santiago de Compostela, considera a auga como un dos principais elementos hierofánicos, presente en case todos eles, sendo ademais a orixe de varios. Pregúntase que terá a auga para que suxira en nós a transcendencia e o contacto coa Divindade. A resposta é, non hai dúbida, que dende sempre se percibiu como a orixe da vida, que a súa ausencia non leva máis que ó ermo e á morte. E remata dicindo:

> Esto es lo que capta el campesino en su experiencia con toda la fuerza de quien depende del líquido elemento para obtener diariamente su sustento, hasta el punto que una prolongada sequía representa para él un azote ante el que se siente impotente. Pero no es sólo la experiencia empirista la que lleva al campesino a la búsqueda de una relación con la trascendencia a través del agua, fundamentalmente se trata de una sabiduría milenaria que ha llegado a él generación tras generación y que sin duda fue también la que inspiró sus conclusiones a los primeros filósofos griegos[34].

UN EXEMPLO: A FONTE DE SAN VICENZO DE AUGASANTAS

Queda no concello de Rois. O lugar é o ideal para que se practicasen antano cultos hídricos: atópase nun alto, cunha magnífica visión panorámica cara ó val; alí nace un pequeno río que, despois de ser afluente doutros, vai rematar no Sar, e este no Ulla; e, por último, dá cara ó abrente recibindo o lugar o sol xa ó nacer.

A primeira mención documental que coñecemos verbo do manancial e sobre o lugar onde está situado é do ano 1607, e débese ó cóengo e cardeal Jerónimo del Hoyo, que di o seguinte nas súas *Memorias del Arzobispado de Santiago*: "Llámase Aguas Sanctas, por una fuente que tiene la iglesia al lado de la Epístola"[35].

33. *Arquivo da catedral de Tui*, mazo 70, nº. 16. Tamén GIL ATRIO, C.: *Contrabando de Santos*, Caracas, 1962, pp. 93 e ss; e GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *O concello de Rois: Historia, economía e arte*, Concello de Rois, Noia, 1990, pp. 158-9.
34. *Op. cit.*, p. 14.
35. Edición de A. Rodríguez e B. Varela, Santiago de Compostela, s.a., p. 192.

Isto amósanos que a fonte estaba dentro do templo, o mesmo que agora, aínda que o edificio non sexa o mesmo, pois foi totalmente reformado e ampliado no século XVIII. En particular a parede onde está "o puzo", é dicir, a fonte, pode datar do ano 1752[36].

Máis sacralización dun manancial é imposible: a auga sae dentro da propia igrexa, no lado da epístola. Pero teñamos en conta que non flúe alí mesmo senón fóra, fronte á fachada do edificio, indo logo encanada para o interior. Aínda que se pode coller no exterior, á única que se lle recoñecen virtudes especiais é á que está dentro, debaixo da imaxe do santo titular da parroquia, San Vicenzo.

Descoñecémo-las propiedades reais da auga, pois aínda que no mapa xeolóxico de España, folla 21, correspondente á Coruña, publicado en Madrid en 1948, figura entre os mananciais mineromedicinais desta provincia, non se indica cales son as súas propiedades nin tampouco se foi algunha vez analizada.

Pero, como xa queda dito, unha cousa son as propiedades curativas que posúa atendendo á súa composición, e outra as que lle atribúe a xente, debidas á intercesión do santo. Segundo puidemos descubrir hai algúns anos, é boa para curar doenzas de persoas e de animais, propicia-la medra dos froitos, mellora-los alimentos –botarlle unhas pingas cando se fai o pan–, bendicir obras novas... En resumo: vale para todo.

- Persoas e animais:
  - a. para non enfermar.
  - b. para curar calquera enfermidade.
- Froitos:
  - a. para que xermolen ben.
  - b. para conseguir boa colleita.
- Alimentos:
  - para melloralos (o pan sabe mellor).
- Bendicir:
  - as casas novas, cortes, hórreos...
- Purificar e arreda-lo mal:
  - das casas, das cortes dos animais... cando coidan que lles botou alguén algún maleficio ou o mal de ollo, que morren as persoas, os animais, malas colleitas...

Non hai para collela un día ou unha hora sinalados, aínda que preferentemente adoitaba se-los domingos e, en particular, ás doce do día. ¿Posible resto da influencia que sobre ela pode te-lo sol? Quizais; xa queda dito como a súa orientación é cara ó abrente.

36. GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *O concello de Rois: Historia, economía e arte*, pp. 138 e ss.

As máis dadas a facer uso dela sempre foron as mulleres. Actualmente son poucos os veciños que se lembran da fonte, debido ós adiantos da medicina e da veterinaria, de que cada vez haxa menos cultivos, que sexan moi poucos os que cozan o pan de boroa, etc...

Contan prodixios, curacións, milagres... pero xa non convencen como hai non máis de dúas ou tres décadas. Agora case non é máis que un recordo de tempos pasados, "dos vellos"..., pois a mellor mostra de que para as novas xeracións carece de importancia é o feito de que ultimamente careza de auga, por non se parar ninguén a limparlle a canle.

E o mesmo que lle está a suceder a esta *fonte santa* tamén lles ocorre a outras, que cada ano que pasa son menos as persoas que cren nas súas virtudes, mineralóxicas ou relixiosas, polo que os únicos que paran a beber nelas ou mesmo a leva-la auga para a casa son as persoas maiores e, en particular, as mulleres, moito máis conservadoras da herdanza cultural dos seus devanceiros[37].

HIDROLOXÍA, TERMALISMO, BALNEOTERAPIA

O último chanzo na evolución do culto ás augas témolo nos balnearios, onde non se practican os cultos hídricos, pero si se segue crendo nas súas virtudes terapéuticas. Desapareceron os poderes divinos, quedaron os poderes curativos dos minerais.

En Galicia están rexistrados 199 mananciais, pero de augas que cientificamente conteñen na súa composición varios minerais ou substancias con propiedades terapéuticas. Non entran nesta relación as *fontes santas*, porque, agás casos contados, as máis delas deitan auga normal, potable. A diferencia é clara: nas primeiras a curación débese ós compoñentes químicos; nas segundas, á intercesión dalgún ser divino.

Entre estes manaciais hai varios que pouco máis se sabe que da súa existencia, mentres que outros acabaron dando lugar a concorridos balnearios, como sucede, poñamos por caso, co da Toxa, Mondariz, O Carballiño, Cuntis, Caldas de Reis, Caldelas de Tui, Partovia, O Incio, etc. A clasificación das fontes que se fixo ata hoxe é a seguinte:

90 ferruxinosas,
72 sulfuradas,
11 alcalinas bicarbonatadas,

37. GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "A fonte de San Vicenzo (Augasantas)". Brigantium. A Coruña. V, (1984-85).

11 salinas con carbonatos e silicatos alcalinos,
15 non se analizaron ata agora, polo que se descoñece a súa clasificación[38].

38. Velaí a relación das mesmas, por provincias: A CORUÑA: Alqueidón (Os Anxos, Brión); Armental (Vilasantar); Arteixo (Arteixo); Bar (Branza, Arzúa); Beán (Ordes); Bembibre (Val do Dubra); Bértoa (Carballo); Bexo (Laíño, Dodro); Brandeso (Arzúa); Caldelas de Vilariño (Vilariño, Vilasantar); Cañás (Carral); Carballo (Carballo); Carnota (Carnota); Céltigos (Frades); Cundíns (Cabana); Foxo (Loureda, Arteixo); Guísamo (Bergondo); Lardeiros (O Pino) –dúas-; Lugo (Oza, Teo); Marisqueira (Culleredo); Naraío (San Sadurniño); Oleiros (Oleiros); Oza (Teo); As Pontes (As Pontes de García Rodríguez); Prevediños (Touro); Reboredo (Santiso, Vimianzo); Rego Queimado (Xestoso, Monfero); San Sadurniño (San Sadurniño); Sobrado (Sobrado); A Souta (Coristanco); Sumio (Carral); O Tremo (Os Anxos, Brión); Vivente (Ardaña, Carballo); Xareira (Cerqueda, Malpica de Bergantiños); Xaviña (Coristanco), e Xermade (Reis, Teo). LUGO: Abrairas (Braña, Baleira); Aldurfe (Riotorto); Anseán (O Corgo); Ánxeles (Aranza, Baralla); Arcos de Peibás (Antas de Ulla); A Bara (Piquín, Ribeira de Piquín); Barreiros (Castroverde); Burgo (Muras); Campelo (O Corgo); Cancelada (Cervantes); Carballedo (Sabadelle, Chantada); Cascallá (Becerreá); Castro de Neira de Rei (Baralla); Céltigos (A Veiga, Sarria); Cereixide (Ove, Ribadeo); Cova (Viladonga, Castro de Rei); Cuíñas (A Fonsagrada); Donas (Vilalvite, Friol); Fabega (Vilarente, Abadín); Ferreirós (Folgoso, Folgoso do Courel); Frádegas (Castro de Amarante, Antas de Ulla); Francos (Guntín); Gondón (Lourenzá); Grolfe (Pascais, Samos); Guitiriz (Lagostelle, Guitiriz); Gullade (Monforte de Lemos); Latadal (Furís, Castroverde); Laxe (Chantada); Leguan (Galdo, Viveiro); Lousadela (Sarria); O Mao (Mao, O Incio); Masoucos (Castroverde); Meira (Meira); Miranda (Castroverde); Mota (Guntín); Mouriscados (Arcos, Chantada); Muíños (Mondoñedo); Murias (Rao, Navia de Suarna); Mouriscos (A Bastida, A Fonsagrada); Muxén (Baos, Ribeira de Piquín); Pantón (Pantón, Ferreira de Pantón); Paradavella (A Fonsagrada); Pardiñas (Lagostelle, Guitiriz); Pena Sinceira (Galegos, Navia de Suarna); Penamaior (Becerreá); Penas (Librán, Baleira); Penas da Ferradura (Montecubeiro, Castroverde); Peredo (Frairía, Castroverde); Pesqueiras (Ribas de Miño, O Saviñao); Pígara (Trasparga, Guitiriz); Piquín (Piquín, Ribeira de Piquín); Ponte Ladredo (Furís, Castroverde); Ponte Ribeira (Sarria); Pousada (Baleira); Quintá (Pousada, Baleira); Queiroga (Queiroga); Real (Martín, Baleira); Reascos (O Páramo); Río (A Fonsagrada); Salcedo (A P. de Brollón); San Vitorio (Ribas de Miño, O Saviñao); San Xiao (Pereiramá, Castroverde); Sarceda (Furco, Becerreá); Seara (Folgoso do Courel); Seixo (Vilela, Taboada); Silvela (Suarna, A Fonsagrada); Tuiriz (Ferreira de Pantón); Triacastela (Triacastela); Valdriz (Pobra de San Xiao, Láncara); Valín (Ove, Ribadeo); Verigo (Vilarpandín, Navia de Suarna); Vilamelle (Pantón); Vilanova (Córneas, Baleira), e Vileiriz (O Páramo). OURENSE: Bande (Baños, Bande); Baños (Riocaldo, Lobios); Barbaña (Berán, Leiro); Barrio (A P. de Trives); Berán (Balde, Leiro); Brués (Boborás); Cabreiroá (Verín); As Caldas (Partovia, O Carballiño); Caldeliñas (Vilamaior do Val, Verín); O Carballiño (Señorín, O Carballiño); Castrelo de Miño (Castrelo de Miño); Cesures (Manzaneda); Cortegada (Cortegada); Covas (Os Blancos); Ferradal (Xagoaza, O Barco de Valdeorras); Figueiroa (Paderne de Allariz); Fontenova (Verín); Gudín (Xinzo de Limia); Laias (Cenlle); Melón (Melón); Misarelas (Sacardebois, Parada de Sil); Moldes (Boborás); Molgas (Baños de Molgas); Mondón (O Bolo); Partovia (O Carballiño); Porteiro (Xunqueira de Ambía); Prexegueiro (Quis, Melón); A Rañosa (Maside); Reza (A Arnoia); A Rúa (A Rúa); San Guillao (Xunqueira de Ambía); Sas de Penelas (Castro Caldelas); Sousas (Abedes, Verín); A Touza (Taboadela); Vilanova (A P. de Trives); Vilaza (Monterrei), e Xunqueira de Ambía (Xunqueira de Ambía). PONTEVEDRA: Brea (Fontao, Vila de Cruces); Bugarín (Pontearcas); Caldas de Reis (Caldas de Reis); Caldelas de Tui (Tui); Callobre (A Estrada); Campo (Campo Lameiro); Cañiza (Petán, A Cañiza); Carboeiro (Silleda); Catoira (Catoira); Cimáns (Tabeirós, A Estrada); Codeseda (A Estrada); Crestelle (Manduas, Silleda); Cuntis (Cuntis);

En varios destes centros apareceron diferentes restos antigos, sobre todo de época romana, que debeu ser, no tocante á antigüidade, cando foron máis apreciadas as augas e concorridos os manaciais. Moitos esquecéronse ó longo da Idade Media, época en que as *fontes santas* substituíron a moitas con propiedades salutíferas pola súa composición mineral, agás aquelas que seguiron baixo a protección dun santo. Pero vai ser no XIX cando os balnearios alcancen o seu "século dourado", o que deu lugar a que se construísen novos e amplos edificios nos mananciais xa explotados de antigo, e se procedese a analizar outros. A mellora das vías de comunicación –en particular o tren– fará que acudan persoas de moi lonxe.

Polo que atinxe en particular a Galicia, vai ser cando alcancen sona –mesmo internacional– varios dos establecementos balnearios, sobresaíndo entre todos o de Mondariz, un dos máis coñecidos da Península no seu tempo, no que non faltaron políticos, artistas e literatos. Del dixo en 1915 o político Emilio Castelar:

> Pero aún le queda otra maravilla a Galicia: le queda Mondariz, la Compostela del enfermo, encontrada y ungida por la Ciencia; Mondariz, cuyas aguas obran milagros de resurrección y rejuvenecimiento, los cuales milagros parecen soñados por la fantasía y están manifiestos en la realidad.

En Mondariz ergueuse un monumental edificio, o *Gran Hotel*, ó lado do que mana unha das fontes (destruído por un incendio o 9 de abril de 1973). Igual se fixo noutros balnearios, coma no de Caldas de Reis, Cuntis, A Toxa, O Incio, etc.

Ó mesmo tempo, aproveitando a mellora dos medios de comunicación, empeza a exportación de auga embotellada, o que fai que moitas persoas poidan gozar dos seus beneficios sen ter que moverse do domicilio, aínda que estea moi lonxe. Da de Mondariz –por exemplo– saían a finais do século pasado e nas primeiras décadas do XX grandes cantidades de botellas cara a América (en particular, Arxentina e Cuba), onde era moi solicitada sobre todo polos nosos emigrantes.

A modernización e espallamento xeneralizado da medicina e, en particular, a difusión dos medicamentos de laboratorio desencadeou a decadencia dos balnearios, quedando algúns mesmo abandonados ou frecuentados case exclusivamente por persoas maiores.

Dorna (Sacos, Cotobade); Fragas (Campo Lameiro); A Guarda (A Guarda); Loimil (A Estrada); Marcón (Pontevedra); Mondariz (Mondariz-Balneario); Parada de Achas (A Cañiza); Pazos (Pazos de Borbén) –dúas-; Pedrafurada (Oleiros, Salvaterra de Miño); Poio (Poio); Poldras (Parada de Achas, A Cañiza); Ponte-Caldelas (Ponte-Caldelas); Sabaxáns (Mondariz); Sacos (Santa María de Sacos, Cotobade); Saidres (Silleda); Salcidos (A Guarda); San Xusto (San Xurxo de Sacos, Cotobade); Tenorio (Cotobade); A Toxa (O Grove); Val (Mondariz); Vea (Sta. Cristina de Vea, A Estrada); Vilacriste (Cora, A Estrada), e Vilagarcía (Vilagarcía de Arousa).

Fóra desta relación "oficial" quedan algunhas máis das que mesmo se vén facendo uso dende antigo, como a fonte do Cabalón (Angoares, Ponteareas), que deita de par da ponte do mesmo nome, que se dá como descuberta en 1914, segundo noticias publicadas na revista viguesa *Vida Gallega* (nº. 50).

Nos últimos anos apréciase certo pulo, pero os máis dos *agüistas* xa non só acoden polas virtudes curativas das augas, senón por ser lugares ideais para o repouso e o lecer, situados en zonas de grande beleza natural, moi axeitadas para pasar uns días de relax, esquecéndose do estrés, e se por riba tamén se poden tomar unhas augas mineromedicinais, pois moito mellor,...

A auga foi, é e sempre será o *sangue da terra*, como aínda se lle escoita dicir a algún dos nosos campesiños, pois sen ela a vida sobre este marabilloso planeta que nos tocou por sorte é imposible: para beber, para rega-los froitos, para cura-las doenzas, para lavarse... ¿que sería de nós sen este elemento da natureza? Xa é hora que a humanidade se deteña e volva escoita-la voz da auga, comprende-lo falar milenario das fontes, descubri-los seus poderes salutíferos, adorala como facían os nosos devanceiros... Por iso estas verbas de Xosé Filgueira Valverde coido que son moi axeitadas para dar fin ó meu relatorio:

> As xentiñas de agora, aturdidas, xa non saben deterse a escoitar o falar das fontes: das que gurgullan a par das corredoiras, das que besbellan os seus pregos, axionlladas diante as eirexas, das que entoan os seus latíns nas claustras dos mosteiros, das que recitan fachendosas xenealoxías nos pazos, das que saben das doenzas ou ecoan as cativeces, das fontes cantadeiras e das fontes faladoras .

39. FILGUEIRA VALVERDE, X.: *Segundo ADRAL*. Ediciós do Castro, 1981, p. 82.

BIBLIOGRAFÍA

AGUIRRE BAZTÁN, A.: "Aguas amnióticas y aguas bautismales". *El agua. Mitos, ritos y realidades*. Barcelona, Anthropos-Diputación de Granada, 1995.

BOUZA-BREY, F.: "Los mitos del agua en el Noroeste Hispánico". *Revista General de Marina*. Vol. CXXIV, (1942). (Reedición: *Etnografía y Folklore de Galicia I*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia).

BOUZA-BREY, F.: "Ritos impetratorios da choiva en Galiza: a inmersión dos 'sacra' e os vellos cultos hídricos". *Actas do Primeiro Congresso de Etnografía e Folklore promovido pola Cámara Municipal de Braga, de 22 a 25 de Junho de 1956*. I. Lisboa, 1963 (Reedición: *Etnografía y Folklore de Galicia I*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia).

FIDALGO SANTAMARIÑA, J. A.: "Prácticas 'supersticiosas' en el tratamiento de las enfermedades en la Galicia rural: análisis del 'sartego' de Trasmonte". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela. XXXII, (1981).

FIDALGO SANTAMARIÑA, J. A.: "Hacia una integración de los sistemas médicos: utilización del agua en las prácticas de medicina tradicional y medicinal natural". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela. XLI, (1993-94).

FILGUEIRA VALVERDE, X.: *Segundo ADRAL*. Ediciós do Castro, 1981.

GÓMEZ DE BEDOYA Y PAREDES, P.: *Historia universal de las fuentes minerales de España, sitios donde se hallan, principios de que constan, análisis y virtudes de sus aguas...* Santiago de Compostela, 1765.

GÓMEZ DE BEDOYA Y PAREDES, P.: *Descripción de 54 fuentes minerales del Reyno de Galicia...* Santiago de Compostela, 1772 (ms. Facultad de Medicina, Madrid).

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "Notas para una historia del Valle del Tea: Las aguas minerales de Bugarín". *Lonxe da terriña,...* Ponteareas, 1975.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "A fonte de San Vicenzo (Augasantas)". *Brigantium*. A Coruña. V, (1984-85).

LIS QUIBÉN, V.: *La medicina popular en Galicia*. Pontevedra, 1945.

LISÓN TOLOSANA, C.: "Variaciones en agua ritual". *Antropología social: reflexiones incidentales*. Madrid, 1986, p. 62.

LÓPEZ DE LA PEÑA, F.: *Relación dada en cumplimiento de orden superior por el Asistente de Santiago, sobre las aguas de Galicia, en la que trata de las de Bande (...), indicando su naturaleza, usos, virtudes, etc.* Santiago de Compostela, 1772 (ms. Facultad de Medicina, Madrid).

MARTÍNEZ REGUERA, L.: *Bibliografía Hidrológica-médica española...* Madrid, 1896-97.

RODRÍGUEZ FRAIZ, A.: *El santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Amil*. Vigo, 1962.
RODRÍGUEZ LÓPEZ, J.: *Supersticiones en Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo, Ed. Celta, 1979.

Segundo a piadosa tradición, desta auga bebeu o Apóstolo Santiago cando andaba predicando por Galicia. O mesmo fan os devotos que acodan á romaxe de Santiaguiño do Monte, en Padrón.

Na fonte da Virxe de Villestro xuntábanse as meigas a noite de San Xoán. As dúas vieiras lembran que está a curta distancia de Santiago de Compostela.

A auga do peito de San Francisco na fonte do convento de Herbón. Carece de propiedades minerais pero está santificada pola presencia do Santo de Asís.

A fonte da Escravitude deita por debaixo do Santuario barroco dedicado á Virxe, situado na estrada de Santiago de Compostela a Pontevedra. Segue contando con moitos devotos, en particular o día da festa.

Na igrexa de Vicenzo de Augasantas (Rois) hai dentro unha fonte santa. Antes eran moitas as persoas que acudían a ela na procura da saúde para os seus e para os animais.

OS ANIMAIS NA MEDICINA MÁXICA TRADICIONAL

Xosé Ramón Mariño Ferro
Universidade de Santiago

O CONTEXTO

Na miña opinión existen na medicina popular dous *puzzles* diferentes, dous sistemas distintos. Distintos e complementarios. Creo que, coma na maioría das sociedades, por non dicir en todas, a tradición occidental distingue, segundo a orixe que lles atribúe, entre doenzas naturais e doenzas sobrenaturais.

Naturalmente, aínda que tódalas culturas distingan entre enfermidades naturais e enfermidades sobrenaturais, os seus usos médicos concretos difiren en grande medida, porque tamén difiren as súas concepcións en torno á relixión e á natureza. No caso das medicinas populares europeas, o contexto relixioso é o Cristianismo; o contexto natural variou co tempo: antigamente era a teoría dos catro elementos e na actualidade a ciencia. Antes a oposición establecíase entre medicina relixiosa e medicina humoral, hoxe entre medicina relixiosa e medicina académica.

Os dous sistemas compleméntanse. En xeral, a medicina relixiosa ocúpase das enfermidades que escapan á competencia dos médicos, antigos ou modernos. Como di Pierre de Lancre, famoso inquisidor do Dezasete, "crese que en tódolos males novos, dos cales os médicos e naturalistas non descobren a causa nin os remedios en Hipócrates, Galeno e outros autores, hai algunha fascinación ou encantamento"[1]. En termos parecidos exprésanse hoxe os curandeiros e os seus clientes.

1. Lancre 1622, 103. Ver Mariño 1986, 213 ss.

Nos últimos anos esforceime, non sei se con algún acerto, en recompoñe-la orde dos dous sistemas tradicionais. Hoxe tratarei dun aspecto do que cando escribín *Plantas, carnes y minerales medicinales* non coñecía datos: a utilización dos animais por razóns que poderiamos chamar con todo rigor máxicas. Pero antes convén repasa-las bases do sistema humoral.

En España a medicina humoral foi practicamente desprazada pola medicina académica e só quedan restos. Sen embargo, segue viva en Hispanoamérica e Filipinas, a onde a levaron os colonizadores. Tamén se conserva nos países árabes, que, o mesmo cós europeos, a recibiron da Antigüidade grecolatina. Se a iso lle sumámo-la medicina oriental, que se basea en similares principios, poderemos afirmar que se trata do sistema médico tradicional máis estendido.

Partindo dos retallos que sobreviven en España sería tarefa imposible reconstruí-la totalidade do sistema. Pero, afortunadamente, contamos cunha longa tradición escrita. Podemos consulta-las obras de Hipócrates, de Galeno, de Celso, de Dioscórides e doutros destacados representantes deste saber médico. Entre eles quero resaltar ó doutor Laguna, a súa traducción e comentarios á obra de Dioscórides descubríronme o fío polo que guiarme no labirinto.

A BASE FILOSÓFICO-NATURAL

A medicina hipocrática é unha medicina natural. Fundaméntase na concepción da natureza vixente en Europa desde a Antigüidade ata o século XVIII. Na base desa concepción está a doutrina dos catro elementos: terra, auga, aire e lume. ¿Por que eses catro? Porque representan os tres estados da materia –sólido, líquido e gasoso– e o elemento transformador da mesma.

Ligadas ós catro elementos están as catro calidades: quente, frío, seco e húmido. A asignación de calidades a cada elemento non supón maiores dificultades: o lume é quente; tamén é quente o aire, pola súa condición de gas (pois os sólidos e os líquidos transfórmanse en gases mediante a calor). En cambio, a terra e a auga son frías. En canto á secura, a auga é húmida e tamén é húmido o aire, por ser como un vapor. O lume e a terra son secos.

Ó referirse ó corpo humano os médicos hipocráticos máis que dos catro elementos falan dos catro humores, é dicir, das catro substancias corporais que máis parecido gardan coa terra, a auga, o aire e o lume. Eses humores son: a bile negra (atrabile, melancolía), a flegma (pituíta), o sangue e a bile (bile amarela, cólera).

A bile negra encóntrase no bazo, de aspecto entre pardo e negro, como a terra. A flegma identifícase co líquido acuoso que sae polo nariz e que procede –pensábase– do cerebro. O sangue asóciase co aire porque o transporta desde os pulmóns ó corazón e deste a todo o corpo para refrixeralo. A bile, é dicir, o líquido que se acumula na vexiga do fel, recorda o lume pola súa cor amarela.

Os humores non permanecen inmutables ó longo da vida dunha persoa. O corpo consómeos e logo rexenéraos a partir dos alimentos. Estes sofren unha primeira cocción no estómago, separándose o quilo dos desperdicios. O quilo vai logo ó fígado, onde se produce unha segunda cocción ou destilación, e a calor separa os humores contidos no quilo segundo á súa densidade: o máis denso, a atrabile, vai ó bazo; o máis lixeiro, a bile, vai á vesícula biliar; o intermedio, o sangue, distribúese polo corpo.

Ese proceso non se desenvolve sempre do mesmo modo. Varía segundo o temperamento da persoa e as circunstancias ambientais. Así por exemplo, unha persoa de natureza cálida producirá máis humor cálido. Os factores ambientais que se teñen en conta son: o lugar, os ventos e as estacións do ano, que varían en calor e humidade. Tamén inflúen os astros, porque, ó estar compostos polos mesmos catro elementos, actúan sobre as plantas, os animais e, desde logo, sobre o corpo humano. Así, Marte, clasificado entre os planetas quentes pola súa cor de lume e a súa proximidade ó Sol, favorece a producción de cólera. En cambio, a Lúa, fría e húmida como a agua sobre a cal exerce a súa acción –segundo amosan as mareas–, incrementa a flegma.

SAÚDE, ENFERMIDADE E CURACIÓN

Unha persoa que posúe os catro humores en perfecto equilibrio mantense sa. Pola contra, a enfermidade xorde cando ese equilibrio se rompe, debido á acción de axentes externos –dieta, ventos, estacións do ano, clima local, etc.– ou a causa das características propias de cada persoa –temperamento, idade, sexo–.

A curación prodúcese cando se logra restablece-lo equilibrio humoral. Na maioría dos casos a mesma natureza encárgase desa misión, por medio de purgas naturais como a menstruación, os fluxos de sangue hemorroidais, os vómitos, etc. Nos casos graves hai que axudar á natureza. O primeiro paso consiste en cambiar de dieta. Inxeriranse comidas, faranse exercicios e tomaranse baños que xeren humores contrarios ós causantes da doenza. Se o desequilibrio se mantén, recórrese ós fármacos e á cirurxía. Entre os medios cirúrxicos destacan a incisión e a sangría, que serven para eliminar do corpo os humores nocivos. Os fármacos principais son os purgantes, substancias de natureza cálida que, coa súa calor, dilatan as vías de saída das purgas naturais favorecendo as evacuacións; e os astrinxentes, que, polo contrario, co seu frío, cerran as vías de saída nos casos en que se padece unha excesiva perda de humores.

¿Como se elixen os fármacos neste sistema? Creo que os fármacos eran elixidos polas súas calidades –calor, frío, humidade e secura– e que estas se deducían de certas características das plantas, os animais e os minerais.

Xa vimos que a enfermidade se debe ó exceso dalgún dos catro humores e que para restablece-lo equilibrio se empregaba, amais da Cirurxía, a Dietética e a Far-

macopea. A Dietética tiña como fin favorece-la producción do humor contrario ó pecante. Por iso, entre outras cousas, prescribíase o consumo de alimentos con calidades opostas ás do humor causante da enfermidade. Por Farmacopea entendíase a utilización de medicinas de diversas calidades, segundo se desexase purgar ou astrinxir.

O que quero dicir é que tanto no caso da Dietética coma no da Farmacopea elixíanse as substancias en razón das súas calidades naturais, é dicir, calor, frío, humidade e secura.

Agora ben, ¿como sabían de que calidade está dotado cada ser natural? ¿Asignábanlla ó chou ou dentro dun sistema? A miña resposta é: asignábanlla de acordo coas súas propiedades (sabor, color, etc.) ¿E que calidades lle asignaban a un determinado sabor ou color? As mesmas que posúe o humor que, por natureza, tamén ten ese sabor ou color.

A atrabile, é dicir, o humor que hai no bazo, é aceda e negra. A flegma, como a auga, é insípida e incolora ou branca. O sangre é doce e vermello. E a bile é amarga e amarela. Pois ben, se unha planta é amarga, considérase quente e seca como a cólera; se unha planta é aceda, considérase fría e seca como a atrabile; etc. Se unha planta é vermella, considérase quente e húmida como o sangre; se é branca, fría e húmida como a flegma, etc.

Pero, como xa pensaría o lector, as plantas amarelas non son sempre amargas, nin as vermellas son doces, nin as brancas insípidas, nin as negras acedas. ¿Como se resolve o problema? Outorgando preeminencia á clasificación segundo os sabores. Para os hipocráticos, o sabor amosa a auténtica natureza das plantas; a cor, na maioría dos casos, é unha simple pintura externa que non afecta á súa verdadeira natureza.

Pero nalgúns casos nin sequera fai falta recorrer ó sabor porque as aplicacións médicas das plantas aparecen máis claras e patentes. Resulta que existen plantas que amosan por medio dun signo formal a enfermidade ou o órgano que son capaces de curar. Estamos ante a teoría da signatura.

Henri Leclercq escribe: "Toda sustancia leva signos exteriores, unha *sigillation* (ou signatura máxica) destinada a indica-los órganos ós cales corresponde e as afecciòns deses órganos que cura"[2]. Entenderase perfectamente cuns exemplos.

O froito do xirasol "é redondo e pendente como as verrugas que se chaman acrocordonas"; por iso, "aplicado en forma de emplasto con sal, extirpa as verrugas pendentes". A semente da "alacranera" (*Coronilla scorpioides*) é semellante á cola do alacrán; aplicada en forma de emplasto é remedio soberano ás mordeduras dese animal.

O "pinillo de oro" (*Hypericum ericoides*) "quebranta as penas ata abrir gretas na roca viva e mete nelas as raíces"; de aí deduciuse que é capaz de quebranta-las

2. Cit. Goursaud 687. Ver Saintyves 43.

pedras ou cálculos. Os bulbiños da raíz da saxífraga empréganse "para desface-los cálculos urinarios e a areíña. Esa virtude parece ser consecuencia das suxestións derivadas da forma granuloide dos bulbiños radicais"[3].

Unha das especies de cambroeira (*Lycium halimifolium*) ten uns grans do tamaño dos garavanzos, "no medio dos cales se ven unhas formas de corazóns humanos perfectamente estampadas; de onde queren algúns xulgar que tal planta posúa especial virtude contra as fraquezas do corazón, e que a este respecto sinalouna así a natureza".

As carabuñas dos dátiles moídas confortan o corazón. "Coñécese que son cordiais as ditas carabuñas en ver que se partimos ó través calquera delas polo medio, en cada metade amósase un corazonciño moi vermello, perfectamente esculpido. Por este sinal quíxonos declara-la natureza o amigas que son do corazón".

A virtude máis loada da herba das doas (*Lithospermum officinale*) é a litotrítica. Suponse que usándoa se desfán as pedras ou cálculos urinarios. Tal crenza parece basearse, unicamente, na teoría da signatura, pola dureza e o aspecto pétreos dos seus froitos[4].

A aplicación da escrofularia ás escrófulas foi suxerida pola forma dos tumores que se forman na cepa desta especie. As vellas usan flor de San Diego para recupera-la fertilidade porque esa planta é capaz de manifestarse na senectude, pois non é planta de primavera, coma os demais ranúnculos, senón daquela primavera outonal que no noso clima provocan as chuvias de setembro, cando todo está xa cansado de vexetar[5].

A borraxa brava (*Echium vulgare*) amosa entre as súas follas unhas flores purpúreas, e nelas certa semente semellante á cabeza de víbora. "Ten –asegura Laguna– tan gran virtude en defendernos das víboras que expresamente a quixo sinala-la Natureza dándolle por singular timbre e airón de tan sinalada victoria, nas extremidades dos seus talos, moitas cabezas viperinas, polas que fose coñecida e reverenciada"[6].

As orquídeas, que teñen dúas tuberosidades semellantes ós compañóns, empréganse para espertar e aguilloa-la virtude xenital. As poliñas da roseira silvestre, cos seus aguillóns, "recordan os dentes cairos da queixada dun can; preservan contra as mordeduras do can rabioso". "Os froitos de tódolas roseiras, redondeados ou ovoides, e con grans moi duros no seu interior, que recordan os cálculos urinarios, serven para desfacelos e botalos"[7].

3. Font 294, 302.
4. Font 557-8.
5. Font 609, 231, XXXVII.
6. Laguna IV, 29.
7. Font XXX.

O froito do beleño representa unha moa podre; por iso se emprega contra a caries. As follas da laranxeira fan xunto ó rabo certo corazonciño, de onde se deduce que fortifican admirablemente o corazón. "A ficaria bota un grupiño de prolongadas tuberosidades que recordan as hemorroides externas, polo cal se empregan para combatelas"[8].

O coandro (*Asplenium trichomanes*), "polos negros pedúnculos dos seus frondes, levou a crer que é un excelente tónico capilar". "Coas noces a medicina das similitudes encontrou un remedio contra as afeccións da cabeza. A casca verde daquelas representa o coiro cabeludo; a outra casca, dura e leñosa, corresponde ós ósos do cranio; a película amarelada ou leonada que recobre a améndoa equivale ás meninxes; e a propia améndoa, ós hemisferios cerebrais"[9].

Esta teoría da signatura, coma o resto da medicina hipocrática, pervive no noso século. Font Quer, de quen extraemos moitos dos exemplos antes citados, conta que herborizando no balneario de Cardó, pouco despois da Guerra Civil, preguntoulles a dous pastores polo nome do *Polypodium vulgare*, pero descoñecíano. Entón díxolles: "Aquí chamámoslle herba das vexigas". E amosóulle-lo envés varioloso, cos numerosos montonciños de esponxiarios, como pústulas variolosas. Un dos pastores quedou pasmado e díxolle ó seu compañeiro: "¡Mira como a propia planta che declara a súa virtude!"[10].

Os minerais compórtanse de forma moi parecida ás plantas. Tamén é o sabor o criterio fundamental, pero os *signa* non se descoidan. Así sucede coa tarnicen –un tipo de xaspe– e a seralicen. Na tarnicen aparece a figura dunha sambesuga; "e a súa virtude é tal que se a poñen na boca dalgún animal que teña sambesuga no corpo ou na garganta, atráea con tal forza que a fai vir apegarse a ela". A seralicen "seméllase en forma e cor ó bazo do home; ten tal virtude que aquel que a trae consigo cinguida, sanda de todo mal de bazo"[11].

En canto ós animais, os criterios varían un pouco. "Dos corpos dos animais –escribe Al-Razi–, en xeral, dise que son cálidos e húmidos cando se poñen en relación con outros corpos que non pertencen á especie animal, porque a calor e a humidade, sen excepción, predominan nos animais, aínda que algúns por excepción son fríos e secos, como as formigas e as abellas, entre outros"[12].

Segundo Averroes, "o erro dalgúns ó interpreta-lo aserto dos antepasados: 'o animal é de complexión cálida e húmida', foi crer que se referían á natureza nel predominante, cando o expresaron así en relación coas plantas ou comparando o ser

8. Font XXXI-II.
9. Font XXXII-III.
10. Font XXVII.
11. Afonso X n.º 179, 297.
12. Al-Razi 35.

vivo co morto; porque entre os animais hainos de complexión fría e seca, así por exemplo, abellas, moscas e formigas"[13].

Noutras palabras: comparados coas plantas, os animais son, en xeral, en conxunto, quentes e húmidos, pois a carne ten esa natureza. Pero existen especies concretas que son frías. Tamén existen especies máis quentes ca outras.

O feito de que en xeral sexan cálidos e húmidos, igual có home, fai que o seu emprego como fármacos teña escasa importancia. Salvo excepcións, non posúen a calor ou o frío necesario para actuar dunha maneira rápida e eficaz sobre o corpo humano. En cambio, coa súa calor ou frío moderados, poden propiciar, a longo prazo, a xeración dun determinado humor; o cal os converte en elementos importantes da dieta.

¿Como se coñecen as súas calidades? Vimos que a natureza das plantas se coñecía polos seus sabores. Ese sistema de clasificación dificilmente se podería aplicar ós animais, pois as carnes, aínda que variadas en sabor, non son acedas, picantes, amargas, etc. Como di Aristóteles, "é xustamente nos vexetais, sobre todo, onde se encontran os sabores"[14].

Se falta ese sinal téñense en conta outros varios: o medio en que viven, a velocidade, o carácter, etc.

A relación entre o medio e as calidades queda ben clara na teoría de Leucipo e Demócrito sobre a orixe dos seres vivos: "Os que contiñan a maior calor, partían cara ás rexións altas e chegaban a ser volátiles; aqueles que, pola súa parte, posuían unha composición terrosa formaban o xénero dos réptiles e dos outros animais terrestres; e, por último, os que tiñan parte maior de natureza húmida, afluían cara á rexión de natureza similar á deles, e recibían o nome de acuáticos"[15].

Falando sobre a natureza dos seres vivos, Aristóteles di: "Na constitución duns entra máis a terra, coma nas plantas; na doutros é a auga a que predomina, coma nos animais acuáticos. En canto ás aves e ós animais terrestres, uns están formados de aire e outros de lume"[16].

Esta clasificación xeral sofre variacións por diversos factores. Un deles é o carácter. Os animais feroces, irascibles, é dicir, coléricos, son cálidos. Tamén son cálidos os que se moven moito e os áxiles e veloces. En cambio, os lentos e mansos denotan frialdade. Dío Aristóteles: "É a calor o que produce o movemento"; e Galeno confírmao: "Entre os animais o que é máis quente é máis activo"[17].

13. Averroes 75.
14. Aristóteles *Parva natura* 441b.
15. Eggers III, 257 e ss.
16. Aristóteles VI, 270. Ver 1961, 129.
17. Arist. 1961, 48; en Daremberg II, 99.

Segundo o Marqués de Villena os animais posúen naturezas diferentes, porque están formados con distintas proporcións dos catro elementos. "Aqueles que tomaron máis do lume e do aire –elementos cálidos– foron máis lixeiros, así como as aves, e aqueles que tomaron máis de lume que de aire voan máis lixeiro, así como o gabián, *arexaque* ou birrio, e os outros que tomaron máis de aire ou de auga voan máis pesado, así como patos ou miñatos, garzas e outros semellantes. E doutros que tomaron máis do lume –cálido e seco– foron cólericos, así como o león, lixeiro e colérico; e os que tomaron máis de terra son melancólicos, así como o boi e o asno; e os que tomaron do elemento da auga foron flegmáticos, así como os peixes, especialmente sen escamas"[18].

Son fríos os animais sen sangue, que é cálido e húmido. Di Al-Razi: "Todo órgano que carece de sangue é máis frío có que ten sangue nunha boa cantidade". Os cefalópodos, crustáceos e insectos, por carecer de sangre, teñen –segundo Aristóteles– natureza fría. Segundo Cárdenas, a araña, o mosquito, o alacrán, a formiga, etc., "por carecer de sangue, son de temperamento frixidísimo e sequísimo"[19].

En cambio, os animais carnosos e corpulentos, é dicir, os sanguíneos, por ter moito sangue, son cálidos e húmidos. Son así mesmo cálidos os que teñen moita graxa[20].

Os animais nocturnos son, coma a noite, fríos. Por exemplo, o rato e o bufo. Tamén son de natureza fría os frientos, como a salamántiga[21].

Secos son, con toda lóxica, os que beben pouco e non mexan. O autor de *Sobre la dieta* di: "En canto ás aves, pasa o seguinte. En xeral, todas son máis secas cós cuadrúpedes. Pois tódolos animais que non teñen vesícula carecen de ouriños e de saliva, xa que a causa da calor do ventre consómese a humidade procedente do corpo no alimento para o elemento cálido, de modo que non teñen ouriños nin saliva. E en quen está falto de humidade forzosamente que a carne ten que ser seca. A máis seca é a da pomba torcaza, en segundo lugar a da perdiz, e en terceiro as da pomba, a galiña e a rula. A máis húmida é a de ganso. As que se nutren de gran son máis secas cás outras. As carnes de pato e demais aves que viven nos pantanos ou sobre as augas son todas húmidas"[22].

Os sinais formais e, sobre todo, o comportamento tamén son moi importantes á hora de decidi-lo emprego médico das carnes. E aquí entramos xa no tema central da presente exposición.

18. Villena 1983, 103; Lawn 26, 97, 129; Jatib 99, 184, Morin 221.
19. Arist. 1961, 119; Al-Razi 43, Cárdenas 206.
20. Cárdenas 207.
21. Morin 221, Laguna 156.
22. Arist. 1957, 517, 548; Hip. III, 64; Joly 111, Laín 321.

OS ANIMAIS COMO FÁRMACOS MÁXICOS

Aguia

Segundo Plinio varias especies de aguias utilizan, para construí-lo seu niño, a pedra etite, que posúe virtudes curativas sempre e cando sexa collida no niño da aguia[23]. Laguna di que efectivamente se poden encontrar no seu niño. Os antepasados crían que as aguias levábana ó niño para facilita-la posta. Dioscórides afirma que, atada á coxa da parturiente, lle axuda a parir sen dor. O propio Dioscórides dáno-la razón simbólica –dentro da teoría das signaturas– dese emprego: "A pedra da aguia soa ó meneala, por *estar como preñada doutra pedra,* que ten dentro de si"[24]. Plinio di: "Resoa cando se sacode, encerrada como dentro dun útero"[25]. Efectivamente, a etite é unha "concreción de óxido de ferro en bólas informes, composta de varias capas concéntricas de cor amarela e parda avermellada, xeralmente cun nódulo da mesma substancia solto no interior da bóla"[26].

Andoriña

"Polo que atinxe ós polos da andoriña –escribe Aristóteles–, se, cando son aínda novos, lles pica un os ollos, os referidos polos despois sandan e ven"[27]. Plinio tomándoo de Aristóteles di: "As crías da andoriña son cegas ó principio, como as de case tódolos paxaros que teñen unha proxenitura numerosa"[28]. Eliano, citando erroneamente a Aristóteles, atribúe o poder de recupera-los ollos ás andoriñas adultas: "Aristóteles di que hai en Samos unha andoriña branca. Se alguén quebranta os seus ollos, queda cega inmediatamente, pero despois recupera a vista, ilumínanse as súas pupilas e outra vez volve ver"[29]. "Na miña opinión o don máis estimable outorgado pola Natureza á andoriña é o seguinte: se por casualidade os seus ollos son atravesados por unha fíbula, recupera a vista"[30]. Fournival: "Comprobouse que se ás pequenas andoriñas lles sacan os ollos, e se devolven ó niño, verán de novo antes de chegar a medrar de todo. Pénsase que a andoriña as cura, pero descoñécese cal é o remedio"[31].

23. Plinio X, 12.
24. Dioscórides V, 118; ver Covarrubias 869.
25. Plinio X, 12.
26. Diccionario Academia.
27. Aristóteles VI, 5 (563a). Ver II, 17 (508b); *Xeración dos animais* IV, 6 (774b).
28. Plinio X, 165 (60). Ver Aristóteles *Xeración dos animais* IV, 6 (774b). Logo citarémo-lo texto.
29. Eliano XVII, 20.
30. Eliano II, 3.
31. Nalgunhas versións da Biblia tradúcese por "golondrina" o animal do cal o seu excremento cegou a Tobías (Tb 2, 10). De aí que nalgúns Bestiarios –por exemplo, o de Latini– se recolla esa crenza. Pero en realidade trátase de gorrións.

O remedio, segundo unha tradición que perviviu durante séculos, é a celidonia. Plinio: "A andoriña amosóuno-lo poder curativo para a vista da celidonia ó tratar con esta planta a inflamación dos ollos dos seus pequenos"[32]. Eliano parece facer referencia a ela: "Os pitos son lentos en abri-los ollos, como lles acontece ós cachorros dos cans. Pero a andoriña recolle e trae unha herba e con ela pouco a pouco conseguen ver; logo, despois de permanecer quietos algún tempo, cando xa poden voar abandonan o niño para buscar alimento. Os homes devecen por posuír esta herba, pero aínda non conseguiron o seu propósito"[33]. Dioscórides: "Escriben algúns que as andoriñas ó cegar algunha das súas crías logo restablécenlle-la vista, tocándolles con celidonia nos ollos"[34]. *Bestiario Toscano*: "Se alguén lles saca os ollos ás súas crías cando están nos niños, sempre a andoriña acode e leva unha herba alí e pona sobre os ollos, e de seguida ven, e recuperan a vista... Esta andoriña cando lles devolve a vista ás súas crías ó darse de conta de que teñen dano, podemos comparala a Deus Noso Señor, que lles devolve a vista ós seus fillos, porque os que están de acordo co camiño do pecado están cegos". Covarrubias: "Deulle Deus un instinto natural que, nacendo as súas crías cegas, busca unha herba coa cal refregándolle-los ollos ven logo, e por iso lle puxeron do seu mesmo nome a herba celidonia, que vale tanto como herba das andoriñas". A crenza mantense na cultura popular[35], aínda que ás veces se descoñece o nome da planta[36]. En Normandía afirman que cura os ollos feridos das súas crías cunha pedriña que busca na beira do mar; esa pedriña servirá logo como remedio[37].

A explicación ofrécenola o mesmo Aristóteles na *Xeración dos animais*: "Hai paxaros que teñen crías inacabadas e cegas: son os que teñen moitas crías e un corpo que non é grande, como a choia, a pega, os gorrións, as andoriñas... Velaí a razón de que se se lles pican os ollos ás andoriñas mentres son novas, recobran a vista: esta ferida intervén no transcurso do seu desenvolvemento, antes de que acabe, por iso continúan o seu crecemento ou reiníciano"[38]. O Padre Feijoo tamén ve nese texto a explicación: "O uso que se di que fai a andoriña da celidonia, restituíndolle-la vista ós seus polos con ela, lese en moitos autores, e está moi propagado no vulgo... Todo é falso. O que hai de verdade, e o que, en parte, motivou a fábula, é que, se ós polos da andoriña lles pican os ollos, perden o uso da vista, pero dentro de moi breve tempo recóbrano. Aristóteles só di isto"[39].

32. Plinio VIII, 98 (41).
33. Eliano III, 25.
34. Dioscórides II, 171. Tamén Laguna. Ver Latini.
35. Cabal 365.
36. Guichot 100.
37. Sébillot 216.
38. Aristóteles *Xeración dos animais* IV, 6 (774b). O feito é real: Ver nota de Platt á traducción inglesa.
39. Feijoo *Suplemento al Theatro Crítico* IX, páx. 35. Cit. Font 247.

Esa recuperación debeu parecer aínda máis asombrosa nunha ave como a andoriña, dotada dunha vista excelente: "En canto ós sentidos, o que ten máis desenvolvido é o da *vista*: chega a distinguir en voo e a grandes distancias os insectos máis diminutos"[40]. Pero, ¿por que con celidonia? En primeiro lugar porque esta planta, como se infería do seu sabor acre e picante, era "moi quente e con gran virtude de purgar" e, polo tanto, valiosa para cura-los ollos e tamén para outras enfermidades[41]. Sen embargo, existindo, como existían, moitas plantas quentes que se empregaban para as enfermidades oculares, ¿por que se relacionaba a andoriña especialmente coa celidonia? A razón encontrámola en Dioscórides: "Parece que lle deron este nome de celidonia, que quere dicir herba das andoriñas[42], porque nace cando veñen as andoriñas, e cando marchan seca e murcha"[43]. San Isidoro: "A celidonia chámase así porque agroma, segundo parece, coa chegada das andoriñas; ou porque, segundo din, as andoriñas curan con esta herba os ollos"[44]. O cal responde á realidade[45]. Mesmo existe outro aspecto que relaciona a celidonia coa andoriña, aínda que non podemos probar que os antepasados o tivesen en conta á hora de elabora–la crenza: "Non lle desagrada a compañía do home, xa que se encontra con frecuencia nas proximidades das casas de labranza, dos currais, e en fin, de toda clase de construcciónes rurais habitadas"[46].

Como ave de boa vista e que sabe cura-las enfermidades dos ollos, ela mesma pode servir como medicamento: "Comidas as andoriñas –asegura Dioscórides– aguzan moito a vista, para o cal tamén serve a cinza das andoriñas"[47].

Atún

Segundo Eliano, "se un rapaz desexa conserva-lo seu queixo sen pelos o maior tempo posible, mollándoo co sangue dun atún quedará imberbe"[48]. Este uso con toda seguridade débese a que "a pel do atún é grosa e está cuberta de escamas que diminúen de tamaño no sentido anterior-posterior. As rexións posterior e ventral caracterízanse polo seu aspecto *liso*, ó esta-las escamas perfectamente incrustadas no tegumento"[49].

40. Alvarado IV, 376.
41. Laguna II, 171.
42. Esa etimoloxía é verdadeira.
43. Dioscórides II, 171. Ver Mugarza II, 17.
44. *Etimologías* XVII, 9, 36.
45. Font 245.
46. Font 245.
47. Dioscórides II, 49.
48. Eliano XIII, 27.
49. *Gran Enciclopedia Gallega*. Ver Grassé III, 100.

Avestruz

"As *patas* son longas, *sen plumas* en case toda a súa extensión"[50]. E como as plumas equivalen ós pelos, entendémo-la aplicación que Alberto el Grande fai das patas: "Se se colle a pata esquerda dun avestruz macho e se fai ferver con aceite, friccionando a raíz do cabelo e o coiro cabeludo con aquel aceite, cae o pelo e non volve a nacer"[51].

Balea

Segundo asegura Hélinat de Froidmont, nos claustros servíase asado de balea como remedio contra a luxuria[52]. Utilidade baseada, sen dúbida, no comportamento sexual das baleas. Crese en Andalucía que "a balea pare cada sete anos, no mes de San Xoán"[53]. En efecto, algunhas especies, aínda que non todas, paren no mes de *xuño*[54]. E se non paren cada sete anos si é certo que o fan *cada dous, tres ou mesmo cada catro*[55]. O sete neste caso significa un número elevado de anos. Cantimpré, citando a Aristóteles, afirma que "os animais corpulentos son de escasa fecundidade". E, falando en concreto da balea, di: "A balea copula despois dos tres anos en coito fugaz". O cal implica pouca actividade sexual, o que deu idea da súa utilización contra a luxuria.

Cabalo

Sobre o celo das eguas Aristóteles escribe: "Entre as femias, *devecen por copular*, a que máis a egua, e logo a vaca. Así, pois, as eguas tolean polos cabalos"[56]. "A cubrición das eguas non é penosa para elas, como o é a das vacas. O cabalo e a egua son, despois da especie humana, os máis luxuriosos das femias e dos machos"[57]. Copulan en calquera época do ano e durante toda a súa vida[58]. En *A xeración dos animais* afirma que "as únicas femias que seguen aceptando o coito despois de estar preñadas, son a muller e a egua"[59]. O mesmo repetirán Plinio e Eliano[60]. O *Libro das utilidades dos animais* di do cabalo que "gústalle emparellarse, pero non os fillos". Segundo Cantimpré, "os cabalos provocan a súa luxuria cheirándose boca con boca".

50. R. de la Fuente I, 132.
51. Alberto 101.
52. Malaxecheverría 1982, 40; Huizinga.
53. Guichot 96; ver Machado 416.
54. R. de la Fuente X, 283; *Enciclopedia General del Mar.*
55. R. de la Fuente X, 298; *Enciclopedia General del Mar.*
56. Aristóteles VI, 18 (572a).
57. Aristóteles VI, 22 (575b).
58. Aristóteles VI, 22 (576b).
59. Aristóteles *Xeración dos animais* IV, 5.
60. Plinio X, 182 (63). En VIII, 164 (66), mal interpretando un texto de Aristóteles (*Xeración dos animais* II, 8), fala da pouca capacidade reproductora das eguas. Eliano IV, 11; ver XV, 25.

Como o semellante produce o semellante, certas partes do cabalo empréganse como afrodisíaco. Aristóteles cóntanos que as eguas en celo e sen macho "non consenten que ningúen se achegue a elas, ata que, unha de dúas, ou deixan de correr de cansazo ou chegan ó mar. Entón expulsan unha substancia: desígnase co nome de 'loucura de egua', o mesmo que a que presenta o poldriño ó nacer, e é como a mucosidade da porca, pero a de egua é o que máis buscan as mulleres dedicadas ás drogas e ás apócemas". "Flúelles dos órganos xenitais un líquido parecido ó esperma, pero moito máis fino có do macho: é este líquido o que algunhas persoas lle chaman 'loucura de egua' e non o que está adherido ós poldriños no momento de nacer"[61]. Nas *Xeórxicas* Virgilio menciona esa crenza: "Destilan do útero o espeso veleno que os pastores denominan hipómanes, o cal adoitan recolle-las malditas madrastas para mesturalo con herbas e conxuros"[62]. O hipómanes, certamente, existe: "O celo preséntase na egua a intervalos mal determinados e con frecuencia irregulares, e recoñécese no estado de excitación do animal, que rincha con frecuencia; nos movementos da vulva e en que desta flúe un *líquido abrancazado*"[63].

Pero tamén se lle chama hipómanes a unha excrecencia carnosa, así mesmo afrodisíaca: "En canto pare –di Aristóteles–, inmediatamente devora as parias e córtalle a dentadas a excrecencia que lle sale na fronte e que se chama 'loucura de egua'. Esta excrecencia é, no que respecta ó tamaño, un pouco máis pequena ca un figo paso, e, en canto á forma, plana, redonda e negra. E se un se anticipa á egua conseguindo facerse coa referida substancia, e a cheira a egua, esta alporízase e ponse furiosa ó cheirala. Esta é a razón pola que tamén as magas buscan esta substancia e fan provisión dela"[64]. "A excrecencia chamada 'loucura de egua' –engade noutro lugar– sáelles, xusto na maneira que se conta, ás crías de egua, pero as eguas devórana de raíz lambéndoa e limpándoa. Pero as narracións referidas verbo disto son, máis ben, ficcións inventadas por mulleres e as persoas dedicadas ós encantamentos. Por outro lado, segundo todos conveñen, tamén as eguas expulsan antes que á cría a membrana do poldriño"[65]. Na exquisita prosa de Eliano: "Cando unha egua pare, din uns que un pequeno anaco de carne queda adherido á fronte do poldro; outros que ó seu lombo, e outros, pola súa vez, que ós órganos xenitais. Esta carne a nai destrúea a dentadas e chámase 'frenesí da egua'. Isto sucede pola piedade e compaixón que a Natureza sente polos cabalos, porque se o anaco de carne se conservase adherido ó poldro para sempre, os cabalos e as eguas veríanse inflamados por un desexo irrefreable de realiza-la cópula... Saben isto moi ben os que

61. Aristóteles VI, 18 (572a).
62. *Xeórxicas* III, 280.
63. Espasa.
64. Aristóteles VI, 22 (577a). Plinio di o mesmo: VIII, 165 (66). Ver Virgilio *Eneida* IV, 515; Juvenal VI, 132.
65. Aristóteles VIII, 24 (605a).

coidan cabalos, e se algunha vez necesitan o devandito anaquiño de carne para acende-lo lume amoroso nalgunha persoa, vixían a egua preñada e, cando pare, quítanlle o poldriño ó momento, córtanlle a este a devandita carne e póñena ante o pezuño dunha femia, porque só alí estará ben coidado e vixiado; ó poldro sacrifícano ó sol nacente, porque a nai non quererá aleitalo por perde-lo seu distintivo e non posuí-la proba do seu amor –xa que a nai empeza a demostra-lo seu amor apaixonado ó fillo mediante o acto de come-lo anaco de carne-"[66].

Cangrexo

Tendo en conta as súas mudas e que a enfermidade chamada cancro recibe o seu nome da palabra latina correspondente a cangrexo, entenderémo-lo tratamento seguido por Andrés de Laguna para as chagas cancerosas: "O po de cangrexos aplicado sobre calquera chaga corrupta e cancerada, logo atalla toda a corrupción... Estando Diego Galván xa desafiuzado de cirurxiáns e médicos a causa dun certo apostema que se lle cancerou e que lle ía comendo case tódalas tripas, ordenei que lle botasen sobre toda a chaga o po de cangrexos queimados, feito isto, xerouse naquela noite, sobre a parte enferma, unha bostela dura e moi negra, que arrincou consigo toda a carne infecta e corrupta, deixando a chaga limpa e avermellada como un coral; a cal cicatrizou despois facilmente dentro de poucos días"[67].

Con cangrexos atállanse os efectos do veleno. Asegura Plinio que "son un remedio contra a picadura das serpentes"[68]. Segundo Dioscórides "son útiles contra as mordeduras das serpentes e contra as picaduras do alacrán"[69]. Aristóteles di que os cervos úsanos para contrarrestar calquera veleno: "Cando os cervos foron mordidos por unha tarántula ou algún bicho polo estilo, recollen cangrexos e cómenos: parece que esta medicación é tamén boa para as persoas, pero desagradable"[70].

Por dúas razóns puideron supoñe-los antepasados que os cangrexos servían de antídoto contra o veleno. Por un lado temos que, coa armadura formada polo *cacho* e coas temibles *pinzas*, o cangrexo encóntrase entre os animais cuns medios de defensa naturais máis chamativos; non debe sorprender, entón, que animal tan ben defendido se convertese en *medio de defensa* simbólico. Por outro lado está un feito observable: "Certos cangrexos levan no seu lombo unha variedade de *anémona* mariña, un animal con forma de planta que é capaz de aguilloear á súa víctima ó xeito da medusa. Ó verse atacada, a anémona mariña dispara unha gran cantidade de diminutos proxectís que teñen agullas para penetrar na pel do inimigo; como o seu veleno é moi forte, poucos son os que se atreven a agredir ó afortunado animal".

66. Eliano XIV, 18; ver III, 17. *Bestiario de Oxford*, Latini.
67. Laguna II, 10.
68. Plinio IX, 99 (31). Ver Dioscórides II, 10; Thompson 1947, 106, 193; McCulloch 173.
69. Dioscórides II, 10.
70. Aristóteles IX, 5 (611b); ver Plinio VIII, 97 (41).

Naturalmente, o cangrexo é inmune a ese veleno[71]. E de aí deduciuse que os cangrexos, en xeral, anulaban os efectos de calquera pezoña.

Cantáride

Seguindo unha crenza común, o Marqués de Sade utilizaba o po de cantáride como afrodisíaco[72], desexoso de copular coa mesma paixón que amosa o insecto: "O *emparellamento* dura un día e unha noite, despois do cal o macho se desmaia, pero segue unido polo pene á femia, que o arrastra, indo de folla en folla. Ás veces tamén devora o corpo do macho, pouco a pouco, aquí e alá. Cando a abandona é para morrer. A femia pon e á súa vez morre"[73].

Castor

Utilízase para atalla-la dor de dentes[74]. Utilización que comparten outros roedores de dentes fortes, pero o castor é especialmente indicado porque "para corta-las árbores está dotado de *recios incisivos*"[75]. Di Aristóteles: "Está provisto duns dentes potentes. En efecto, sae a miúdo da agua pola noite e secciona cos dentes os álamos da beira do río"[76]. Plinio fai unha comparación que tería éxito: "Corta as árbores coma cun ferro" [77] Segundo Cantimpré "é de moi poderosa dentada". Laguna copia a Plinio: "Ten entre outras cousas uns dentes de aceiro".

Cegoña

A cegoña, amais doutras cousas, come *cóbregas*[78]. Como se alimenta de serpentes, o seu estómago –supuxo Cantimpré– debe servir de antídoto contra os velenos.

Cervo

Di Plinio: "Este animal non é sensible ás febres, e incluso as cura"[79]. Latini: "Nin un só día da súa vida padece febre; é por esta razón que algunhas persoas comen a súa carne cada día antes de comer, e desa maneira permanecen a salvo da febre"[80].

71. George 333.
72. Clébert.
73. Gourmont 137.
74. Laguna II, 23.
75. Grassé III, 340; George 177.
76. Aristóteles VIII, 5 (595a).
77. Plinio VIII, 109 (47).
78. Brehm II, 209; Francé 341.
79. Plinio VIII, 119 (50).
80. Ver tamén *Bestiario de Oxford*; *Bestiario de Cambridge*; Covarrubias; McCulloch 174

¿Como se deduciu que non padecía febres? Do seu carácter covarde inferiuse que carecía de fel[81], pois a valentía asociábase coa bile[82]; e que o seu era *frío* de natureza[83]. Nesta clasificación tamén influíu a súa fama de animal melancólico –a melancolía ou bile negra é fría e seca–[84]. Cantimpré estima que a súa carne é melancólica. Como animal frío non é propenso a padecer *febres*, que se caracterizan por producir calor[85].

Chorlito

Considerábase que coa mirada podía cura-la ictericia. Segundo parece deducirse dun fragmento de Hiponacte, os que se dedicaban a vendelos levábanos cubertos ó mercado, a fin de que non absorbesen a ictericia dos posibles enfermos que os mirasen[86]. Di Plutarco: Os ictéricos "curan mirando un chorlito; tal natureza e temperamento parece te-lo animal, que atrae e recibe a afección cando sae, como unha corrente, pola vista. De aí que os chorlitos non lles dirixan a mirada ós que teñen icterica nin llela aguanten, non porque lles neguen, como algúns cren, o seu poder curativo, senón porque son feridos como polo golpe"[87]. Eliano: "Se unha persoa se ve infestada de ictericia e o mira fite a fite, aquel aguanta a mirada coa mesma impasibilidade que se sentise celos dela, e esta mirada retadora cura a mencionada enfermidade da persoa"[88]. O *Fisiólogo* latino di: "Se alguén está enfermo, o *charadrio* coñece se a súa enfermidade é mortal ou non. Se o é, o *charadrio* aparta del a mirada e todos comprenden que morrerá; pero se a enfermidade non é mortal, o *charadrio* mira de fronte ó enfermo e o enfermo ó charadrio. O charadrio absorbe a enfermidade do doente e, voando polos aires cara ó sol, queima a enfermidade e esparéxea"[89]. Tomás de Cantimpré: "É de tal natureza que nalgunhas ocasións se se achega a un enfermo, amosa con certeza ós presentes se o enfermo vai morrer ou vivir. En efecto, se mira a cara do enfermo e aparta os seus ollos, é sinal de morte, e se non aparta os ollos, é signo de vida, pois fíxase na súa cara e recolle tódalas enfermidades daquel enfermo inmediatamente". Honorio de Autun –coma no *Fisiólogo*– engade que o paxaro, unha vez que absorveu a enfermidade, voa cara ós raios do sol ata que o mal que absorbeu

81. Aristóteles II, 15 (506a); Plinio XI, 191 (74).
82. Mariño 1988. Plinio considérao o máis pacífico dos animais: VIII, 112 (50).
83. Dioscórides e Laguna II, 52; López 142; Durayhim 29.
84. Chevalier, Méndez Ferrín, Gervaise.
85. Mariño 1988 "Fiebre".
86. Gil 208. Os médicos hipocráticos receitaban caldo de chorlito para a ictericia (*Sobre las afecciones internas* VII 260, 4L). A razón era a mesma que imos ver despois.
87. Plutarco *Charlas de sobremesa* V, 7.
88. Eliano XVII, 13; ver Plinio XXX, 28 (11).
89. O mesmo di a versión atribuída a San Epifanio.

sae e o enfermo queda curado[90]. *De Bestiis et aliis rebus* ofrécenos unha versión un pouco máis imaxinativa: "Se se trata dunha enfermidade mortal, o *caradrio* aparta inmediatamente o seu rostro daquel home, e non hai dúbida de que morrerá. Se, ó contrario, debe fortalecerse e curarse, o *caradrio* mírao atentamente e, achegándose a el, ponlle o pico na boca e mediante o seu alento absorbe toda a enfermidade no seu propio corpo; despois, bótase a voar cara ó sol, queima a enfermidade e dispérsaa, e o enfermo cura"[91]. *Alexandre* remata: "Ó dirixi-la mirada, reciben en si mesmos a enfermidade do enfermo, e lévana polos aires para que morra no lume, que é o cuarto elemento, que consome tódalas enfermidades, sexan as que sexan"[92].

A explicación é a seguinte: o chorlito, coma o alcaraván, ten *grandes ollos amarelos*[93]. Se, posto ante un enfermo de ictericia, fixa os seus ollos nel –o cal é bastante probable–, coa cor amarela dos seus ollos absorbe a cor amarela dos ollos do enfermo –lugar onde primeiro se detecta a enfermidade–. (É práctica moi coñecida en Galicia cura-la ictericia mirando plantas que se poñen amarelas). Se deixa de miralo, suponse que tal comportamento non se debe á pura casualidade, senón a que o paxaro intúe que a enfermidade está demasiado avanzada para poder curala. Logo sóltase o paxaro, que sairá voando. Honorio de Autun interpretarao como que voa cara ó sol para que o lume, que queima tódalas impurezas, destrúa a enfermidade[94].

Cigarra

Dioscórides recoméndaas para as dores de vexiga[95] e os campesiños provenzais utilízanas como diurético. É que esa utilización baséase nun signo, do que os campesiños provenzais son aínda conscientes: "Todos saben que a cigarra *escapa lanzando* á faciana do que quere collela un brusco *chorro de ouriños*. Logo, deben transmitírno-las súas virtudes evacuadoras. Así deberon razoar Dioscórides e os seus contemporáneos; así razoa aínda o campesiño provenzal"[96]. Que os antepasados coñecían o particular sistema de defensa das cigarras próbao Aristóteles: "Cando alguén as asusta lanzan un líquido que parece auga, o que os labradores interpretan como que mexan"[97].

90. Cit. por Sebastián 122.
91. Cit. por Malaxecheverría 117.
92. *Alexandre* 239 cit. por Malaxecheverría 118.
93. Thompson 311.
94. Queima-las impurezas-enfermidades é moi común na medicina popular: Mariño 1985, 158 ss.
95. Dioscórides II, 45.
96. Fabre II, 32.
97. Aristóteles V, 30 (556b); ver Plinio XI, 94 (32).

Corvo

A medicina máxica propoñía ó negro corvo para ennegrece-lo cabelo. Eliano: "Os ovos de corvo ennegrecen o cabelo. E é preciso que quen tinxa o cabelo teña na boca aceite de oliva cos labios cerrados. Se non o fai así, non só o cabelo, senón tamén os dentes, ennegrécenselle e faise difícil devolverlles de novo a súa brancura"[98]. Plinio engade que o sangue, o cerebro ou a carne producen o mesmo efecto[99].

Do corvo destaca, en efecto, a cor *negra* da súa plumaxe[100]. A miúdo serve como termo de comparación. A Noiva do *Cantar de los Cantares* di do seu Amado: "As súas guedellas, pólas de palmeira, negras coma o corvo"[101]. Covarrubias comeza a tratar do corvo desta forma: "Ave coñecida, e entre todas a máis negra, e tanto que para incrementar esta cor noutro suxeito, dicimos: é máis negro có corvo".

"Hai quen di –comenta Aristóteles– que os corvos e o ibis se unen pola boca. Esa é a opinión de Anaxágoras e dalgún outro naturalista"[102]. O Estaxirita coñecía a base en que se apoiaba tal crenza: "Sacan esa falsa conclusión tendo en conta que rara vez se ven emparellarse e si, en cambio, se ven a miúdo peteirar un ó outro... Por outra parte, iso mesmo fan as pombas, pero como non resulta difícil velas copulando, non teñen dereito a esa reputación"[103].

Como as femias paren por onde conciben, "o vulgo cre –di Plinio– que os corvos *poñen pola boca*"[104]. "Por esa razón, se unha *muller embarazada* come un ovo de corvo, *expulsa pola boca o froito das súas entrañas*, e, en xeral, pare con moita dificultade, se alguén leva á súa casa ovos de corvo"[105]. Cantimpré recolle a crenza.

Crocodilo

Non sorprende que o utilizasen para *non envellecer* ou para recobra-lo aspecto xuvenil. Di o *Bestiario de Cambridge*: "As súas feces proporcionan un ungüento co que as prostitutas vellas e engurradas untan o rostro, recobrando a beleza". O mesmo aseguran o *Bestiario de Oxford* e Guillaume Le Clerc.

E non sorprende porque, segundo sinala Dröscher, os crocodilos seguen a regra xeral que di: mentres un ser crece, *non envellece*. Se chegan a *centenarios* débese a que *nunca deixan de medrar*[106]. Os antepasados sabíano, pois Aristóteles escribe:

98. Eliano I, 48. Ver Covarrubias.
99. Plinio (34).
100. R. de la Fuente VI, 215.
101. Ct. 5, 11.
102. *Xeración dos animais* III, 6 (756b).
103. *Xeración dos animais* III, 6 (756b).
104. Plinio X, 32 (12).
105 Plinio X, 32 (12).
106. Dröscher 21; Freericks 301: "Llegan a los cien años e incluso más".

"Determinados autores argumentan que está medrando ó longo de toda a súa vida"[107]. E Plinio: "Algúns autores pensan que é o único animal que medra mentres vive; e vive moitos anos"[108].

Donicela

Por ser capaz de inxerir animais velenosos sen sufrir molestias, suponse que serve de antídoto contra a mordedura das serpes. Ademais, adoitaba traducirse por donicela o nome da mangosta, inimiga da velenosísima cobra. Segundo asegura Dioscórides, "é eficaz remedio contra as mordeduras de todo tipo de serpes e tamén contra o tóxico"[109]. Cantimpré: "A súa pel é un remedio contra o áspide".

Foca

Segundo unha crenza recollida por Plinio, "a aleta dereita posúe virtude soporífera: colocada debaixo da cabeza –escribe o enciclopedista romano– incita ó sono"[110]. Nada raro se temos en conta que aínda hoxe se di "dormir coma unha foca". E existen boas razóns para esa expresión porque estes mamíferos mariños víronse obrigados a amañarse para dormir sobre a auga. "Algunhas *dormen en posición vertical,* como flota unha botella, mantendo os seus orificios nasais fóra da auga e respirando regularmente. Outras, en cambio, *dormen* entre dúas augas, e de vez en cando, sen espertar, ascenden á superficie e toman varias profundas bafaradas de aire antes de volver somerxerse. Comprobouse que, mesmo durmidas en terra firme, varias especies respiran así"[111]. "Ó regresar á praia, a foca é o símbolo da preguiza máis absoluta: expón ós raios do sol unhas veces o ventre, outras o dorso, outra os costados; e abre e cerra os ollos con *aire somnolento*"[112].

Aristóteles e Eliano sinalan que dormen en terra firme[113], sen engadir ningún comentario sobre a profundidade do seu sono. Plinio, en cambio, afirma que "ningún animal ten un sono máis pesado"[114].

Galo

Os galos amosan un grande *ardor sexual* e pelexan entre eles encarnizadamente polas femias[115]. Aristóteles destaca a súa fogosidade: "As aves na época do emparellamento aumentan o tamaño dos testículos: as que se emparellan máis

107. Aristóteles V, 33 (558a).
108. Plinio VIII, 94 (38).
109. Dioscórides II, 24. Covarrubias cítao.
110. Plinio IX, 42 (13).
111. R. de la Fuente X, 108.
112. *Albumes Noguer* IV, 274.
113. Aristóteles VI, 12 (566b); Eliano IX, 50.
114. Plinio IX, 42 (13).
115. R. de la Fuente VII, 140.

auméntano dunha maneira máis clara, por exemplo galos e perdices, e as que non se emparellan continuamente, menos"[116]. E ó falar, en xeral, do emparellamento dos animais, escribe: "Uns son moi dados ó acto amoroso, como, por exemplo, o xénero das perdices e das galiñas"[117]. Opiano, para resalta-la paixón amorosa dos cervos, compáraa coa de "os lascivos e belicosos galos"[118]. Covarrubias: "O galo, por ser tan lascivo e tan continuo en galea-las galinas, perde presto as súas forzas. El só entre tódolos animais, despois do coito queda louzán e alegre, porque adoita cantar". "Pelexan o pai e o fillo sobre galea-la galiña" e por iso botan galos, e outros animais, na cuba dos *parricidas*[119].

Os galos domésticos emparéllanse con numerosas galiñas. "Os *bankiva* –galos silvestres– adoitan reunir nos seus territorios de tres a cinco femias"[120]. Ramón Llull: "Ademais de ser de fermosa apostura e sabio, ten grandes dotes de mando, pois sabe exercer absoluto dominio sobre gran número de galiñas"[121]. O *Libro das utilidades dos animais* ve a *poligamia* do galo baixo a óptica musulmana: "O galo caracterízase pola valentía e os celos, e polo ben e moito que cobre, non se satisfai cunha soa femia, senón que reúne con el a varias galiñas, ás que trata con equidade, sen preferir unha a outra".

Segundo Pérez de Heredia, "chámanlle 'turco' porque ten moitas mulleres. Non hai ave que tan gallardo e gozoso se amose con elas"[122]. Como "gallo" ou "gallito" compórtase o MACHO, O DON JUAN, ó que non lle abonda unha soa femia. O tema aparece en moitas cantigas populares.

Os testículos de animal tan ardente "fortalecen o coito e aumentan o desexo del"[123].

Lagarto

O *Libro de San Cipriano*, de ampla difusión en Galicia e Portugal, asegura que se consegue *o* amor dunha persoa dándolle a tomar pos de lagarto[124]. "En Estremadura aínda se elaboran os pos do querer e do aborrecer cun lagarto, ó cal se atravesa de parte a parte, sécase ó sol e móese; o home que refregue tales pos nas mans será amado pola muller que toque"[125]. Do *Libro das utilidades dos animais* é esta

116. Aristóteles VI, 9 (564b).
117. Aristóteles I, 1 (488b).
118. Opiano *De la caza* II, 190.
119. Covarrubias "Gallo", "bíbora", "cuba" (Ó parricida metíano nunha cuba e tirábano á auga)
120. R. de la Fuente VII, 141.
121. Llull 21.
122. Pérez de Heredia 129v.
123. Durayhim. Ver Laguna II, 44. A súa carne é a máis equilibrada con respecto ó corpo humano: Jatib 118, Durayhim.
124. Cit. por Bouza I, 75.

receita: "Se se coce a súa carne, se colle a súa graxa, se mestura con lirio e se unta con iso o pene, é maior o coito"[126].

Os lagartos son certamente *apaixonados no amor*. "O lagarto segue á lagarta nunha característica marcha de emparellamento, achégase cada vez máis ó corpo dela, lámbea e, de súpeto, mórdea con tódalas súas forzas no costado ou na caluga"[127]. "A femia permanecerá quieta e permitirá que o macho lle colla a cabeza coa queixada mentres insire un dos seus apéndices cloacais coñecidos co nome de hemipenes"[128]. "É practicamente imposible separar dous lagartos emparellados"[129].

A cola separada do tronco segue movéndose durante uns minutos. Existe unha lenda catalana que di: "Nun alto que fixo no transcurso da longa viaxe, a Nai de Deus sentou ó pé dunha árbore para darlle de mamar ó Neno. Estaba tan cansa que quedou durmindo. O lagarto aproximouse a ela solapadamente coa intención de chuparlle os peitos. Foi maldito por ter esa audacia, e é por iso polo que a xente o tortura e lle corta a cola: é tan rabiosa e chea de veleno que continúa movéndose e corre como se tivese patas, mesmo cando está separada do tronco"[130].

Ós *movementos da cola cortada* encontróuselles parecido coas contraccións musculares producidas polas cambras e cos tremores que acompañan á febre. De aí que en Galicia se fagan cruces cunha fouce mollada en sangue de lagarto sobre a parte afectada por unha cambra[131]; e de aí que en Gascogne e en Andalucía lle colguen ó pescozo do enfermo con febre un lagarto vivo[132].

"Os lagartos e as serpentes perden periodicamente a súa capa córnea tegumentaria, a cachos en case tódolos lagartos"[133]. Noutras palabras: sofren *mudas*. Aristóteles cita o lagarto entre os animais provistos de escamas que mudan a "vellez" (camisa)[134]. De aí que –segundo recomenda Alberto el Grande– "as mulleres de certa idade e que, sen embargo, queren parecer fermosas, deben aprecia-lo esterco de lagarto, porque quita tódalas engurras, branquea toda a pel, dálle un ton rosado á carne e fai agradables ás damas"[135].

125. Gómez Tabanera 104.
126. Durayhim 56.
127. Wendt 1964, 300.
128. Frazer 63.
129. Wendt 1964, 300.
130. Amades 273.
131. Bouza I, 76 (A fouce é unha arma para espanta-lo mal: ver Mariño 1985).
132. Sébillot 296; Machado 338.
133. Grassé III, 145.
134. Aristóteles VIII, 17 (600b). A palabra grega para camisa de réptil é "vellez".
135. Alberto 118.

Lebre

Os estremeños cren que tomando lebre se volven fecundas as mulleres estériles[136]. Na lebre destaca, en efecto, a súa fecundidade. Xa Heródoto sinala que as lebres e os coellos, animais tímidos, conseguen sobrevivir gracias a que "son una raza extremadamente fecunda"[137]. Plinio: "La Naturaleza dio fecundidad a los animales inofensivos y buenos para comer"[138]. Opiano: "Esta tribu es la más prolífica de cuantas alimentan la inmensa tierra"[139]. Cantimpré e Covarrubias tamén citan esta característica. En palabras dun naturalista: "Su alta tasa de nacimientos viene determinada por la elevada mortalidad que sufren sus poblaciones, debido a una intensa presión predadora"[140].

"Sus incisivos crecen continuamente"[141]. O cal explica esta receita de Dioscórides: "Si se friegan las encías de los niños con cerebro de liebre, o si se lo dan a comer, hace salir más presto los dientes"[142]. Alberto el Grande: "Para que los niños denten sin dolor, tomad el cerebro de una liebre, hacedlo cocer, y cuando ya esté cocido, frotad con él las encías de los niños que están a punto de dentar. Es cierto y está experimentado que salen los dientes sin dolor"[143]. Gregorio López no seu *Tesoro de medicinas*: "Si con el cerebro de liebre friegan las encías a los niños, o se lo dan a comer, les hace salir más presto los dientes"[144]. O mesmo uso se lle daba en Francia[145].

En Vosges e en Vendée fanlles tomar lebre ós nenos que padecen *incontinencia de ouriños*. A receita xa se coñecía no século XIV[146]. Quizais sexa porque o macho sabe manexar moi ben os ouriños: durante a parada nupcial *molla* á súa compañeira con *ouriños,* proxectándoos desde *gran distancia*[147].

Dioscórides asegura que a cabeza de lebre "*hace renacer los cabellos* derribados por la alopecia"[148]. Pode que tivese na mente unha característica que apunta Laguna nos comentarios á súa obra: "Sólo este animal tiene las plantas de los pies y los labios *pilosos*"[149]. Pero tamén pode que pensase nesta outra particularidade: "Ciertas *calvas* que aparecen en su pellejo –di Eliano– denuncian su edad"[150]. Cer-

136. Hurtado 214, 246.
137. Heródoto III, 108.
138. Plinio VIII, 219 (81).
139. Opiano *De la caza* III, 518.
140. R. F. *Fauna ibérica* II, 256.
141. R. F. *Fauna ibérica* II, 242.
142. Dioscórides II, 18.
143. Alberto 112; ver 133.
144. López 157.
145. Sébillot 64.
146. Sébillot 65.
147. Grassé III, 335; *Gran Enciclopedia Gallega.*
148. Dioscórides II, 18.
149. Laguna II, 18.
150. Eliano II, 12.

tamente o máis normal era pensar que o semellante produce o semellante, pero tampouco se rexeitaba a idea de que o semellante evita o semellante. De feito tamén había quen recomendaba carne da medrosa lebre para superar calquera medo[151].

León

Segundo o *Libro das utilidades dos animais*, a carne de león é *afrodisíaca*[152]. Uso que se basea no comportamento amoroso dos leóns. Durante a *cópula,* "que se *repite moitas veces ó día*, o macho mórdelle á femia no pescozo e esta roxe aparatosamente e túmbase sobre o dorso, contorsionándose, tan pronto como o macho se retira"[153]. Cantimpré: "Son de natureza tan ardente que se di que copulan en calquera tempo". Valeriano, para quen a leona é unha PUTA, compara o mal olor da súa boca[154] co da vulva.

Lobo

Usouse como afrodisíaco. Di Plinio: "Cree la gente que un pelito situado en la cola del lobo constituye un talismán amoroso; que el lobo suelta y arroja este pelo cuando lo apresan, y que tiene virtud sólo cuando se lo arrancan a un animal vivo"[155]. O mesmo repetirán o *Bestiario de Oxford* e Latini. En Francia cren no efecto estimulante dos ollos de loba[156].

Tamén neste caso se basearon no comportamento amoroso do animal. Durante o celo presenta signos externos do seu estado: os testículos do macho aumentan de peso; pola súa parte, "las hembras muestran una gran actividad en sus órganos genitales, la zona vulvar enrojece"[157]. Despois da cópula, o macho e a femia quedan unidos entre oito e dezaseis minutos, coma os cans[158]. Aspecto este ó que parece referirse Aristóteles: "El lobo cubre y la loba es cubierta por el mismo procedimiento que el perro y la perra"[159]. Plinio: "Los perros, las focas y los lobos se dan la vuelta durante el acoplamiento y, a pesar de ellos, quedan todavía unidos"[160].

151. Alberto 80, 133.
152. Durayhim 39.
153. R. de la Fuente I, 176.
154. Ver Aristóteles VIII, 5 (594b); Plinio VIII, 46 (18); Eliano V, 39 di que o león bota o alento sobre a comida para marcala como da súa propiedade. Calderón *Los encantos de la culpa*: "Olfato murmurador de lo malo y de lo bueno, que fuiste león que diste dañado olor con tu aliento".
155. Plinio VIII, 83 (34).
156. Sébillot 60.
157. Grande 85.
158. R. de la Fuente VI, 298.
159. Aristóteles V, 2 (540a).
160. Plinio X, 173 (63).

Mula

A mula é *estéril,* aínda que se coñecen casos excepcionais de machos fecundos[161]. Como é estéril impide a concepción. Velaquí unha receita do *Ciprianillo* para non ter fillos: "Procúrese conseguir una porción de maíz masticado o mordido por una mula, y después se echa en un vaso de vidrio con un poco de pelo del mismo animal, cortado en la cola, junto al cuerpo". No momento do coito a muller destapará o vidro e recitará: "¡Oh, mula maldita, que por haber querido matar al Divino Redentor en la choza de Belén, cuando nació, fuiste condenada a nunca dar fruto de tu vientre, que tu saliva que está en este frasco me defienda de ser madre"[162].

Ostra

Como toda cuncha, a ostra é símbolo do ÓRGANO SEXUAL FEMININO e, en consecuencia, do nacemento, tanto físico coma espiritual. Se a iso engadímo-lo seu extraordinario poder xenésico, resulta comprensible que se utilizase para favorecela fertilidade de persoas e campos. En moitos casos substitúea o seu froito: a perla. Eliano di das perlas que "enhechizan el ánima de los lascivos"[163]. O *Libro das utilidades dos animais*: "Cogiendo la ostra antes de que se termine de formar la perla en ella, se abre, se le extrae el agua, se hace con ello una mezcla con licor y se administra a una mujer que no quede embarazada; entonces quedará embarazada y parirá"[164]. Habituados a que os poetas lles chamen perlas ós dentes e ás bagullas, comprendemos perfectamente que Laguna asegure que estas pedras preciosas "paran como unas perlas los dientes" e que "enjugan las lágrimas"[165]. (Neste último caso, ó signo formal súmase a idea de que toda substancia fría detén os fluxos)[166].

Ourizo

A parte frontal da cabeza, o ventre e as patas encóntranse cubertas de pelo; o resto do corpo lévao cuberto de *espiñas*[167], que son sedas modificadas[168]. Aristóteles estivo acertado: "Algúns pelos que progresivamente e pouco a pouco se endurecen chega un momento en que xa non parecen pelos senón espiñas, como, por exemplo, os dos ourizos". "Hai que considerar como unha especie de pelo os propios pelos espiñentos do tipo dos que teñen os ourizos de terra e o porco espiño"[169].

161. Nota de José Vara a Aristóteles VI, 24 (577b).
162. *Ciprianillo*. Akal, páx. 229.
163. Eliano X, 13.
164. Durayhim 115.
165. Laguna II, 4. Ver López 98.
166. Ver Mariño 1988.
167. *Gran Enciclopedia Gallega*. Opiano *De la caza* II, 598.
168. Grassé III, 270.
169. Aristóteles III, 11 (517b); I, 6 (490b). Ver Aristóteles *Xeración dos animais* V, 3 (781b).

Sabendo que as espiñas do ourizo son pelos fortes e vigorosos, entendemos esta receita de Eliano: "Se se queima un ourizo terrestre e se mestura a cinza resultante con pez e, logo, se estende nas partes onde caeu o pelo, este *pelo* fuxitivo (permítaseme a broma) *volve nacer*"[170].

Crese que o ollo esquerdo obra como poderoso somnífero[171]. É que "no inverno o ourizo constrúe para si un niño de follas ou de feo debaixo dunha mata e permanece *aletargado*. A duración do letargo pode ser de seis meses no norte de Europa; no sur é máis breve"[172]. Como era de esperar, a bioloxía humoral, que asociaba o sono coa frialdade[173], viu nesa prolongada hibernación un sinal da súa natureza *fría*. Cantimpré estima que posúe unha natureza moi fría. Laguna: "É de frixidísima complexión"[174]. A preferencia polo ollo esquerdo débese a que ese lado se consideraba máis frío.

Ourizo de mar

Desfai os cálculos urinarios. Di Laguna: "Comido o ourizo mariño, purga as areas e desfai a pedra"[175]. As súas espiñas, de natureza pétrea –segundo afirmación de Aristóteles[176]–, indicarían a súa facultade de obrar sobre as pedras ou cálculos.

Ovo

En canto á súa *complexión* o ovo aproxímase ó *equilibrio*[177]; algúns autores atribúenlle un pouco de frío[178], outros unha lixeira calor[179]. O equilibrio débese a que a frialdade da clara compensa a calor da xema. A atribución de calor á xema baséase, sen dúbida, na súa cor de lume; a clara, que semella auga espesa, tiña que ser fría, tanto por ser auga coma por ser viscosa[180]. Digamos que é un paso intermedio entre a auga e a roca: "Deixando en repouso nunha vasilla, durante un mes, moitas claras de ovo, fórmase –sostén Alberto el Grande– un cristal duro como a roca"[181]. Por fría –segundo asegura Dioscórides– "refresca, aperta, tapa os poros e mitiga a inflamación dos ollos. Aplicada inmediatamente ás queimaduras do lume, non deixa que se fagan bochas, e defende o rostro contra o ardor do sol"[182]; tamén

170. Eliano XIV, 4. Tamén en Dioscórides II, 2.
171. Durayhim (O lado esquerdo é máis frío: Mariño 1988).
172. Grassé III, 350.
173. Mariño 1988, 168.
174. Laguna II, 2.
175. Laguna II, 1.
176. Aristóteles *Xeración dos animais* V, 3 (783a).
177. Vigo.
178. Durayhim 66.
179. Aviñón.
180. Sobre a auga como elemento frío e sobre a solidificación ligada á frialdade: Mariño 1988.
181 Alberto 102.
182. Dioscórides II, 44.

por fría –engade Laguna– detén o sangue, corta a disentería, solda as feridas frescas e mesmo os vidros e os mármores rompidos[183]. Da súa frialdade dedúcese que *non arde*: "Belinus ensina que, friccionando un trapo con clara de ovo e pedra alume mesturados, despois de lavalo con auga de sal e estar seco, faise incinerable"[184]. Alberto descúbrenos un "segredo marabilloso que proporciona poder para pasa-los homes polo lume sen queimarse, levar na man ferros candentes sen causárlle-lo menor dano: tomar zume de malvavisco e clara de ovo, e semente de perexil e cal reducidas a po"[185]. Se os ovos de Venres Santo serven para apaga-lo lume –como se cre en moitas rexións de Francia[186]– débese a que á natureza ininflamable da clara se une a sacralidade do día en que foron postos.

Ó nacer, o polo rompe a *casca;* da mesma forma espérase que se rompan os *cálculos*: "Asegúrase –escribe Alberto el Grande– que a casca da que naceu un polo, moéndoa e tomándoa con viño branco, fai bota-las pedras dos riles e dos ouriños"[187].

Paspallás

Plinio sorpréndenos coa afirmación de que padece epilepsia[188]. San Isidoro, e logo os Bestiarios medievais, repetirán o mesmo: "É o único animal, xunto co home, que sofre a epilepsia"[189]. Por esa razón Galeno receitáballes ós epilépticos un ungüento a base de cerebro de paspallás.

Ra

"Los anfibios se definen como animales de *piel lisa* por su carencia de escamas"[190]. Por ter pel lisa sen pelos é polo que a súa cinza –coma a da salamántiga– posta no baño quita os pelos do corpo[191]. Di Dioscórides: "La sangre de las verdes ranas impide que no renazcan en las cejas los pelos"[192].

Rato

Velaquí unha receita máxica de Alberto el Grande: "La porquería del ratón mezclada con miel hace nacer y crecer el pelo en cualquier parte del cuerpo"[193]. Grego-

183. Laguna II, 44. Ver Durayhim 66.
184. Alberto 100.
185. Alberto 108 (Nese preparado hai mestura de productos quentes e fríos).
186. Van Gennep III, 1339.
187. Alberto 119.
188. Plinio X, 69 (23).
189. *Etimologías* XII, 7, 65; ver Cantimpré, Latini, *Bestiario de Oxford.*
190. Alvarado VII, 273.
191. Cantimpré.
192. Dioscórides II, 25.
193. Alberto 117.

rio López: "Cabezas de ratoncillos quemadas y aplicadas en ceniza con aceite de arrayán hace renacer los cabellos"[194]. Laguna: "El estiércol de los ratones majado con vinagre hace renacer los cabellos a los que se pelaron del mal francés"[195].

Parece que esta utilización se debe a que nacen sen pelo[196]. Ademais, coma tódolos roedores, mudan de pelaxe periodicamente[197].

Dioscórides di que "dados a comer a los niños les desecan la saliva que les abunda en la boca"[198]. En Navarra, para que os nenos non mexasen na cama, "había que coger un ratón de campo, despellejarlo vivo y ponerle la piel al niño en los testículos, antes de meterlo en la cama, teniendo que estar la piel un poco húmeda"[199].

Moi probablemente eses usos débense a que algúns roedores subterráneos non beben nunca, segundo parece[200]. O rato caseiro "necesita muy poca agua"[201]. Cantimpré cría que os ratos non beben.

Reiseñor

En tempos de Eliano dicían que "la carne de este ave es buena para *mantenerse despierto*. Pero las personas que se deleitan con tal alimento son malvadas y terriblemente necias, pues es terrible el privilegio concedido a este manjar: ahuyentar el sueño, que es rey de los hombres y de los dioses, como dice Homero"[202]. A mesma crenza perviviu en Haute-Bretagne: "El que come el corazón de un ruiseñor... no duerme más que dos horas al día"[203].

Non cabe dúbida de que se basearon en que canta pola noite[204]. O *Bestiario Valdense* di isto moi claramente: "No duerme en dos meses del año, sino que canta toda la noche, esto es, en los meses de abril y mayo".

Serpente

Aristóteles compara o cambio de camisa das serpentes co nacer: "Se desprenden de la camisa exactamente igual que las crías se desprenden de la placenta"[205]. Plinio di que, trala muda, "reaparece brillante de juventud"[206]. Eliano

194. López 158.
195. Laguna II, 62.
196. Rodríguez de la Fuente V, 48; R. F. *Fauna ibérica* III, 4.
197. R. F. *Fauna ibérica* III, 8.
198. Dioscórides II, 62; ver López 157.
199. Mugarza II, 206.
200. Matthews 245.
201. *Gran Enciclopedia Gallega.*
202. Eliano I, 43 (Homero *Ilíada* XIV, 233).
203. Sébillot 215.
204. R. F. *Fauna ibérica* V, 23, 24.
205. Aristóteles VIII, 17 (601a).
206. Plinio VIII, 99 (41).

cóntanos como adquiriu a capacidade de desprenderse da *gêras*, palabra grega que posúe o dobre significado de "vellez" e "camisa de serpente"[207]. *Libro das utilidades dos animais*: "Cuando crecen y se debilita su vista, evitan la comida y dejan de beber agua hasta que se le cae la piel. Luego buscan un agujero estrecho y entran en él, o entre dos piedras, dos ramas de árbol o dos espinas, para quitársela. Cuando lo hacen, se renueva su juventud, se les pone bien la vista y les vuelven sus fuerzas. Se dice que viven trescientos años y algunas personas afirman que no mueren si no se las mata"[208]. No *De bestiis et aliis rebus* dise da víbora: "Al envejecer pierde la vista, pero hace lo siguiente: ayuna cincuenta días y noches hasta que su piel se afloja; entonces, busca una piel hendida y rugosa, pasa a través de ella, se libra de su piel y rejuvenece".

A medicina máxica viu na serpente que se renova un medio para alonga-la vida[209]. E aconsellou a súa camisa para recupera-la saúde danada. En varias rexións españolas aseguran que a súa camisa "quita males"[210]. Se temos en conta a comparación de Aristóteles entre camisa de serpente e placenta comprenderemos este remedio galego: "Para favorecer la expulsión de las secundinas es cosa muy recomendada dar de beber a la parturienta el caldo de piel de cóbrega"[211]. No País d'Oc metían unha camisa de serpente na cama da muller que ía parir[212].

207. Eliano VI, 51. En Eliano II, 21 sinálase a lonxevidade das serpentes.
208. Durayhim 121.
209. Dioscórides II, 16.
210. Cabal 360; Llano 143; Rodríguez Marín I, 215.
211. Rodríguez López 141.
212. Piniès 159.

BIBLIOGRAFÍA

ALBERTO EL GRANDE (1982): *Los admirables secretos de Alberto el Grande*. Barcelona, Alta Fulla. 215 pp.

ALFONSO X EL SABIO (1970): *Lapidario*. Ed. de M. Brey Mariño. Madrid, Castalia. 275 pp.

_____ (1981): *Lapidario*. Ed. Sagrario R. Montalvo. Madrid, Gredos. 329 pp.

ALMAGRO, F. e FERNÁNDEZ, J. (1977): *Heurística a Villena y los tres tratados*. Madrid, Editora Nacional. 193 pp.

AL-RAZI, Abu Bakr M. (1979): *Libro de la introducción al arte de la medicina o Isagoge*. Edición bilingüe de M.ª Concepción Vázquez de Benito. Salamanca, Universidad. 153 pp.

ARISTÓTELES (1957): *Histoire des animaux*. Ed. J. Tricot. Paris, Vrin. 2 t.

_____ (1961): *De la géneration des animaux*. Ed. P. Louis. Paris, Les Belles Lettres. 231 pp.

AVERROES (1987): *La medicina de Averroes. Comentarios a Galeno*. Trad. M.ª Concepción Vázquez de Benito. Zamora, Colegio Universitario.

BARRIOLA, I. M. (1979): *La medicina popular en el País Vasco*. San Sebastián, Ed. Vascas. 167 pp.

BECOÑA IGLESIAS, Elisardo (1981): *La actual medicina popular gallega*. Ed. Autor. 321 pp.

CÁRDENAS, J. de (1913): *Problemas y secretos maravillosos de las Indias*. México, Museo N. de Arqueología, H. y Etnología, 222 pp. 1ª ed., 1591.

CÁTEDRA, María (1976): "Notas sobre la envidia: los ojos malos entre los Vaqueiros de Alzada". En *Temas de antropología española*. Madrid, Akal.

CELSO, Aurelio Cornelio (1966): *Los ocho libros de la medicina*. Barcelona, Iberia. 2 t.

COVARRUBIAS, Sebastián de (1979): *Tesoro de la lengua castellana o española*. Madrid, Turner.

DIOSCÓRIDES (1563): *Acerca de la materia medicinal*. Trad. Laguna. Salamanca.

DUBLER, C. E. (1953) *La "materia médica" de Dioscórides. Transmisión medieval y renacentista*. Barcelona, Emporium. 6 t.

EGGERS, C. e outros (1981): *Los filósofos presocráticos*. Madrid, Gredos. 3 t.

FONT QUER, Pío (1981): *Plantas medicinales. El Dioscórides renovado*. Barcelona, Labor. 1033.

GALENO (1854): *Oeuvres anatomiques, physiologiques et médicales de Galien*. Trad. Daremberg. Paris, Baillière. 1º t., 706 pp. 2º t., 786 pp.

GOICOETXEA, Ángel (1982): *Las enfermedades cutáneas en la medicina vasca*. Bilbao, Euskal Medikumtzaren Historia. 100 pp.

GOURSAUD, A. (1978): *La société rurale traditionelle en Limousin*. Paris, Maisonneuve. 551-748 pp.

GUILLAMET, Joan (1976): *Bruixeria a Catalunya*. Barcelona, La Paraula Viva. 230 pp.

HALLEUX, Robert (1974): *Le problème des métaux dans la science antique*. Paris, Les Belles Lettres. Univ. Liège. 236 pp.

HIPÓCRATES (1836): *Oeuvres de Hipocrate*. Trad. D. M. Gardeil. Paris, Encyclopedie des Sciences Médicales. 2 t.

_____ (1983): *Tratados hipocráticos*. Ed. C. García Gual. Madrid, Gredos.

HUIZINGA, J. (1971): *El otoño de la Edad Media*. Madrid, Revista de Occidente. 512 pp.

JATIB, M. Ibn al (1984) *Libro de higiene*. Trad. M.ª C. Vázquez de Benito. Salamanca, Universidad. 272 pp. Orixinal de 1362.

JOLY, R. (1960): *Recherches sur le traité pseudo-hippocratique du régime*. Paris, Les Belles Lettres. 260 pp.

_____ (1977): "Le système cnidien des humeurs". En *Corpus Hippocraticum*. Mons, Université. 374 pp.

KINKADE, Richard P. (ed.) (1968): *Los lucidarios españoles*. Madrid, Gredos. 346 pp.

KRAEMER Y SPRENGER (1976): *El martillo de las brujas*. Madrid, Felmar. 607 pp.

LAFEUILLE, G. (1964) *Les commentaires de Martin de Saint-Gille sur les amphorismes Ypocras*. Genève, Droz. 388 pp.

LAÍN ENTRALGO, P. (1982) *La medicina hipocrática*. Madrid, Alianza. 456 pp.

LAGUNA, Andrés de (1563): *"Comentarios" a la obra de Dioscórides*. Salamanca.

LANCRE, P. de (1622): *L'incredulité et mescreance du sortilege plainement convaincue*. Paris.

LAWN, BRIAN (ed.) (1979): *The prose salernitan questions*. London, The B. Academy. 416 p.

LIS QUIBÉN, Víctor (1980): *La medicina popular en Galicia*. Madrid, Akal. 335 pp.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1979): *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*. Madrid, Akal. 462 pp.

LÓPEZ, Gregorio (1982): *El tesoro de medicinas de Gregorio López*. Ed. Francisco Guerra. Madrid, Cultura Hispánica. 428 pp.

LORENZO, X. (1979): "Etnografía: cultura material". En OTERO PEDRAYO, R. (dir.): *Historia de Galicia*. Madrid, Akal.

MARIÑO FERRO, X. R. (1984): *Satán, sus siervas las brujas y la Religión del Mal*. Vigo, Edicións Xerais. 408 pp.

_____ (1985): *La medicina popular interpretada*. Vigo, Xerais. 2 t.

_____ (1987): *Las romerías/peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo, Xerais.

_____ (1988): *La medicina mágica (Hipócrates)*. Vigo, Xerais. 228 pp.

_____ (1989): *La llave de la astrología*. Barcelona, Edicomunicación. 318 pp.
_____ (1991): *Plantas, carnes y minerales medicinales*. Pontevedra, Deputación. 216 p.
MERCADO, Pedro (1574): *Diálogos de Philosofía natural y moral*. Granada.
MORALES, Gaspar (1977): *De las virtudes y propiedades maravillosas de las piedras preciosas*. Madrid, Editora Nacional. 586 pp.
MORIN, Jean-Baptiste (1982): *Observaciones astrológicas*. Barcelona, Humanitas. 215 pp.
PLINIO (1850): *Histoire naturelle*. Trad. M. E. Littré. Paris, Garnier. E tamén en Belles Lettres.
PUIGDÉNGOLAS, M. e MIRANDA, R. (1978): *La medicina popular*. Barcelona, Dopesa. 77 pp.
SAINTYVES, P. (1985): *Las madres vírgenes y los embarazos milagrosos*. Madrid, Akal. 137 pp.
SALILLAS, R. (1905): *La fascinación en España*. Madrid.
SEIJO, F. G. (1974): *Curanderismo y medicina popular*. Alicante, Biblioteca Alicantina. 271 pp.
VILLENA, Enrique (1977): H*eurística a Villena y los tres tratados*. Ver ALMAGRO.

NAS TERRAS DA COVA DA SERPE: PRÁCTICAS TERAPÉUTICAS E CONSECUCIÓN DA SAÚDE

Xosé Antón Fidalgo Santamariña
Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG
Universidade de Vigo, Campus de Ourense

I

A miña intervención versa sobre o corpus de prácticas terapéuticas que aparecen na comunidade rural San Xulián de Grixalba[1], situada nas terras baixas da Serra da Cova da Serpe nos límites interprovinciais da Coruña e Lugo. Trátase de constata-los procedementos que se usan relacionados coa prevención e tratamento de enfermidades e doenzas que padecen os veciños, así como de reflexionar sobre o significado cultural que levan consigo as ditas prácticas tradicionais. Os datos de campo que se constatan na elaboración deste estudio foron recompilados durante varias visitas e permanencias na parroquia, levadas a cabo entre os meses de maio e agosto de 1995. As entrevistas e conversas mantidas cos campesiños residentes na parroquia resultaron todas doadas de manter debido a que se trata dunha zona rural onde conservo parentes e amigos da infancia. Cada un dos informantes que visitei no fogar,

1 Comprende esta parroquia rural 33 km^2 que se estenden polas terras baixas da Serra da Cova da Serpe, liña divisoria interprovincial Lugo-A Coruña. O perímetro parroquial de San Xulián de Grixalba pertence ó concello de Sobrado dos Monxes (A Coruña). Aparece delimitado polas parroquias de Foxado (Curtis) ó N, e de Cidadela e Foxado ó O. Polas de Roade e Cumbraos ó S. As de Negradas, Anafreita e Nodar ó E, estas pertencen á provincia de Lugo. Trátase dunha parroquia que conta actualmente cunha poboación de 630 persoas distribuídas en trinta asentamentos tipicamente rurais e illados, cunha economía de subsistencia baseada nunha modalidade de producción mixta agrícola-gandeira en transformación na actualidade, e cun ideal de autarquía aínda presente en tódolos aspectos: no económico (autosuficiencia doméstica), no social (endogamia parroquial), no sanitario (terapéutica tradicional), no espiritual (salvación da alma).

nos labradíos, en diferentes lugares do interior parroquial, fixo un esforzo para reproducirme aquela práctica médica que el mesmo sabía facer, ou os rituais da medicina popular que lles viran practicar ós demais membros do lugar.

Os datos que dispoño amosan que os membros da área de estudio comparten o actual modelo da biomedicina, que dispoñen nos consultorios e ambulatorios da zona, cos vellos sistemas tradicionais das medicinas naturais e populares, conservando así, aínda hoxe, un rico pluralismo médico que non dubidan en poñer en práctica cando as circunstancias o requiren de acordo coa propia ideoloxía sobre a enfermidade. Polo tanto, calquera proposta de estudio destas estratexias terapéuticas locais deberá ter en conta que a enfermidade "ademais de ser un feito obxectivo, é tamén un 'senso', un feito cultural" (Gondar, 1992:17) e, polo tanto, para a superación da situación traumática individual (física) e social (comunitaria) que leva consigo a presencia continuada da enfermidade é lóxico que estes paisanos continúen botando man tanto do arsenal técnico que lles ofrece o Sistema Sanitario da Seguridade Social como das outras alternativas terapéuticas tradicionais que tamén lles proporciona o sistema de cultura local.

II

Se ben cada sociedade xera as súas propias enfermidades, tamén cada sociedade se converte nun sistema de tratamento daquelas que nela se dan. Os seus membros amosan non só unhas maneiras propias de cura-las doenzas que lles afectan senón tamén de entendelas. Pero aínda sendo certo isto, os que nos dedicamos a estudia-las comunidades rurais nas investigacións de campo, que efectuamos como unha fase da investigación que nos propoñemos realizar, a penas lles damos importancia ós seus membros enfermos. Tendemos tan só a fixarnos na sociedade de sans, e os enfermos case nunca nos interesan. Non nos preocupamos de visitalos, nin de integralos nos nosos estudios. Mesmo nos importan máis os mortos da comunidade, ós que lles reservamos un espacio no estudio de campo, debido a esa extendida presunción de que hai unha comunidade de mortos xunto á comunidade dos vivos que estamos a observar.

Sen embargo, na vida cotiá das comunidades tradicionais a enfermidade está case sempre presente, e a comunidade sometida a estudio non constitúe unha excepción. Aquí, coma en calquera outra comunidade rural galega que estudiemos, a miúdo obsérvase, tal como refire R. Valdés (cfr. Valdés, 1976:183-198), como unha persoa hoxe, outra mañá, din experimentar ou presentar visiblemente alteracións corporais de tal xeito que ás veces por decisión propia, outras por consello, outras por imposición dos demais, a persoa abandona as súas actividades normais ou restrínxeas, apártase, sepárase da vida cotiá, *encámase*. Os outros familiares fanse cargo do seu traballo, proveno do sustento, dispénsanlle coidados e atencións inu-

suais, prepáranlle variados remedios caseiros e ofrécenlle compañía. A nova de que "fulano" está enfermo na cama propágase pola aldea e a parroquia, e máis xente vén visitalo. Modifícase o ritmo da vida da casa, mércase da mellor dieta que o grupo dispón, vélase o sono... e, no mellor dos casos, ó cabo de poucos días esta persoa empeza a curar, empeza pouco a pouco a reincorporarse na vida cotiá da casa, a reintegrase no grupo local e na sociedade xeral. Restaurouse o equilibrio familiar e local e a vida segue con normalidade.

Pero é posible que non mellore e teña necesidade de empregar outras técnicas curativas máis "especiais". Pode que se estime necesario buscar axuda en certos especialistas. Neste caso na casa discútese se os precisa ou se non. O propio enfermo tamén opina, se sí ou se non. Pero, curiosamente, o seu status sofre nese momento unha reversión, que pode ser de diminución, degradación. A opinión da persoa enferma ata agora sempre escoitada, quizais verbo disto non se escoite, non se faga caso dela nin das súas protestas. Obrígase a permanecer na cama aínda que non o queira, váiselle polo médico aínda que non o queira, ofrécese a un santo aínda que non lle guste, fáiselle tomar unha determinada infusión aínda que lle repugne. A reversión tamén pode ser de incremento ou mellora de status no sistema familiar. O enfermo pode ser un neno, un solteirón, unha persoa vella, o último da casa en prestixio. Non importa, pois mentres lle dure a enfermidade, en calquera das aldeas que integran a parroquia estudiada, vai se-lo centro de atención. San, ningún caso se lle fai, é o "Xan" do fogar, pero enfermo é o centro da familia, o eixe que fai xirar todo arredor de si. A primeira preocupación ó volver do traballo é preguntarlle cómo se atopa. A primeira resposta é a de "estou mellor", "estou igual", "estou peor". Neste último caso, vaise busca-lo "especialista" ou lévase a el haxa ou non con que pagarlle. Explícaselle o que lle ocorre, o que lle doe, díselle como vive, o que se lle fai, e espérase do "doutor" que saiba identifica-lo que o enfermo ten e llo notifique ó familiar ou a el mesmo para con estes datos escolle-la práctica terapéutica a seguir, na que intervirán a posición económica e as crenzas coas que conte a familia afectada polo mal: algúns, máis ricos, sempre frecuentarán máis os médicos especialistas e os hospitais privados; outros, máis pobres, achegaranse máis a miúdo ós "especialistas" locais, visitarán máis as "fontes santas" e os santuarios de preto e de lonxe da comunidade. Pero nalgún momento todos foron adictos ó seu pluralismo médico das medicinas científicas, naturais, populares. Se ó final do proceso terapéutico o enfermo sanda, calquera estratexia das seguidas queda como un referente a ter en conta para a seguinte ocasión de ter unha doenza ou enfermidade semellante. Se, pola contra, o enfermo morre, o fracaso da terapia practicada racionalizarase con algún dos argumentos que os campesiños destas terras baixas da Serra da Cova da Serpe transmiten así: "estaba tan maliño que xa non podía sanar", "veulle o cura co Viático a poñerlle a extremaución e quedou como un santiño", ou "anduvemos en tódolos especialistas pero non había cura para el", "cando finou que-

douse sen enterarse. Estaba de Dios así e non se lle pudo facer nada", ou argumentos de estilo semellante.

III

Esta descrición da maneira como os veciños de Grixalba viñeron afrontando as enfermidades serve para as demais parroquias veciñas asentadas por ámbolos lados da Serra da Cova da Serpe, partícipes dunhas condicións moi semellantes ás que se observan aquí: un acentuado illamento xeográfico, situación de pobreza no económico, analfabetismo no social e humano, e temor de Deus no relixioso. Ademais comprobamos por todo este contorno rural que, cando o visita a enfermidade, ningún dos residentes descarta acudir á consulta dos médicos do ambulatorio, nin tampouco visita-los curandeiros máis coñecidos ou ben os santuarios parroquiais para practica-las cerimonias relixiosas nas que intervén o poder de Deus e dos santos especialistas no tratamento do mal. Achámonos, polo tanto, nun ámbito xeográfico galego no que seguen vixentes os tres sistemas ou discursos terapéuticos que lles son familiares ós paisanos:

a. O da "medicina científico-experimental", que adquire cada vez máis importancia a medida que a maxia e a relixión van deixando o lugar á ciencia, e a medida que os servicios da Sanidade pública chegaban a estas aldeas illadas do interior da Galicia rural[2].
b. O "sistema de medicina natural", vixente nestas aldeas nun corpus de receitas domésticas elaboradas sobre todo polas mulleres, a base preferentemente de vexetais (fitoterapia), aínda que tamén estea integrada por bebidas e augas mineromedicinais de fontes da comarca que coñecen ben estes paisanos.
c. O "Sistema de medicina popular" (medicina folk), integrado nesta área rural por outro corpus heteroxéneo de prácticas de relixiosidade popular encamiñadas unhas veces a previ-las enfermidades e males e outras a curalos. Constitúen todas elas unha terceira alternativa médica máis antiga e social que as dúas precedentes[3].

2. Ata hai unhas décadas os enfermos que debían ser internados nun hospital eran transportados desde estas aldeas ata a estrada local, ben nun carro arrastrado por vacas, ben nun colchón que se dispoñía sobre unha esteira ou un somier que transportaban a ombros os familiares e veciños do enfermo. Desde a estrada era recollido por un vehículo de alugamento ata o hospital público ou sanatorio particular. Actualmente o sistema biomédico é o que alcanzou máis influencia en toda a zona de estudio.

3. No amplo abanico de alternativas médicas que vai desde o internamento do enfermo no hospital urbano ata oír unha misa na capela do avogoso Santo local, cabe toda unha serie de estratexias terapéuticas e de intermediarios activos no diagnóstico e tratamento das diferentes enfermidades: equipo médico, equipo paramédico formado polo persoal sanitario (enfermeiras, auxiliares...), curandeiros e sandadores diversos, "sabios" e "sabias" locais, mesmo persoas normais da comunidade aparecen desempeñando un papel activo no proceso de tratamento dos males que afectan á poboación, ó ser eles os dedicados a observar, apoiar, acompañar e protexer ó enfermo.

Dentro das alternativas médicas que se dispensan nesta área de estudio, as máis abondosas viñeron sendo ata as últimas décadas aquelas que non foron capaces de acceder ó status da ciencia, como as que integran o abanico de remedios caseiros, nin de relixión oficial, como o corpus de cerimoniais máxico-relixiosos, que non son verdadeira relixión. Este emprego de cataplasmas, infusións e rituais de relixiosidade popular, vai ser criticado tanto pola medicina como pola relixión oficial. Para aquela as ditas prácticas non son máis que "unha charlatanería" e "un atraso"; e para esta unha "superstición" ou va observancia.

Pero é precisamente con relación a este dobre rexeitamento ó que vén estando sometido o corpus de prácticas terapéuticas tradicionais que se conserva na zona de estudio, que foi alcanzando ese enraizado status que hoxe segue tendo na zona. Trátase dun corpus de prácticas curativas que de ningún modo son atrasadas, nin vas, senón procedementos terapéuticos que chegan por camiños alleos ás institucións médica e relixiosa oficiais, como son certas formas de tradición oral e xestual, e sobre todo polas institucións "da familia e da veciñanza" (Laplantine e Rabeyron, 1987:47). Sempre que no fogar se interprete a enfermidade do paciente como "non de médico", o afectado deberá andar para curala por outros camiños diferentes ós que son válidos para tratar unha "enfermidade de médico", segundo a distinción clásica que fan os sandadores locais das enfermidades.

De seguido farei a presentación das principais estratexias que poñen en práctica os veciños de San Xulián de Grixalba en relación coas enfermidades e males que lles afectan. En primeiro lugar constatarei aquelas relativas ó modelo de medicina oficial, tamén coñecido como biomedicina ou medicina científico-experimental. A continuación tratarei do corpus de estratexias locais, isto é, aqueles procedementos que entran no campo da medicina tradicional, tanto as da medicina empírica (hidroterapia, emplastos, remedios da ama de casa, etc.) como as prácticas de relixiosidade popular (rituais terapéuticos, curas "milagrosas" de santos locais...), sempre coa finalidade posta de recupera-la saúde.

IV

En relación coa práctica médica hospitalaria, que implica a estadía dos enfermos da zona nun medio hospitalario urbano, o cadro de actuación que hoxe se observa pouco variou desde hai anos. Presentado sucintamente desenvolveríase máis ou menos así: declarado o enfermo cunha doenza que precisa hospitalización será conducido ó Hospital "Juan Canalejo" da Coruña, onde ingresa voluntariamente ou impulsado pola familia, quedando atendido por certos coidadores profesionais: equipo médico e demais persoal sanitario. Pero cando este enfermo sae para ingresar, a miúdo percorreu o camiño extra-médico dos sandadores

locais[4]. Ó chegar este enfermo ó hospital ou sanatorio privado, o máis seguro é que entre desconfiado, e incluso pode que escéptico sobre a eficacia da medicina que lle vai ser aplicada no tratamento da doenza que padece, pero faino porque se trata dunha "enfermidade de médico" e o sistema de cultura local advírtelle que ese é o camiño que se debe andar.

Debido a esta desconfianza do resultado da terapia biomédica e, en especial, tratándose dun enfermo de idade, antes de decidi-lo ingreso o paciente ocuparase de "deixar todo ben arranxado", o que implica da-las últimas mensaxes á familia, e se pode e aínda non o fixo, ocuparase de ir a Betanzos (A Coruña) visitar un notario para testar. Así se explicou o informante grixalbés comentando o seu período de hospitalización: "Eu non as tiña todas conmigo. Decidín ir face-lo testamento antes de me operar, e fun a Betanzos facelo, xunto D. Agustín. Quería deixa-las cousas ben feitas por se me pasaba algo na operación, pero gracias a Dios saín ben". Coma neste caso, a dúbida da eficacia do modelo médico é o principal factor que leva ós enfermos de máis idade a tomar estas medidas antes de entregarse a el. Tamén a ruptura co contexto social aldeán no que o enfermo recibe todo o apoio familiar e dos veciños da comunidade que agora é substituído por este outro medio hospitalario máis impersoal, no que se contempla como un enfermo anónimo e só, sen diálogo cos demais, persoa na espera de intervención dun persoal especializado (médicos, anastesistas, enfermeiras, padioleiros...) que observa revestidos duns uniformes especiais e practicando unhas técnicas tamén especiais, que para el lle resultan estrañas. Todo este ambiente fai que o noso paciente non chegue a ter claro que todo o que se lle ofrece no medio hospitalario resulte suficiente para trata-los males que está a padecer.

É por isto, tamén, que agardará que a enfermidade avance ata que xa non pode máis para abdicar da resistencia de operarse. Son o malestar, a dor, o medo ás consecuencias devastadoras da enfermidade que padece, e, sobre todo, darse de conta de que ten perdida a loita que ten establecida co mal, o que fai aínda hoxe que estes paisanos da zona de estudio se poñan nas mans do equipo médico e demais intervenientes nas prácticas terapéuticas da medicina oficial e se deixen manipular e facer para que cada un cumpra co seu traballo. Mais penso que o fan non porque confien de todo na eficacia probada das técnicas ás que van ser sometidos, senón porque desexan seguir vivindo.

Pero é moito o que se lle escapa a este modelo da medicina "oficial", inclinada máis a diagnosticar e trata-las partes enfermas do corpo do paciente que ó enfermo mesmo, se o comparamos cos outros modelos da medicina tradicional, nos que

4. Visita a curandeiros, "sabios" e "sabias" locais, medicina familiar composta de receitas con base esencialmente vexetal (pero tamén animal e mineral) elaboradas por persoas que saben anda-los vieiros da receitoloxía tradicional, ou ben dos rituais curativos fixados pola tradición para trata-lo mal en xeral.

a miúdo é o enfermo quen se converte en protagonista do procedemento curador. Desde o momento en que no sistema de medicina oficial se recoñece socialmente a existencia da enfermidade e se interna ó enfermo, ata que se proclama o éxito da intervención cirúrxica, quedan desapercibidos polo modelo biomédico moitas influencias, acontecementos, persoas e procesos sociais que tentan enche-los ocos que deixan estas prácticas curativas oficiais.

Dentro deses procesos atópase a figura do intermediario, cunha ideoloxía e función importante a desempeñar. A maioría destes *intermediarios* son persoas que proveñen do mundo sanitario como aquelas que pertencen a sectores profesionais (asistentes sociais, auxiliares, enfermeiros, membros do equipo administrativo e de servicios), mentres que outras son membros da propia familia e localidade do hospitalizado. Estes intermediarios non son curadores do enfermo senón *traductores da situación* e auténticos aliviadores das tensións ás que se ve sometido o paciente. O seu papel é, sobre todo, traducirlle a situación hospitalaria na que se atopa o enfermo á colectividade de procedencia –familia, amigos, veciños e outros membros da parroquia,– e mantela en todo momento informada. Con isto alivian a tensión motivada pola falta de diálogo entre médico-paciente, e pola escasa inserción social do hospital en que este se atopa, que redunda na falta de comunicación entre ámbolos dous polos implicados no proceso terapéutico: o da Institución sanitaria na que se atopa o paciente e o da parroquia da que provén o paciente. No caso concreto dos enfermos da parroquia de San Xulián de Grixalba (Sobrado) quen adoita facer de intermediario vai ser alguén coñecido ou familiar do enfermo, que traballe no Hospital onde está internado. Teño coñecemento dalgunhas destas persoas que desenvolven este papel na actualidade, para aquelas familias da parroquia con pacientes no Hospital "Juan Canalejo". Estas persoas acompañan ó paciente no ingreso, amósanlle o servicio ó que teñen que ir e onde teñen que esperar. Unha vez internado visítano a miúdo mentres permanece hospitalizado e procuran traducirlle –á súa maneira– ó paciente, ós familiares que o acompañan, ós que o esperan na aldea, ós que lle preguntan por el, a sensación que teñen os membros do equipo médico que o tratan do proceso postoperatorio de rehabilitación posterior. Por ser estes intermediarios uns traballadores da institución onde convalece o enfermo, e por proceder ambos da mesma área rural, estas persoas constitúen uns intérpretes axeitados para vincula-los contextos institucional (sistema médico) e cultural (comunidade rural) entre os que se desenvolven os procesos de diagnóstico e tratamento da enfermidade. O outro tipo de intermediarios constitúeo a propia parentela e a comunidade aldeá. Como o enfermo non está no fogar nin na aldea, agora son os que residen nestes lugares os que se trasladan ó hospital para velo ou estar con el. A presencia dalgún familiar próximo é esencial para a recuperación do enfermo, aínda que tal presencia continuada sexa vista polos profesionais do hospital como un factor perturbador. Para efectuar estas visitas, os veciños e amigos prefiren as tardes dos domingos e festivos pero aprovéitase calquera ocasión para acudir visitalo ó hospital e permanecer un tempo con el.

É basicamente deste xeito como os enfermos hospitalizados da zona de estudio continúan sentíndose vivos e se afirman na súa identidade local. Gracias ó papel destes intermediarios máis que dos equipos especializados da institución e ós contactos que manteñen con persoas alleas á institución sanitaria, o paciente internado no Hopital percibe que é algo, que conta algo na comunidade de pertenza, e que non é un obxecto de experimentación senón un enfermo apreciado no seu grupo de parentesco e de veciñanza. Pola súa parte, todos estes intermediarios axudan, con tal xeito de proceder, a que o enfermo vaia aliviando a tensión producida pola propia enfermidade que vive en ausencia de diálogo cos demais, e que se poña en práctica aquela máxima humanística que o modelo da biomedicina parece esquecer: a de que "non hai enfermidade senón enfermos".

V

O vello escepticismo sobre a eficacia da biomedicina, longamente practicado por estes campesiños das terras baixas da Serra da Cova da Serpe, conduciunos a explorar outras vías paralelas á práctica médica hospitalaria que acabamos de presentar, tales como as da medicina empírico-natural e as da medicina máxico-relixiosa ou medicina popular. A xente destas aldeas distingue con claridade os "médicos" do consultorio que visitan a miúdo para solicitar algunha receita, ou para que os informen do que ven no corpo dun familiar enfermo, dos curandeiros e sandadores que adiviñan as doenzas e fanas saír coa aplicación dun emplasto caseiro ou mediante unha axeitada práctica ritual. Os médicos auscúltanos, miran a raios X, diagnostican e fanlles receitas pero non os curan. Isto é o que comproba o enfermo cada vez que visita o ambulatorio e sae da consulta médica no estado en que entrou. O médico oficial fai de diagnosticador mais non de curador. Tal como subliña, acertadamente, García Sabell, o enfermo rural galego "solo o cree [ó médico] capacitado para decirlle o que ten, pero non de curalo" (García Sabell, 1991:53), o que explica que os informantes puideran amosarme as máis variadas caixas de medicinas que deixaron de tomar moito antes de rematalas.

Polo tanto, a maioría das enfermidades e trastornos destes paisanos van ter outra adecuada terapia na medicina tradicional da comunidade. Se o consideran oportuno, para curalas visitarán outros especialistas da saúde –compoñedores, curandeiros, sandadores, "sabios" e "sabias" locais– que coñece ou dos que escoitou falar sobre o éxito na curación da doenza que el está a padecer. Así atopámonos coa variada receitoloxía comunitaria integrada por series de remedios elaborados polas "persoas sabidas", coñecedoras das propiedades das plantas que medran no medio rural e das augas que manan nas comunidades do seu contorno. Aínda que xa non se abandonan ás cegas a este corpus de prácticas terapéuticas que nos refiren os informantes locais, e que na maioría das ocasións decidan ir ó médico oficial para

que diagnostique e os poña ó corrente da doenza que están a sufrir, tampouco é estraño que antes, ou despois de ir ó médico, decidan consultar a un "experto" local que entenda dese mal, para que lles aconselle o procedemento terapéutico a seguir, contribuíndo, así, a manter vixente a tradición e o "corpus" local de remedios de aplicación doméstica considerados adecuados para o tratamento do mal.

Todo isto lévase a cabo tendo en conta os elementos do sistema de cultura local. Xa nos dous principais ritos de paso como son: o do *nacemento,* polo que se pasa da natureza á cultura local na que ingresa a criatura, e o do *bautismo,* polo que se deixa o paganismo para ser un membro da comunidade católica parroquial, os nenos destas aldeas van ser marcados polos trazos da cultura local, que dende agora continuará condicionando o seu futuro. Tódolos elementos do subsistema ecolóxico (natureza, plantas, árbores), social (sociedade: costumes, normas, tabús), relixioso (espíritos, crenzas, oracións) aparecen postos ó servicio destas novas xeracións que medran sas e enfermas. Para as enfermas a comunidade conta coa mediación dunha serie de *sandadores tradicionais*. Sobre todo conta:

a. Coas *amas de casa* e mulleres adultas da zona, hábiles na preparación dos remedios e aplicación dos rituais populares. Elas convértense nas mellores gardianas da saúde dos membros da comunidade. Van se-las encargadas de preparar e aplica-los remedios ós enfermos, e de acompañalos ós santos "milagreiros" de dentro e de fóra para practica-lo axeitado ritual popular.
b. Con algúns *compoñedores* coñecidos que dispoñen de "certas habilidades de cirurxía" (Gondar, 1993:184) que usan para compoñer ósos de animais e de persoas. Coñecín na infancia algunha destas persoas que chegaron a gozar de recoñecida sona entre estes veciños[5].
c. Tamén aparecen determinados *sandadores locais* que tentan proporcionar saúde por medio de ensalmos e accións, e prácticas de carácter ritual. Neste sentido Galicia contou sempre con dous tipos de *sandadores* dos que tamén participan estas aldeas: os *pastequiros,* que reciben o nome da palabra *pax tecum*, que empregan a miúdo, e os *saudadores* –dadores de saúde–, que reciben o poder, segundo di Vicente Risco, de nace-lo mesmo día e á mesma hora que o Noso Señor ou en Venres Santo (Risco, 1979:449)[6].

5. Un era coñecido por "Chambón" (D. Luís Santos), que practicaba emplastos ás persoas que sufrían luxacións e rompeduras de ósos. O segundo, "o latoeiro da Conexeira" (D. José Saavedra), a quen se acudía para extrae-las moas cando a dor era continua e insoportable. Tamén "o ferreiro do Coto" tiña sona de aplicar emplastos e de preparar receitas domésticas para alivia-las doenzas de moitos aldeáns. Hoxe en día son as fillas deste último as que conservan un amplo coñecemento das propiedades medicinais das herbas que medran no chan da parroquia e da aplicación ás doenzas que sofren os aldeáns.
6. Tamén, segundo recollo en Grixalba, nace con virtudes de saudador o que sexa o sétimo ou noveno fillo varón, que teña os seis ou oito irmáns varóns. Estes "saudadores" curan con saliva o co aleno que botan sobre a parte dorida do corpo. Non teño datos sobre a existencia física, nesta parroquia, deste tipo de sandadores. Pola contra, son abundantes as referencias ó costume de botar saliva e/ou soplar sobre a parte do corpo mancada para que diminúa, ou pase, a dor.

d. Están por último os *diagnosticadores* ou identificadores das series de "males que non son de médicos", isto é, persoas que observan o enfermo e logo emiten un xuízo en ton dogmático, do tipo, por exemplo, que refiren as seguintes informacións: "Ten [o enfermo] o estómago caído" ou "Ten caída a paletilla", ou "Ten [o neno] o mal do Sartego", e similares, recomendando de seguido o tratamento terapéutico local a seguir.

VI

O paso seguinte, unha vez diagnosticada a enfermidade, é acudir ós procedementos que dispón a comunidade para tratala. Neste caso, pode ser unha práctica curativa propia da medicina empírico-natural, ou ben un cerimonial terapéutico integrante da relixiosidade popular. Tocante á *medicina empírico-natural* da localidade, o corpus de prácticas curativas que estes paisanos aplican para trata-las enfermidades que padecen é amplo. De seguido presentarei aquelas que recompilei facendo notar que só comprenden unha pequena mostra das que aínda quedan por recoller. Esta mostra estructurarémola como segue:

Primeiramente aquelas *prácticas curativas que se aplican ás feridas e traumatismos de persoas que se mancan*. De acordo co tipo de luxación e fractura había na zona curandeiros coñecidos que aplicaban diversos emplastos. Así, a rompedura de ósos tratábase cocendo "dente de agrón", que se recolle na beira do río Mandeo. Faise unha cataplasma que se deposita sobre a parte afectada, véndase e déixase permanecer así uns días ata substituíla por outra. Así ata que se cura a rompedura. Para as *cortaduras* aplícase a "tea de araña" sobre todo cando sangran para que o sangue calle. A *inflamación dos dedos* trátase "introducindo o dedo en auga fervendo" unha vez e outra, recalcando os informantes que o fixeron que esta cocción do órgano enfermo é tan salutífera como dolorosa a aplicación. Unha *queimadura* cúrase tratándoa con aceite ou con fomentos de vinagre. As *feridas, picaduras, gretas nas mans* pódense tratar "lavándoas con mexo" (ouriños) que bota sobre elas o que as sofre.

Virían agora as *xaquecas e dores de cabeza* que sofren estes paisanos. Estas cúranse ademais de coas aspirinas mercadas na farmacia da capital municipal (Sobrado) ou na de "A Castellana", con "compresas de auga fría postas sobre a testa" para que refresque, ou ben, "indo lava-la cabeza á fonte das Pías" (santuario de "Santa Columba das Pías" na parroquia de Roade –Sobrado dos Monxes-), ou a outras fontes santas como a "Fonte da Virxe do Hermo", no adro da igrexa parroquial de Carlín, do concello de Friol (Lugo).

Cando estes campesiños tentan facer fronte á miopía e á "vista cansada", mércanlle ó quincalleiro ambulante que os visita ou nas feiras que frecuentan uns anteollos que axustan *in situ;* e para a conxuntivite "é moi bo lava-los ollos con auga de manzanilla". Tamén para cura-las "belidas", nome que lles dan ás úlceras dos ollos, ademais de lavalos con auga de manzanilla empregábanse algúns esconxuros e ritos de relixiosidade popular[7].

Sobre a serie de doenzas que se poderían asociar á especialidade practicada polos otorrinolaringólogos tamén dispoñen de experimentadas prácticas terapéuticas locais. Así, se a unha persoa "se lle toma a voz", ou "se pon ronca", recoméndaselle "poñer unha bufanda arredor da gorxa", ou "beber leite templado mezclado con xema de ovo batida", ou "aplicar panos quentes á gorxa"; e se lle vén de imprevisto unha hemorraxia nasal deberá pór "o fociño cara arriba", ou "un pano mollado en auga fría na cabeza", ou ben "unha chave de ferro no cocote" e así deixará de sangrar. Os catarros cúranse nestas aldeas cuns días de cama e bebendo "viño quente con azucre", ou ben "mel quente con limón", ou tamén "leite quente con mel e coñá".

A estes paisanos tamén lles doen as *moas* e os *dentes*. Estas dores alívianse con enxaugaduras de augardente ou de xenebra. E extráenselles ós nenos tirando dun fío, e ós maiores coa antedita técnica ou someténdose ás habilidades dalgún "sacamoas" ambulante ou "atrevido" veciño, ó que eu mesmo llo teño visto facer[8]. Tamén preveñen este mal recomendando non comer moi frío e moi quente alternativamente. En canto á dor de enxivas recoméndase atendela con "enxuagues de viño branco con romero".

7. Un consiste en coller entre os dedos índice e polgar un gran de trigo e facer con el tres cruces sobre o ollo enfermo recitando unha oración. Faise nove días seguidos, ó remate dos cales o ollo debe estar curado. Pronúnciase unha oración, pero xa non atopei en Grixalba quen ma soubese reproducir. Na súa ausencia, constato aquela que usan os fregueses de Santiago de Trasmonte (Friol, Lugo), parroquia situada nas terras baixas lucenses do monte da Cova da Serpe. Este ensalmo, que tiven ocasión de recollelo hai uns anos, transmitíronmo así:

> "Nuestra Señora la Virgen María
> Tres libritos en la mano tenía
> con uno leía
> con otro rezaba
> con otro *belidiñas* dos ollos quitaba.
> Por el poder de Dios y de la Virgen María
> un Padre Nuestro y un Avemaría". (Fidalgo, 1988:194)

8. Fun testemuña, cando era neno, dunha extracción de moas levada a cabo polo xa citado "latoeiro da Conexeira" (D. José Saavedra), na que empregou uns alicates dos que utilizaba no desenvolvemento do oficio artesán, e tratou a pequena hemorraxia sufrida polo dorido paciente con auga ácida que colleu da pía do obradoiro artesán.

As *doenzas da barriga* que padecen estes aldeáns teñen igualmente a súa resposta cultural. As mulleres poden padecer regra dolorosa que lles impida durante eses días traballar normalmente. Neste caso o remedio máis estendido vai ser tomar unha "infusión de herba luísa" ou "un grolo (trago, copa) de augardente", e se é "augardente de herbas" mellor. Tamén recomendan "unha copa de xenebra", pero esta é de introducción máis recente na parroquia. Se a dor provén dunha parasitación intestinal, isto é, se se collen lombrigas, neste caso a infusión a tomar é de "herba boa" (menta), ou exorcizalas mercando "un escrito contra as lombrigas dos que había nos tempos antigos", din os informantes de Grixalba.

En canto ós *males do peito* poden consistir en non encherse de alento debido a ter "o estómago caído" ou "caída a paletilla". Neste caso o mal trátase de acordo cun ritual popular capaz de levantala e retorna-lo doente ó estado normal. Pero se a enfermidade consistise nun simple andazo –mal que anda–, isto é, unha gripe de catarro, esbirro, tose, isto trátase quedando uns días na cama tomando "leite quente con ovo batido e azucre ou mel", "leite ben quente con coñá", "viño quente con azucre". Despois da toma hai que taparse ben para romper a suar. O catarro forte tamén se cura con infusións de flor de sabugo. Tamén se pode sufrir un ataque de "hipo", se é nun neno dirase que está medrando. Para quita-los *salucos* recoméndase beber uns grolos de auga e dete-la respiración por un instante, ou ben adoptar unha posición incómoda, consistente en poñerse de cabeza abaixo, e mesmo dando un bo susto ó que o padece. O malestar dun *empacho* trátase cunha infusion de "auga cun pouco de bicarbonato de sosa", "con herba luísa" e con "manzanilla cun pouco de anís".

Outras doenzas e males internos como o do cólico renal (que chaman mal da pedra), e dores da vesícula, trátanas eficazmente indo bebe-las augas das fontes que hai nos asentamentos mineromedicinais de Parga e Guitiriz (Guitiriz, Lugo). Con isto aparece entre os campesiños das terras baixas da Serra da Cova da Serpe estoutro tradicional recurso para trata-la enfermidade: o das augas mineromedicinais.

Son dúas fontes de augas sulfuradas, as mellor coñecidas e apreciadas por estes paisanos, baseándose nas propiedades que teñen. Unha localízase no asentamento de Parga e outra no de Guitiriz, ambas na provincia de Lugo. Das augas que manan delas díxosenos que "son moi boas para a vesícola e para o riñón". Das augas do Balneario de Guitiriz dise que "quitan as pedras da visícola", referíndose ós cálculos da vesícula e inflamacións de vesícula biliar. Tamén se afirma que son boas para cura-los padecementos de retraemento, gases, flatulencias, dores abdominais, cefaleas, etc. Sobre as augas da fonte de Parga coméntase que "non teñen tanto sabor pero sanan igual que as [augas] de Gutiriz". Hoxe a xente da zona segue acudindo ás dúas. Pero matízase que toma-las augas a Parga "vai máis o pobo llano" e á fonte do balneario de Guitiriz "vai a xente máis fina". Sabemos que a fonte de Parga é frecuentada só desde hai unhas décadas, sendo as augas de

Guitiriz as de máis tradición nesta zona rural[9]. Situada no centro do "Balneario de San Xoán de Guitiriz" (Guitiriz, Lugo) esta fonte de augas sulfuradas está actualmente atendida por unha auxiliar, que llela serve ós enfermos que acoden a toma-la, e por un médico e unha enfermeira que consultan dous días por semana. Aínda que as instalacións da Hospedería deixaron de funcionar hai arredor dun cuarto de século, iso non impide que sigan acudindo anualmente toma-las augas xentes de tódalas partes, que permanecen residindo na vila os nove días que a tradición vén recomendando[10].

Aqueles veciños que contraen *males da pel* tamén dispoñen para curalos das augas mineromedicinais. Así dísenos que "son boas as augas sulfuradas das fontes de Parga e Guitiriz". Estas sono especialmente para os "granos da pel" (acne xuvenil) e "para a caspa". Pero os homes da Serra da Cova da Serpe dispoñen doutros remedios para trata-los grans, en especial os *carafunchos,* que tratan con panos quentes para apura-lo proceso de maduración e consegui-la abertura espontánea do "clavo" e a supuración. Tamén se lles pode aplicar aceite para abrandalos. E as *verrugas,* que nalgún caso proveñen de forma intencionada por contar estrelas e dicir "estrela alí verruga aquí" marcando co dedo onde se vai depositar. Segundo informan, non hai mellor para curalas que "untalas con leite de figo", ou tamén "ofrecerse a un San Benito", pero isto xa non é practica empírico-natural.

VII

Con respecto ó sector das *prácticas curativas de relixiosiade popular* que teñen por obxecto a curación dos males padecidos por estes veciños, sérvense para desen-

9. Á fonte de augas mineromedicinais do asentamento de Parga (Guitiriz, Lugo) acódese dende o ecuador do século actual unha vez que se acondicionou o manancial, despois de que o propietario doara o lugar para servicio dos que alí se achegasen a beber. Agora seguen indo toma-las augas a ela os interesados. Din que se debe "toma-las [augas] nove días seguidos para que faga efecto". Isto vale tanto para a fonte de Guitiriz como para a de Parga. Como este novenario continúa resultándolles difícil de realizar, sempre que van, especialmente domingos e festivos, aproveitan para encher botellas e garrafas que transportan para a casa co fin de continua-la dose no fogar. Os informantes consultados no momento de tomalas eran conscientes de que "mellor é tomala [auga] ó dereito da fonte, porque nas botellas perde propiedades e non fai tanto efecto. Pero –continúa a informante– a xente vén, e a leva. Nós vimos aquí por ela desde Ferrol. Bebemos aquí a que queremos e tamén a levamos. Ata a utilizamos para cociñar de tan boa que nos é". (Información recibida *in situ* o terceiro domingo de agosto, maio 1995).

10. Hai outras fontes, ás que lles atribúen propiedades especiais os informantes de Grixalba. Son a coñecida "fonte da fame", porque lle abre o apetito ó que "por desgaña" non quere comer. "Ó tomar auga desa fonte, de pronto vén unha fame de raio. Esa auga abre a vontade de comer", afirma Ánxel, o informante da aldea da Costoia (Grixalba, Sobrado dos Monxes, maio 1995). A "fonte da Cañota" no monte de Codesoso (Grixalba) dá unha "auga moi boa", que os campesiños da mencionada aldea transportaban ó fogar para servila nas comidas. Outras aguas con virtudes moi especiais son as da "fonte de San Vitorio", que "curan as enfermidades", "quitan as verrugas", etc. (José López, Casal (Grixalba, Sobrado–, maio 1995).

volvelas dunha ampla serie de obxectos simbólicos (escapularios, cruces, estampas, escritos, evanxeos, auga bendita...), de xestos (palabras, ensalmos, oracións) e de intermediarios humanos (sandadores, "sabias"...) que se sitúan a medio camiño entre o natural e o sagrado, de aí a súa forza salutífera. No caso dos santos, que aparecen como intermediarios espirituais, estes poden cura-las enfermidades directamente sen necesidade de elemento intermediario ningún máis que a fe do paciente na súa mediación. Neste sector do corpus de prácticas terapéuticas parroquiais tanto os enfermos coma os sandadores aprenden as oracións e procesos rituais que deben desenvolver sen se trabucar e nas condicións requiridas polo cerimonial curador[11]. Velaí un intento inicial de organiza-la recolleita de datos deste sector.

– Empecemos lembrando que moito antes do nacemento das persoas, as cautelosas embarazadas poñen as súas precaucións terapéuticas tendo coidado de cumpri-los antollos para que os seus meniños saian sans. A nai preñada cre que non debe tocar cun peixe ou con amoras sobre a propia pel para que non lle naza o fillo con manchas; e antes de dar a luz mandou "poñe-la imaxen de San Vitorio pequeno á cabeceira da cama" para que a asista no momento do parto e durante a corentena posparto. Ó seu lado outros santos como un Cristo e a Virxe do Carme son colocados e invocados a cotío no caso de que as dores sexan fortes ou o parto se prolongue máis do considerado normal.
Despois do parto nai e fillo permanecen sometidos a uns tratamentos especiais. Con respecto á parideira, terá que permanecer durante "corenta días recuperándose". Toda esta tempada na que se encontra co "corpo aberto", "esmagado", "enfermo" –e por iso se di que "ten un pé na casa e outro no cemiterio"–, a parideira vai apoiar máis o pé da casa permanecendo na cama e recuperándose cunha dieta recomendada, a base de tomar pola mañá o "ponche", que consiste en "medio vaso de viño quinado ('sansón') no que se deixou cae-la xema dun ovo", ou o "chocolate" preparado con leite, con auga, e tamén onzas de chocolate, sempre consumido acompañado de pan. Polo día comerá "sopas de pan", consistentes en rebandas finas de pan sobre as que se bota azucre, leite e manteiga, ou senón "sopas de viño con azucre", feitas a base de anacos de pan sobre os que se bota azucre e viño morno, e sobre todo a "sustancia de galiña", que consiste nunha cunca de caldo de galiña, pola, ou galo, ó que se lle mestura algo de pan, e continúase co consumo da carne cocida das ditas aves de curral, que é costume regalarlles cando se van visitar. Con isto e unha reducida gama de doces e galletas que tamén se reciben de regalo, ou se mercan, é suficiente para que a parideira se recupere antes de face-la "entrada na igrexa", isto é, presentarse en público na misa dominical.

11. Convén lembrar que estas prácticas non están en contra do modelo da medicina científico-experimental, senón fóra del, nin do modelo de medicina natural da que se achan máis preto, e, polo tanto, son compatibles con el.

Non falaron as informantes desta zona do bautismo anticipado do non-nado, como nolo recollen noutras comarcas de Galicia o médico V. Lis Quibén (1989) ou o psicólogo E. Becoña (Becoña, 1989:49-51), pero si do costume de anticipa-lo bautismo do neonato cando se sospeita que corre perigo de morrer antes de chegar á Igrexa. Este bautismo faino calquera persoa que saiba reproduci-la fórmula relixiosa "oficial": "bótaselle un pouco de auga e dise: Yo te bautizo en el nombre del Padre, del Hijo y del Espíritu Santo". As informantes coas que tratei dubidaban sobre se algún neno podía traer virtudes especiais: "Decíase que se un neno era o noveno fillo e que tódolos irmáns foran homes coma el, que tiña poderes de curandeiro. Decíase pero non sei se será verdade". A informante reproduce aquí aquela crenza máis xeral á que fixen referencia máis arriba ó falar dos "saudadores" –dadores de saúde–, que teñen a virtude de curar con saliva, como son o sétimo ou noveno fillo varón que xa ten seis ou oito irmáns varóns. Pola súa parte, desde o momento que nace, o neonato é obxecto de protección e coidados especiais. A ninguén se lle permitirá ser padriño do bebé antes de ter ben aprendido o credo. Trabucarse no rezo desta oración na cerimonia do bautizo pode traer algun mal ó catecúmeno, ó que desde agora novos coidados seguirán as fases de crecemento no seo da comunidade. Como indica F. Loux sobre os coidados a que son sometidos os bebés de Francia (Cfr. Loux, 1978:153), tamén aquí todo é prevención minuciosamente regulada na vida do rapaz. A nai non debe dar sufocada de mamar ó neno para que non se descompoña, tampouco debe comer ensalada con vinagre para que ó leite non lle sente mal, nin debe beber auga mentres aleita ó neno para non afrouxar (adelgazar) o leite[12], ter coidado de que "non trague pelos de gato para non contraer enfermidade", e de non corta-las uñas os días de R (martes, mércores e venres) para que non lle saian "pelexos" arredor, ofrecelo ó San Alberte que se venera preto de Baamonde (Lugo) para que non prenda na fala ou se prende cando empeza a falar, etc.

- Outras moi variadas crenzas superan este sector dos coidados dispensados á poboación infantil e adulta do fogar. Nese sentido debemos facer referencia ós rituais de evitación das pestes, néboas, xeadas dos campos cultivados, e aqueloutros de evitación dos males do fogar. Naquel caso o membro do fogar que o practica asperxe nas catro esquinas da leira auga bendita que se recolleu na Igrexa o Sábado de Gloria, empregando un ramo de oliveira bendito. O ritual tamén implica que en cada esquina que se asperxe se rece un Noso Pai, e se coloque no centro da leira unha cruz feita de ramo de loureiro ben-

12. O costume é contraposto ó que se vén practicando cos animais. Á hora de muxi-las vacas dábaselles tradicionalmente "un caldeiro de auga con nabos, ou berzas e algo de fariña", quizais para estimula-la producción do leite. A herba seca, palla de trigo, etc. botábaselle despois.

dito. En canto ós cerimoniais de protección do fogar, estes campesiños cravarán anualmente ó lado das portas de entrada da casa unhas cruces feitas de pao de loureiro bendito o Domingo de Ramos, coa crenza de que con iso basta para que non entre ningún mal. Outros males que poden afectar ós veciños evítanse mediante o emprego de determinados talismáns: cruces, escapularios, escritos, imaxes, estampas, ferraduras, etc. que levan permanentemente as persoas, ou depositanos nos elementos (tractores, turismos, apousentos) que desexan protexer.

- Un antigo cerimonial preventivo do mal nas persoas e animais que se celebra anualmente é o que consiste en "salta-la fogata do lume novo de San Xoán". Para que produza efecto, no momento de saltar sobre el as persoas deben recitar este ensalmo que di: "Salto o lume novo de San Xoán para que non me trabe cobra nin can, nin cousa que me faga mal". Tocante ó gando que habita no fogar, cando chega o día pásase sobre as cinzas da fogueira para protexelo da mordedura das cobras e outros animais pezoñosos. Con tal potencialidade salutífera da lumieira derivada de arder na noite do 23 ó 24 de xuño, en pleno solsticio de verán, a colectividade humana e os animais domésticos que residen na zona quedan dende agora inmunizados para todo o ano. Doutro lado, quen decida na mañanciña de San Xoán refregrarse en coiro contra a cortiza dun carballo negral e de seguido envorcallarse nun prado de herba verde, para recolle-la máxima rosada salutífera do día de San Xoán, verase libre durante o ano da sarna que puidese ter.
- Pero sobre calquera dos cerimoniais populares citados sobresaen aqueloutros practicados cos santos protectores deste contorno. Os residentes destas aldeas invocan ós seus santos convencidos de que serán atendidos[13]. A un dos que acoden máis a miúdo para que lles devolva a saúde perdida é o santo San Vitoiro, que veneran no santuario parroquial. Na parroquia de Grixalba non hai santo con tanto poder de convocatoria como "o avogoso San Vitorio". Fóra dela hai outros como son "Santa Columba das Pías" na parroquia de Roade (Sobrado), "o Corpo Santo de Xurío" na parroquia de San Martiño de Churío (Irixoa) e a

13. Entre os santos protectores locais nos que teñen depositada a maior confianza estes aldeáns da zona de estudio están: San Vitoiro, que honran con romaría o 14 de cada mes de maio; a Virxe do Carme, que veneran o 16 de xullo; o "Corpus", que celebran un domingo de agosto; e San Xulián, padrón da parroquia, venerado cada 7 de xaneiro. A Virxe do Rosario tamén conserva capela propia na aldea de Codesoso do Monte, pero non nos consta que lle teñan unha devoción destacable. A "Santa Columba das Pías", que se venera na parroquia de Roade (Sobrado), acoden un día do mes de xuño. Cando os veciños de Grixalba (Sobrado dos Montes) corren algún perigo e sobre todo cando teñen dores ou padecen calquera clase de males, a vivencia do problema está salpicada de exclamacións que reclaman a axuda de tipo: "¡Ai, San Vitorio me valla!", "¡Ai, Virxe do Carmo me protexa!", "¡Ai, Virxe bendita me protexa!","¡Ai, Virxen querida me salve!", "¡Ai, Cristo bendito me axude!" e semellantes.

"Virxen de Pastoriza" na parroquia de Santa María de Pastoriza, no concello de Arteixo (A Coruña). En cada un destes santuarios o devoto pide, rézalle ó santo, deposita exvotos, dá esmolas, recolle as augas das "fontes santas" para levalas ó fogar, e, sobre todo, renova a súa confianza no poder salutífero do santo ou santa protector.

VIII

Recollemos de seguido unha mostra de actos salutíferos atribuídos ó "avogoso San Vitorio", de quen se di que "ten feito moitísimos milagres", a maior parte atendendo peticións destes veciños de San Xulián de Grixalba. As intervencións que lle atribúen estes paisanos sobre os animais e persoas da parroquia constitúen unha proba da vixencia desta terceira estratexia terapéutica local consistente no recurso ás prácticas terapéuticas de relixiosidade popular.

Este avogoso San Vitoiro de Grixalba parece que atendeu, ó longo do tempo, tódalas peticións que os seus devotos das terras baixas da Serra da Cova da Serpe lle fixeron con confianza e fe no propio poder mediador. Tantos eran os favores que os seus devotos lle viñan pedir ou agradece-lo "día do santo", ó longo do tempo, que a concentración ó redor da capela o 14 de cada mes de maio tivo que reorganizarse nas últimas décadas coa prohibición da presencia dos animais no santuario local. Un informante describía deste xeito a antiga amálgama de persoas e bestas que acudían á capela de San Vitoiro o día da romaría que honra ó santo protector:

> O día de San Vitorio as misas empezaban moi de mañá. A xente acudía cos animais ofrecidos, e aquelo semellaba unha feira. Viñan cabalos e bestas nos que chegaban dacabalo os romeiros. Pero o que máis había eran vacas que ás veces traían a cría. Tamén teño visto porcos ofrecidos ó Santo [...]. A xente empezou a queixárselle ó cura, D. Antonio, decíndolle que os animais manchaban a roupa e que quedaba o campo da festa con excrementos e eso. Foi entón cando o cura impediu leva-los animais á capela, e agora nos últimos anos, o San Vitorio xa non é coma antes. A xente continúa acudindo coma sempre, pero os animais non. Tampouco se vén de merenda como antes. A xente agora acude en coche para oí-las misas e cando rematan case todos volven para as súas casas.

Os males que sofren os animais eran os que máis a miúdo ocasionaban a necesidade de intervención salutífera deste santo protector. Pero ningún problema parroquial lle era alleo nin queda fóra do seu poder. Tal como imos ver, o Santo local atende tanto os males que lles afectan ós animais como ás persoas, e mesmo se ocupa de intervir sobre os elementos naturais se é necesario. No seguinte suceso o informante atribúelle a recuperación da saúde dun animal que xa se atopaba a piques de morrer. Trátase da curación dunha vaca propiedade dunha familia da comunidade. O etnotexto foime transmitido así:

– O que pasou coa vaca do Ferreiro da Costoia cóntocho eu. Ó Ferreiro púxoselle unha vaca moi enferma que non comía nada nin daba de si. Como non se daba posto ben, foise xunto dun tratante que merca destas vacas enfermas. Pero o vaqueiro ó chegar xunto da vaca e vela así tan mal, non quixo mercala porque non se levantaba e díxolle que non a podía levar.

O comprador marchouse e entón a tía Andrea –que era a muller do ferreiro– vendo así o animal colle e dixo:

– Bueno pois voulle ofrecer unha limosna a San Vitorio a ver se mo curara.

E ofreceulle a limosna a San Vitorio. Pero o tío Domingo, cando escoitou isto o aproveitou para decirlle á muller:

– Ti ofréceslle a limosna a San Vitorio pero o comprador marchouche.

A tía Andrea calou. Pero foi buscar unhas verzas e deullas á vaca. O animal vai e comeunas, e ó comelas vai e ergueuse.

Entón un curmán do tío Domingo que estaba con eles, ó ver que a vaca se erguera díxolles:

– Vou ir ata a taberna da Conexeira, que o tratante aínda estará alí e dígolle que volva merca-la vaca que xa se levantou e xa lle anda para levala.

Pero a tía Andrea dixo que non. –Non, agora non vaias. Espera a ver que fai a vaca.

E de pronto tróuxolle un caldeiro de caldo e o animal o comeu. A vaca foi curando en pouco tempo e quedou sa coma as demais. Esto pasoulle ó tío Domingo do Ferreiro desta aldea da Costoia[14].

Outro suceso semellante é este que relata a intervención do santo sobre a vaca enferma dunha familia de Casal de Abaixo (Grixalba, Sobrado). Velaquí como se resolveu o problema de saúde segundo a versión dos propietarios do animal:

O feito que che vou contar pasounos a nós cunha vaca que se puxo enferma. Foi moi parecido a outro caso que lle pasou ó Ferreiro da Costoia con outra vaca, pero nós xa tiñamos o burato feito para enterra-lo animal.

A vaca caeunos enferma e non sabíamos que clase de enfermidade tiña. Estaba case totalmente morta. Nin se movía nin se lle notaba a vida, e xa fixéramo-lo burato para enterra-la vaca. Estaba parida de pouco e tiña unha cría que, claro, berraba de fame porque o animal non o podía manter.

Entón chegou unha veciña de aquí da aldea, que se chamaba Marica e díxolle a meu avó:

– Home, e ese animaliño dá lástima sentilo berrar así.

– E que se lle vai facer se a vaca está tirada e eu non sei que lle facer –díxolle o meu avó.

– Pois eu ofrecíalle unha limosna a San Vitorio a ver se a criara –matizou a veciña.

– Se me criara a cría, a vaca doulla toda –dixo meu avó.

E ofreceulle a vaca a San Vitorio.

O detalle non quedou así, porque de alí a un pouco foi ve-la vaca unha tía nosa que se chamaba Dominga, e entón vai a vaca –que ata daquela non facía caso a nada– levantou a cabeza e mirou para ela. Como viu que a mirara, a tía volveu á casa por un anaco de pan e deullo, e vai a vaca e comeulle o pan. Sin dicir nada volveu por unha verza e doulla, e vai a vaca e comeulla tamén.

Entón a tía xa non se detuvo. Foi xunto ó meu avó a contarllo e díxolle ó avo:

– Oia a vaca comeume un cacho de pan amais unhas verzas. E el respondeu:

14. Información recibida de D. Ánxel Fidalgo Lodeiro, 59 anos, A Costoia (Grixalba, Sobrado dos Monxes), agosto de 1995.

– ¡Caraspio! Esto non é broma.

E nesto, foron ve-los dous ó animal.

E vai a vaca e levantouse diante deles e deulle de mamar á cría.

E mira que enfermidade debía ter, que a carne dunha pata caeulle toda d'arriba a abaixo, ademais o gueso, do presullo para abaixo, caeulle todo e a uña do pé tamén. Caeulle o gueso, ademais da uña pola xunta do presullo, e quedou a vaca coa pata máis curta pero curou de todo, criou a cría, e foi unha vaca como as demais. Despois aquela vaca foi subastada en San Vitorio tal como prometera o avó. A xente ten fe no San Vitorio porque destas cousas fixo moitas por aquí[15].

Hai outra clase de relatos que falan da acción salutífera que San Vitoiro exerce sobre outros animais. Así, tamén cura o gando porcino, se facemos caso de relatos como o que segue:

Tiñamos unha porca preñada que se nos puxo enferma. Empezou a non querer comer e a poñerse cada vez peor. Daquela non había veterinario e non sabíamos como facerlle. Eu dáballe o que pedía pero non comía nada; estaba deitada na corte e non se movía. O animal estivo a piques de morrer.

Entón decidín ofrecerlle unha limosna a San Vitorio para que a sanase: – Hai San Vitorio querido, se me sacaras a porca adiante e me criara os ranchos, un dos que traia ha de ser para ti. Ofrecinlle o rancho de verdade porque a porca estaba moi mal. Marchei, e máis tarde volvín ve-la porca e vin que o animal xa parecía estar mellor. Dinlle algo de comer e xa comeu algo, e dende aquela foise poñendo mellor ata sanar. Sanou de todo e pariu catro ranchos. Cando valeron para vender collín un deles e leveino a San Vitorio. Alí subastouse e o que deu foi para el[16].

Tamén o gando equino foi obxecto da súa acción salutífera, tal como recolle o seguinte relato, do que se deduce que é preciso cumpri-los compromisos contraídos co Santo protector para que o equilibrio se instaure. O acontecido foi narrado así polo versado informante:

– Esto sucedeulle a un veciño de Mariz [Guitiriz, Lugo] que tiña unha besta que se puxo de parto. Púxoselle o parto mal e o animal non daba parido. Ó ver que non saía a cría vai o dono e ofreceulle mitade da cría a San Vitorio no caso de que parira ben. A besta pariu e trouxo un poldro moi feito.

Un día o home achegouse ó San Vitorio a cumpli-la promesa, pero como daquela os poldros valían moito, en vez de darlle a mitade parece que lle deixou algo menos. Seica lle deu só unha cuarta parte do valor da cría.

15. Información recibida de D. Xosé López. 65, anos, Casal de Abaixo (Grixalba, Sobrado dos Monxes), agosto 1995. Dispoño doutros sucedidos de curacións en animais desta especie que decido omitir para non supera-lo espacio asignado á comunicación. A maioría gardan un esquema narrativo semellante ó que usa o seguinte informante cando constata: "A Domingo de Peteiro se lle puxo unha vaca a morrer. Estaba tirada na corte e xa pensaron que nunca ía a sanar. Ofrecéronlle unha esmola a San Vitorio e a vaca sanou" (Información de María Santamariña Ares, 82 anos, Grixalba –Sobrado dos Monxes–, maio de 1995).

16. Información de D.ª María Santamariña Ares, 82 anos, A Costoia (Grixalba, Sobrado), maio de 1995.

O caso foi que cando lle chegou a hora de irse para a casa montou na besta, pero nin a besta nin a cría querían saír d'arredor da capela de San Vitorio. Xuntouse a xente e uns por un lado, e outros 'afala' polo outro, pero non había maneira de bota-lo poldro de xunto a capela.

Ó ve-la cousa tan difícil, o home deuse conta e pensou para si: Non me vaia pasar esto por non cumpli-la ofrenda do santo. E colleu, baixou da besta, e entrou da-la parte que faltaba do que lle ofrecera a San Vitorio. Volveu saír e montou de novo no animal. ¿Queres ver que agora o poldro seguía tra-la besta sen facer falta que lle afalara ninguén? Eu teño escoitado moitas veces que este feito pasoulle a un de Mariz, e que foi verdade[17].

Pero o San Vitoiro protexe sobre todo ós humanos. A este nivel os informantes atribúenlle dous tipos diferentes de protección. Unha máis xeral deriva do cerimonial coñecido como "poñe-lo Santo", e outra que exerce sobre persoas concretas portadoras dun problema particular.

O ritual de "poñe-lo santo" lévase a cabo no interior da capela o "día de San Vitorio", o 14 de maio, e o "día de Nosa Sra. do Carmo", o 16 de xullo. O encargado de practica-lo sinxelo cerimonial protector é o sancristán. Utiliza para iso a imaxe de "San Vitorio pequeno", duns 40 cm de alto, que ten disposta unha asa por detrás. O sandador colle pola asa a imaxe do "santiño" e pásao arredor do paciente á altura da cabeza mentres recita unha indescifrable oración. Rematado o acto, o devoto deposita a esmola voluntaria na bandexa disposta diante do Santo, e sae da capela coa crenza de que vai minuciosamente protexido contra calquera tipo de mal durante o resto do ano.

Este amparo de carácter xeral que o San Vitoiro sempre se acha disposto a proporcionar ós devotos increméntase no caso dos enfermos da parroquia, homes e mulleres con problemas de saúde, e, en especial, no caso das mulleres parturientes das aldeas espalladas por esta área rural. O seguinte relato recolle esta protección específica que lle afectou, neste caso, a unha dona da parroquia que tivo problemas no momento de dar a luz. O etnotexto recolle as circunstancias que levaron ós veciños da aldea de Sante (Grixalba, Sobrado dos Monxes) a pedi-la súa salutífera mediación. O acontecido foi transmitido como segue:

17. Información de D. Xosé López, 65 anos, Casal de Abaixo (Grixalba, Sobrado dos Monxes), agosto de 1995. Os campesiños desta parroquia non só lle atribúen a San Vitoiro esta acción protectora dos animais cando paren senón tamén a capacidade para minguarlle-la agresividade no caso de que a orienten sobre as propias crías. Observemos, no seguinte suceso, esta referencia que se fai ó tema:

"Aquí na aldea tamén pasou outro caso cunha besta que tiñan os de Cabado. Tiñan unha besta que cando pariu non quería a cría. Trabáballe. A besta comía a cría e tiñan que poñerlle un 'bitillo' como o que se pon ás vacas sempre que se lles botaba a cría a mamar. Pero despois a besta remataba por non lle baixa-lo leite á cría. Entón, tamén os de Cabado lle ofreceran un cuarto da mula a San Vitorio –lémbrome ben que a cría era unha mula–, e dende ese momento empezou a acollela e a quererlle como queren os animais [ás crías]. Tivera aquela besta máis crías e sempre as amamantou e lles quixo como á que máis" (Información de Ramón López, 59 anos, Casal –Grixalba, Sobrado–, maio de 1995).

Estoutro caso pasou en Sante. Ocurriu que a muller de [nome] tiña un parto difícil e non conseguía dar a luz. Foron polo médico de Cabado e cando veu e mirou a muller díxolles:

– Hai, ela, parir nunca máis pare se non se lle saca.

Pero entón, daquela, se un ía ó hospital parecía que xa saía para o cementerio, e os da casa dixéronlle ó médico:

– ¡Ai D. Antonio! ¡Ai señor! Se vostede o intentara; se se puxera a ver se lle facía algo...

– ¡Eu só non! Ide buscar outro médico. Ide por D. Emilio á Carregosa, que entre os dous mal sexa que non lle saquémo-la criatura.

Entón decidiron ir polo médico da Carregosa –que Cabado e el eran amigos–, pero nestes medios tamén chegaron alí, á casa, uns veciños da aldea de Sante e comentáronlle:

– Era mellor que forades busca-lo San Vitorio a ver se o Santo querido a axudara a parir.

E tamén foron. Uns saíron polo médico da Carregosa e outros cara a San Vitorio polo 'San Vitorio pequeno'.

Pero o médico de Cabado comentoulles ó ver que saían polo Santo: – Ir, iredes, pero non hai San Vitorio que faga parir esta muller.

Trouxéronlle a San Vitorio, e o caso foi que antes de chega-lo médico da Carregosa a muller pariu sen axuda de médico ningún. Agora que dende aquel día D. Antonio nunca máis deixou un ano sen acudir ó San Vitorio o día da romería. Nunca máis faltou da festa do San Vitorio[18].

E desta presencia do santo mediador e dador de saúde pasamos á acción salutífera da auga da súa fonte. Situada nun prado particular moi preto do santuario, dise desta auga da fonte de San Vitoiro que "nunca fai dano" e que "é boa para todo". Os romeiros acoden á "fonte do Santo" para sacia-la sede coa que chegan, lavar nela as mans, os ollos, e aquelas partes do corpo afectadas por algunha enfermidade, confiados en que lles van curar. Boa sobre todo para quita-las verrugas e os tirizós dos ollos, esta auga da fonte do Santo ata é capaz de facer levedece-la masa coa que os campesiños preparan a fornada de pan. Velaquí tres segmentos de relatos que avalan o que dicimos:

Coido que xa vai quedando de manifesto que falo desde unha perspectiva de médico psiquiatra, aínda que tente facer Antropoloxía aplicada á Saúde. Despois de cinco anos de escoitar e de traballar como tal nunha comunidade rural, a unhas seis leguas de Compostela, pretendemos falar destoutro peregrinar.

Como psiquiatra a miúdo teño que moverme nunha encrucillada na que preciso unhas veces valerme do universalismo biomédico e outras do particularismo antropolóxico. Cando falamos da nosa experiencia, do noso traballo de campo como observadores participantes, gustaríanos darlle un sentido universal. Cómpre xa subliñar que non vemos grandes diferencias entre as demandas dos pacientes en comunidades rurais e nas urbanas, quizais estas diferencias veñen marcadas polas facilidades de acceso ós servicios sanitarios.

Ó escoitar como traballan os curandeiros no territorio xeográfico no que tamén intervimos nós, de seguida nos decatamos que están continuamente innovando, modernizándose, introducindo novos métodos, algúns tomados da medicina oficial. Algo moi parecido ó que salienta Wolffers (1989:1114) en sitios tan afastados como a India e que remarca a necesidade que teñen os "filtros" de axeitarse ós escorregadizos síntomas.

A relación médico-enfermo caracterízase por unha constante negociación, por un trato continuo, entre enfermidade e malestar, entre as interpretacións de ámbalas dúas partes. Onde nós traballamos aínda prefiren os usuarios falar da "miña Historia", precisan que historiémo-la súa doenza sen separala da biografía persoal. Sen embargo, a poucos quilómetros en Santiago, igual que cando traballan en Zürich ou en Berna, o Hospital xa os obriga a que se refiran ó "seu Historial". Neste caso xa están a falar de algo máis tecnocrático, máis impersoal.

Pero este universalismo biomédico que desde a perspectiva que hoxe nos ocupa tanto criticamos, non é máis ca unha apariencia. Para mantelo necesítase illar diagnóstico e tratamento, aspecto inconcibible. Este maquiavélico proceder é moi doado de descubrir a diario desde dentro do sistema sanitario. A maioría dos médicos que van de "científicos" e que se gaban de ser "investigadores" defende enerxicamente a necesidade de utilizar criterios diagnósticos universais para face-lo etiquetamento, pero a cotío fan "localismo terapéutico" e quedan tan panchos ó dicir que tal procedemento non é aplicable a "enfermos incultos". Moitas voltas teriamos que darlle a isto das "denominacións de orixe" tan de moda nalgunhas facetas da nosa realidade e tan negadas noutras...

ESCENARIOS E FERRAMENTAS

Antes de describi-lo cribado, peneirado e filtrado psico-social da clínica psiquiátrica iría ben que nos detivesemos un anaco nos intrumentos e mais no escenario onde se recollen os síntomas.

Collemos adrede a peneira e maila criba para simbolizar aparellos propios dunha época histórica e dun tipo concreto de producción. O filtro xa é máis recente, universal e industrial. As cribas e as peneiras construíanse localmente e púñaselle-lo tipo de malla máis axeitado á función que ían realizar, mentres que os filtros se tiñan que mercar, e case sempre eran de fabricación estranxeira. Así nos pasa coas ferramentas coas que diagnosticamos; se recorremos basicamente á entrevista, á conversación diagnóstica-terapéutica case sempre a construímos nós mesmos, aínda que sigamos modelos universais correspondentes ós diversos paradigmas cos que interpretámo-las doenzas. Pero, se utilizamos cuestionarios ou escalas case sempre son "de importación".

Isto xa é outro problema. Se renunciamos a seguir "bricolando" cribas e peneiras temos que usar case sempre filtros internacionais que non son capaces de recoñecer síntomas locais; por iso, non os van aceptar, seleccionar. Radicalizándonos unha chisca, podemos afirmar que o que se pretende é precisamente facer desaparece-los "síntomas" para traballar soamente cos "signos".

Igual que temos cantidade de estudios que amosan como moitas das taxas de determinados trastornos psíquicos varían substancialmente segundo que sexan médicos xeneralistas ou psiquiatras os que fagan a colleita, temos que aceptar que xa son escasos os médicos galegos que no momento actual saben que é un *grime* ou un *rincho*. Tan ricas e coloquiais expresións de malestar están desaparecendo das consultas non porque xa non se "sintan", senón por non seren recoñecidos como síntomas. Afondar nisto levaríanos ó atractivo asunto da co-construcción da doenza.

Co escenario, co lugar onde se "representa" o síntoma ocorre outro tanto. Tampouco podemos caer en apoñerlle toda a responsabilidade do cambio ó sistema sanitario. Cando os vellos actuais eran mozos, os síntomas recollíanse a maioría das veces na propia casa, na cama; por iso se conserva a palabra "médico de cabeceira" mentres xa se foi perdendo a de "o médico da casa". Pola contra, agora a maior parte dos síntomas xa se recollen no Hospital ou no Centro de Saúde.

Ultimamente andamos a discorrer no asunto das Urxencias. Gran parte das crises agudas e non tan agudas preséntanse nas Urxencias dos Hospitais. Ir a Urxencias xa forma parte do cotián de calquera grupo doméstico. Neste escenario o síntoma aínda terá que ser moito máis "domesticado" no sentido de universalizalo. Para que "con urxencia" sexa recoñecido un cadro clínico ten que ser "típico"; a penas hai tempo de contar síntomas, é máis práctico amosar signos.

Estamos pois elaborando o ir a urxencias como un ritual moderno nun espacio de anonimato. Acudir ás Urxencias é gratis, sobre todo se se vai ó serán, cando xa

se remataron os traballos. Paradoxalmente, neste momento acudir a un Santuario ou a unha Romaría é moito máis custoso ca ir ás urxencias. Por iso, sostemos que, fronte ó pensamento biomédico que concibe as Urxencias dun Hospital como unha exclusión, un illamento (restos da antiga corentena) nun cubículo, prodúcese simultaneamente, a nivel popular un auténtico "ritual de inclusión" que pretende integrar e recupera-lo pasado.

Familiares e veciños acompañan a quen vai a Urxencias, agardan o resultado na sala de espera ou a carón dos que quedaron na casa. Esta pequena peregrinación a Urxencias permite amosa-la solidariedade veciñal e mesmo recupera-la harmonía cando se dan conflictos. Non interfire co novo ritmo e coas novas actividades productivas. En troques, para poder acompañar a un veciño ou a un familiar a un Santuario ou a unha Romaría xa é preciso que esta caia en domingo. Non poucas veces os síntomas (tales como unha aguda e repentina dor de barriga nun vello) amosan unha gran pericia para mobilizar toda unha rede familiar e social que sería imposible sen a transcendencia (para moitos equivale a gravidade) da palabra *Urxencias*. Daquela, entendemos mellor ó sociólogo Irving Zola (1981:36) cando agudamente salienta como a Medicina esta substituíndo á Relixión na función codificadora do sentido da vida no século XX.

Andamos á procura dos significantes culturais que van xurdindo nesta moderna peregrinación ás Urxencias. Dalgún xeito, estes novos espacios permiten ir elaborando, ou impedindo que se esborralle, a identidade persoal e colectiva. Gayral (1993:2), o mesmo ca outros semiólogos clínicos, etiqueta como "patoloxías dos acontecementos" os novos xeitos de enfermar. Estamos de acordo con este gran clínico francés e subliñamos como este escenario está permanentemente en disposición de acoller un ritual socio-familiar e comunitario aínda que os sanitarios "retranscriban" esa demanda reducíndoa a un nivel individual que lles permita falar dun "caso" clínico. Sen embargo, e seguindo coa linguaxe médica, se ese ritual integrador se quere representar nun Santuario ten que ser con cita "previa" e sen nocturnidade.

Teriamos que falar dos "custos" que isto pode carrexar. O Hospital "pasa factura". Non permite que emerxan as emocións típicas das situacións conflictivas, aspecto que si era factible durante unha Regueifa ou nunha Romaxe. O "filtro" (en moitos Hospitais para couta-la masificación poñen un miniequipo médico xusto na porta de entrada para decidir quen pode seguir peregrinando e quen ten que volver para a casa, e a isto chámaselle oficialmente "filtro") sanitario non deixa pasar laios, emocións, queixas, etc.; gústalle mellor o son amorfo dos órganos. Se entendese de síntomas ese filtro correría o risco de ter que aceptar "problemas sociais" como lles ocorría ós primeiros Asilos-Hospitais da Idade Media e Moderna.

Cando o médico ía á casa ver (dicíase "visitar") un enfermo, este estaba ben lavado, practicamente espido e metido na cama. Sen embargo, agora cando ese " veciño enfermo" acode ó Hospital urbano, igual que cando vai ó Notario ou ou

Rexistrador, múdase de roupa interior e exterior. Mudanza que sen decatarse leva a outros eidos; vén falando en castrapo, utiliza termos médicos das series americanas da televisión, e sobre todo, para que o recoñezan como enfermo terá que deixarse de "paifocadas" e peneira-las queixas para que lle permitan consegui-los "beneficios" de enfermo.

As emocións fronte a unha perda son expresadas de xeito diferente en función do sexo. Se os homes choran o seu pranto ten que ser menos expresivo emocionalmente co das mulleres. Estes mesmos estereotipos sexuais están vixente na relación médico-enfermo, pero non só no rol do enfermo senón tamén no do médico.

O cambio aquí está sendo moi rápido pola tendencia a inverte-la antiga maioría de homes na profesión médico. Queiran ou non, os médicos usan un filtro algo diferente ó das médicas e os usuarios peneiran as queixas, as demandas, de xeito algo distinto cando están diante dunha "doutora" ca cando se comunican cun "médico". Se a todo isto lle engadimos que boa parte das ferramentas, das escalas, dos cuestionarios que se usan en Psiquiatría están feitos para recoller manifestacións de tipo afectivo (estados do ánimo, humor, irritabilidade) comezamos a entender boa parte das diferencias epidemiolóxicas que xorden en función do xénero e da cultura.

CRIBADO

Por mor de ser un constructo non acabado, imos ir describindo diferentes subapartados sen ordenacion xerárquica. ¡Quen sabe se dentro de pouco, ó criba-lo aquí dito, desaparece algún ou cambia de lugar! Nuns casos limitámonos a enuncialos mentres outros xa aparecen unha chisca elaborados.

O transvasamento rural-urbano pode servir de encabezamento. Se resulta moi doado caricaturiza-las conductas dun aldeán que acode á vila ou á cidade ocasionalmente para facer xestións bancarias, notariais, xurídicas, xa é moito máis problemático identifica-los efectos dun permanente transplante.

No primeiro caso, mesmo semella que este aldeán adopta adrede o rol de "pailán" como estratexia defensiva-ofensiva para relacionarse cun mundo que vive como diferente ó del e do que sofre o poderío. Esaxera quizais o ruralismo e, igual que cando fai un trato nunha feira, volve con certa fachenda á súa aldea pensando que lles gañou a partida ós "engravatados urbanitas". Foi un cambio moi temporal.

O problema xorde no traslado permanente. Refírome ós aldeáns que diariamente son obrigados a emigrar interiormente dentro do seu país. Precisan crer que veñen vivir a un mundo mellor que o dos seus antepasados; teñen que muda-lo concepto de Casa polo de Piso e non digamos xa nada do cambio que precisan realizar na concepción da veciñanza. Vive a cidade como superior e queren desfacerse dos

anteriores sinais de identidade. Neste caso o cribado sintomatolóxico levase a cabo principalmente na mente do enfermo.

Todo síntoma que poida "descubrilo" como antigo aldeán terá que ser cribado. O risco de anomia sintomatolóxica é moi serio, favorecendo unha linguaxe corporalizada, somatizada ou ben a apropiación de palabras descontextualizadas. Decote poñemos como exemplo o caso de paisanos nosos que comezan dicindo que sempre tiveron moita "ansiedade" e, se nos paramos un anaco a parolar doutras cousas para volver outra vez a este asunto, xa engade que "si... xa de pequeno era o preferido do padriño porque sempre tiña moita ansia por ir á escola".

Así e todo, cun certo adestramento o profesional sanitario pode ir descubrindo ese cribado do usuario. Peores consecuencias para o diagnóstico e o tratamento ten o cribado que realizan a médica ou a enfermeira "transvasadas" do rural que esconden o seu pasado aldeán e non recoñecen como síntomas determinadas "paifocadas".

"Quen paga ó gaiteriro escolle a tonada", dicíase anos atrás. Podemos aplicarlle-lo mesmo ós "intérpretes"; segundo a quen sirvan traducirán dun xeito ou doutro. A diario vemos como se escribe nas historias clínicas, "dice que tiene dolor en los riñones", cando o paisano o que fixo foi leva-las mans ós cadrís e dicir: "doínmelle os riles". Por unha, está connotando de xeito solidario, afectivo e integrador; por outra, amosa a súa somatognosia especial que sitúa os riles moito máis arriba; e, por último, simboliza o "desgaste" da columna lumbar polo moito que ten baixado o lombo para substituír ás bestas e ós tractores.

Os cambios socioeconómicos que sempre existiron pero que agora son, quizais, máis rápidos no mundo tradicional. A modernidade obriga a presenta-los síntomas doutro xeito e noutro tempo. Non hai acougo para determinados padecementos. A bucólica "paz" do agro deixa sitio para novas preocupacións. O misterioso e maligno mundo da noite, poboado de Compañas e Aparecidos, está sendo invadido e desmitificado pola actual xeración de mozos que campan por riba dela. A forza xuvenil fai recua-las pantasmas.

Pero, o maxín dos que sofren síntomas soamente ten que cambia-lo CD-ROM. Se antes, nas noites de insomnio, cismaba co mundo dos mortos, hoxe farao co mundo dos vivos ou das "vivas". Non hai moito dicíanos unha aldeá de pouco máis de cincuenta anos, cun fillo emigrado:

> Si sae a nora co coche xa quedo preocupada. Escoita un aquela guerra, aquel accidente, aquela disgracia... Si foramos ó monte como antes non nos enterabamos de nada e ¡que ben estabamos...!

Mentres non lle facemos un apartado propio metemos aquí a influencia dos *medios de comunicación*. Ós comellóns agora chámaselles "bulímicos", ós xogantíns "ludópatas" e hoxe as avoas en vez de preocuparse por se a neta vai pillar unha anemia ou unha "mancha ó pulmón", témelle á "anorexia". Comenta Guyotat

(1991:2) como cando unha multinacional farmacéutica quixo introducir determinado producto no mercado norteamericano non tivo máis que facer unha campaña nos medios de comunicación "divulgando" os síntomas do trastorno obsesivo-compulsivo. Certo que o fármaco en cuestión xa había moitos anos que en Europa o usabamos para esa doenza. Pero os epidemiólogos comprobaron como se multiplicaban, de socato, por tres o número de casos clínicos.

Os aparellos que se interpoñen entre o emisor e o receptor producen non poucos cribados. Xa estamos facendo cada vez máis consultas telefónicas. Moito nos sorprendeu a facilidade coa que os rurais comunican determinados datos polo teléfono. O sentido de privacidade non é o mesmo en tódolos contextos. Comentan cousas que para nós forman parte da intimidade persoal. Pronto iremos incorporando o Fax e outras modernidades.

Penso que ó non face-la entrevista cara a cara e ó saber que teñen que paga-la factura do telefóno, provoca reduccionismos emotivos e metamorfose dos síntomas. Menos aparente pero con semellante función de criba temos moitos outros "artefactos" comunicacionais. Os médicos case nunca lle damos unha man desarmada ó paciente, nela levamos desde unha lanceta, a un fonendoscopio, ou como mínimo un bolígrafo. En cambio, o paciente non poucas veces ten que recibirnos xa espido. Coa importancia que nas culturas orais se lle dá á escritura, o feito de que nada máis comezar a falar xa esteamos tomando notas introduce un cribado moi especial. A palabra queda rexistrada, escrita, non se pode perde-lo tempo falando de sensacións...

Os cambios de escenario no contexto comunicacional no eido da saúde mental foron moi significativos na segunda metade deste século que remata. Os profesionais mudamos de Institución. Saímos dun espacio especial, pero moi amplo, que era o Asilo-Manicomio. Recolliamos e cribabamos alí os síntomas cunha criba específica, monográfica e diferente á doutras especialidades médicas ou sociais. Para integrarnos nós no resto da Medicina obrígamoslles ós enfermos a ter que pasa-los síntomas por unha xenérica criba biomédica. Xa no Hospital Xeral os compañeiros doutras disciplinas queixábanse de que na Sala de Psiquiatría había moita desorde, tocaban a guitarra, disfrazábanse polo entroido e mesmo saían tódalas tardes de paseo.

Tiveron que aprender a falar máis baixo, a dormir ás súas horas, a non falar sós, etc. Fóra, nos mal chamados Centros de Saúde, non lles foi moito mellor. Rapidamente quixeron "protocolizalos", metelos nun "programa", igual que tiñan ós hipertensos, ós diabéticos, ós gordos. Aínda que marxinal tiñan un espacio propio; pero cando se derruban as tapias dos manicomios, no eido da Sanidade predomina unha linguaxe de guerra: desde a "loita contra as doenzas" pódese dar un pequeno "esvaramento" ata a "loita contra os enfermos atípicos, raros, periféricos". Por forza terá que aumenta-la expresión corporalizada, somatizada do síntoma psíquico.

Dicían que a Lei Xeral de Sanidade define os Centros de Saúde como "lugar de encontro da Comunidade cos Profesionais Sanitarios", pero xa ninguén se lembra-

ba diso. O cribado aquí é moito máis intenso porque nas salas de espera, nos mostradores, na previa cita, son os propios veciños os que os sinalan como diferentes.

Sen embargo, neste subapartado o fundamental son os cribados impostos polos *cambios migratorios*. Como forma parte doutra investigación en marcha non nos parece oportuno pararnos nisto. Tanto a ida como a volta, imponlles ós galegos un grave atentado no xeito de expresa-los síntomas. Semella como se as ansias de triunfar, de adaptarse a un país que considera superior fixese máis doado o cribado primeiro e xurdisen máis atrancos no retorno.

Pensamos que todo pode ser un defecto da perspectiva. A penas temos experiencia directa alí, mentres que ó volver ou cando están de vacacións tratan de salienta-las diferencias. Temos algunhas probas indirectas a través dos informes médicos das invalideces e pensións consolidadas durante a estadía en Centroeuropa ou mesmo noutros países españois. Podemos tira-la conclusión inicial de que os nosos colegas tropezan con certas dificultades diagnósticas nos trastornos psicosomáticos.

Para rematar co cribado dos síntomas lembremos unha vez máis o xa clásico estudio de Zborowski (1952:19) sobre os síntomas e o contexto, no que amosa as importantes diferencias fronte á dor dos inmigrantes italianos e irlandeses.

PENEIRADO

Concepcións teóricas, paradigmas e previas experiencias tanto da médica como do enfermo van producir un intenso proceso selectivo. A maioría do peneirado vai proceder disto. Por seren moi perceptibles non nos detemos nas concepcións e paradigmas das distintas Escolas médicas que non poucas veces realizan un reduccionista e mutilante peneirado, non só dos síntomas senón mesmo da persoa.

Interésanos máis subliñar que os usuarios tamén teñen concepcións, tamén peneiran dabondo os síntomas. Adrede introducímo-lo concepto da experiencia previa. Estamos afeitos a valora-la experiencia do profesional esquecendo a do enfermo, aspecto que pensamos traduce as relacións de poder. Cando ir ó medico, ó Hospital ou ó Centro de Saúde deixou de ser unha praxe excepcional para se converter en algo cotián e preventivo e cando todos recoñécemo-las salas de espera dos centros de Saúde como un novo espacio social semellante ó salón de peiteado ou á cantina, teriamos que estar cegos para non ter en conta a experiencia como usuarios do sistema sanitario.

Nesa conversa informal ou nesa lectura de divulgación o futuro enfermo vai peneirando unha morea de síntomas, o mesmo que nos sucesivos encontros cos profesionais. Debemos incluír aquí o tema do *rol de enfermo* e o das *pensións*. En ámbolos dous se comprende como ó existir por medio un beneficio, económico ou social, determinados síntomas van ser potenciados e outros tapados. Sempre citamos como ó comezar a traballar como psiquiatras na comunidade rural que estamos

a escoitar, as dúas primeiras demandas de mulleres "alcohólicas" foron ben chocantes. As dúas tiñan menos de corenta anos, estaban casadas e levaban tempo "tomándose" como din alí.

Unha viña "tratarse" porque quería máis adiante que se lle fixese un certificado porque "seica dicen que polos nervios do alcol tamén se consigue unha paguiña". A outra era a filla máis vella duha carteira con moita sona que finara había moi pouco; quería curarse porque outra irmá máis nova "andan por aí dicindo que os poderes de miña nai, que en gloria estea, non poden pasar para min porque me tomo".

Estes e outros factores están favorecendo que os pacientes nos veñan xa ás consultas autodiagnosticándose de "estrés", de "depresión", de "ansiedade", de "bulimia", etc. Fan un peneirado previo que condiciona tódolos pasos diagnósticos e terapéuticos seguintes.

A *lingua* oficial dos sanitarios galegos non é precisamente a da maioría dos usuarios. No eido da saúde mental, onde a penas traballamos con signos, a plasticidade dos síntomas vai favorece-lo peneirado lingüístico para axeitalo á peneira dos psiquiatras. Doutra, a linguaxe psiquiátrica é moitísimo máis ampla e complexa cá linguaxe médica. Para falar precisamos dispor dun sistema nervioso altamente desenvolvido, pero tamén precisamos dun contacto comunitario íntimo e permanente, o mesmo que de normas complexas de vida transmitidas de xeración en xeración. Por iso Maturana (1988:40) defende que a linguaxe como fenómeno biolóxico non ocorre primeiro na cabeza senón na Comunidade.

Determinadas emocións, determinados síntomas son intraducibles a outra lingua. Soluciónanse reducindo morfoloxicamente a lingua materna a niveis silábicos e prosódicos. O resultado é unha linguaxe moi parecida á que usamos para falar cos turistas, cos animais ou cos meniños. Estamos diante dunha "pigdinización" da lingua como lle chama Fabbri (1995:135). A Psiquiatría oficial tenta alcanzar unha metalinguaxe "científica", por iso peneira a cotío as expresións sintomatolóxicas dos enfermos galegos e dos doutras periferias.

Aínda está por denunciar claramente esta función colonizadora, tendente a universalizar, da sanidade no eido idiomático. Diariamente o enfermo, na cama do Hospital ou detrás da mesa dun despacho médico, precisa estar consensuando, negociando e validando novos significados para as súas emocións. De patéticos cualificamos algúns destes intentos. Simón (1993:76) ó analizar un Hospital cita un destes exemplos, cando fan sincretismo e falan do "Doctor Torino" para referirse a un Otorrinolaringólogo.

Con respecto á *cultura,* quizais todo o que levamos dito pode meterse neste subapartado do peneirado. Gústanos mellor coller palabras prestadas e con Kleinman (1991:280) deternos no concepto de "falacia categorial" para cuestiona-lo uso de categorías diagnósticas importadas doutras culturas.

Cultura urbana, cultura española, cultura mediterránea, a través das institucións e aparellos sanitarios impoñen un ríxido peneirado cultural ós síntomas psi-

quiátricos de moitos galegos. Pronto entendemos como esta peneira xa non deixa pasar agrupacións sintomatolóxicas con taxonomías específicas: os "aires", os "meigallos", as "caídas da paletilla" quedarán coas "impurezas" do peneirado cultural.

Pero, xa non é tan doado de ve-lo peneirado de síntomas illados que pasa desapercibido e que representan cotiás "microagresións culturais". Preparando a súa intervención neste mesmo Simposio a doutora Amboage (1995) decatouse dun feito moi significativo. Cando nos cubículos de urxencias se lles di ós pacientes varóns que queden espidos para poder exploralos mellor, non é infrecuente que ó volve-lo médico se atope que, se son urbanos deixaron posto un calzón, mentres que se son rurais é máis probable que o único que deixen posto sexan os calcetíns. Vemos como cambia o concepto do pudor segundo o segmento cultural. De aí que escoitemos a miúdo nas consultas a expresión *perdonando a súa cara* cando teñen que falar dos pés.

Calquera síntoma encerra dentro un sentido que varía moito segundo a cultura e o contexto onde se xera. Tódalas contribucións de Good (1937:32) relativas ás "redes semánticas do malestar" entrarían de cheo no que nós chamamos peneirado cultural dos síntomas. Este antropólogo achega moitos exemplos de como unha mesma expresión pode condensar cantidade de significados. Se o seguimos, entenderemos que cando un galego pon a man no peito, máis ben ó lado esquerdo, e di: "teño aquí un pesar... unha pena... unha opresión" está soamente comezando un monólogo. Se non o coutamos, anotando na historia "opresión precordial" e se calamos para que siga falando, acabará facéndonos partícipe da rica simboloxía cultural e local, mesmo doméstica, que encerraba esa primeira expresión.

Pertencer a unha cultura significa, entre outras facetas, pertencer a un mundo sensorial específico, percibi-la realidade e a vida cun cariz peculiar, experimenta-los síntomas nun código comprensible para a maioría dos membros desa Comunidade.

O *instrumento* utilizado para recolle-los síntomas constitúe o miolo da peregrinación. Se as *escalas,* os *cuestionarios* ou os *manuais, tipo DSM-IV,* deixan de ser uns aparellos auxiliares nados dun consenso entre expertos para poder validar universalmente a maioría dos diagnósticos psiquiátricos e rematan substuíndo á *entrevista clínica,* teriamos que falar dun muro en vez dunha peneira. Os pacientes galegos seguen sendo avaliados con tests, escalas e cuestionarios que, como moito, foron "validados" para España.

Coidamos que xa non merece a pena dedicarlle tempo a este tipo de atentados. Imos dar por sentado que o síntoma xorde nunha *entrevista clínica,* mellor diriamos nunha conversa terapéutica. Como estamos nunha cultura oral, e como pensamos que os seres humanos son empedernidos relatores ós que lles gusta converterse na historia que contan, defendemos como o peneirado máis axeitado aquel que se realiza por medio das *Narrativas.*

O síntoma que sae dun peneirado narrativo é moi diferente do que sae do DSM-IV ou dunha Escala concreta. A narrativa non xera certezas senón perspectivas cambiantes. O subxuntivo prevalece sobre o indicativo. A trama converte os acontecementos en Historia; coproducimos historias e síntomas. Temos que decatarnos que o paciente non é un inxenuo "salvaxe"; está peneirando interesadamente a narrativa que nos presenta.

Coas narrativas facilitamos que se organicen relatos alternativos. Podemos introducir diversas preguntas performativas que invitan ó paciente a xerar significados ó redor de eventos extraordinarios. A lóxica narrativa opera de modo diferente ó pensamento categórico. Non sobe cara ó abstracto, senón que se mergulla no particular, nas accións humanas. Recorremos ás narrativas cando precisamos entender eventos concretos do mundo interno, dos desexos e das motivacións en vez do mundo externo, das accións observables e dos estados.

As metáforas presentes nunha narrativa permiten contempla-lo abstracto por medio do concreto. Organizan a vida ó longo do tempo e dan conta da doenza a través da experiencia. Asemade favorecen a mirada comunitaria dos síntomas. Para Kleinman (1980:105) os modelos explicativos dos profesionais, dos pacientes e dos familiares non son nocións illadas. Todo o contrario, forman parte de todo un sistema de atención á saúde. Engadiriamos que, en sociedades agrarias pouco desenvolvidas, o sistema de atención á saúde é inseparable do resto de sistemas, da cosmovisión global.

Achéganos esta metodoloxía ó diagnóstico popular, inseparable da dimensión cultural máis ampla. Existe unha construcción e modelación cultural que permite recoñecer determinados estados como enfermidade e outros como normalidade. As narrativas quizais son o método máis axeitado para pór de manifesto estas concepcións que en ningún caso se deben de considerar estáticas. Pensemos de novo en como a existencia dun sistema público de pensións de invalidez obriga a que o usuario mude substancialmente determinadas concepcions culturais sobre o que é, ou non, doenza. Coa narrativa o síntoma xa non é unha sensación asemiótica posteriormente interpretada polo doente, senón que, antes de ser interpretado por un receptor xa é semiósico.

FILTRADO

O aparello perceptivo (no sentido máis biolóxico), a conciencia, a memoria, a intelixencia, a linguaxe, os órganos sensoriais (vista, oído) constitúen a función máis fina do filtrado dos síntomas.

Resulta doado de comprender que o "filtro" dun cego ou o dun xordo non deixe pasar determinados síntomas. A menor escala ocorre o mesmo co *cerebro dun vello,* tema que nos afecta moi directamente ós galegos pola taxa tan elevada que temos de envellecemento poboacional.

Todos entendemos ben que no caso dunha demencia senil xa moi manifesta o enfermo teña dificultades en moitos aspectos da súa vida intelectual, incluíndo a memoria, a comprensión e mesmo o razoamento abstracto. Cando dicimos que unha vella ou un vello "chochearon" non agardamos recolle-lo mesmo tipo de síntomas ca cando estaban sans.

Mais, cando estamos diante dun ancián de 80 ou de 90 anos sen demenciar, pero si co normal proceso de deterioración, o sistema sanitario non está moi capacitado para entender este filtrado. Se no resto da sociedade predomina o modelo xuvenilmórfico (desfiles de modelos, portadas de revistas, artistas, medios de comunicación) nas axencias sanitarias ocorrerá o mesmo. Para contestar a unha pregunta o vello precisa máis tempo por mor do desgaste dos seus aparellos perceptivos, e se nós lle dedicámo-lo mesmo tempo (ou menos) que a entrevistar un mozo obrígamolo a calar ou a filtrar dabondo.

No que chamamos intelixencia, que tamén é un bo filtro sintomatolóxico, entran aspectos de educación, escolarización, estímulos, etc. Por medio da mesma será por onde se vai manifestar unha gran parte do "filtrado social", é dicir, das diferencias de estrato social, de país, de nivel de renda.

Por outra, todo o asunto das lesións cerebrais (afasias), das distorsións que produce o uso de drogas ou dos déficits sensoriais, no que non podemos deternos, entrarían neste subapartado.

A comunicación non verbal, que para Birdwhistell (1992) supera o 65% do significado social dunha conversa normal, sería quizais o miolo do filtrado desde o punto de vista da antropoloxía aplicada. Non deberiamos estudiala illada da comunicación verbal porque forman un todo indivisible.

As configuracións faciais expresan estados afectivos. O programa biolóxico de calquera expresión facial pode ser alterado ou modificado pola aprendizaxe das regras do comportamento en público, que son bastante específicas de cada cultura. Por exemplo, a nosa cultura recomenda que os homes non deben chorar en público. Existen pois gran cantidade de estructuras ambientais que inhiben ou impiden a comunicación.

Tamén o corpo, non só a cara, pode ser lido globalmente. Esta lectura non é totalmente consciente, por iso falamos dun filtrado, non dun cribado. Os movementos das mans e da cabeza utilízanse para acentua-la mensaxe verbal, pero se estamos atentos tamén podemos percibir neles as disonancias comunicacionais porque a todos nos é máis doado mudar de lingua ca de xestos.

Ó analiza-las escasas referencias que facemos nas historias clínicas á comunicación non verbal descubrimos que os médicos estamos formados para explorar pacientes ágrafos na linguaxe xestual. Quizais podemos definir isto mellor se dicimos que estamos cegos para percibir determinadas expresións. A formación científico-técnica púxonos unhas lentes opacas para o non verbal.

Sen sabelo utilizamos poderosos filtros xestuais que obrigan ó paciente a presentar uns síntomas e calar outros. Se o saúdo, o estreita-la man é un ritual que sim-

boliza o desarmamento, poucas veces, como subliñabamos máis atrás, as nosas mans están desarmadas. O fonendoscopio, o martelo dos reflexos, os guantes, ou mesmo a xiringa coa correspondente agulla que leva na man a enfermeira ó tempo que estamos intentando conversar terapeuticamente, están a transmitir unha mensaxe bastante belixerante.

Cada vez tocámoslles menos ós pacientes. O tacto, o contacto, a caricia terapéutica, que antes era manual, está sendo substituída por instrumental e tecnoloxía.

Moi vinculada coa comunicación non verbal está a proxémica, o estudio do uso e da percepción do espacio social e persoal. Sería a ecoloxía do grupo pequeno, como a xente usa e responde ás relacións espaciais, como establece os grupos formais, como se dispoñen os asentos, como circula a información. A distancia conversacional varía de acordo co sexo, co status, cos roles, coa idade e tamén coa cultura. Adrede aparcámo-la outra ecoloxía, a da natureza, tan vixente nas emocións da maioría dos galegos, que sempre se consideran a través do espacio natural en que se criaron.

Seguimos precisando dunha territorialidade, dun espacio persoal e intocable, igual que fan os animais salvaxes. Sen embargo, poucas veces temos isto en conta á hora de realizar unha entrevista. Obrigamos a introducir un poderoso filtro cando recollémo-los síntomas nun lugar onde o paciente non pode marca-lo seu territorio; por exemplo nun pequeno cubículo dun servicio de Urxencias.

Aquí entraría todo o aspecto tan novo das entrevistas telefónicas, que xa insinuabamos na introducción. A recente implantación dos teléfonos no medio rural galego permitiunos descubri-lo diferente sentido da privacidade. Estabamos afeitos ós usuarios urbanitas e vilegos que chamaban por teléfono para consultarnos pequenos detalles do tratamento ou dunha cita. Aínda nos segue sorprendendo como estes rurais, virxes no uso do teléfono, comentan sen o mínimo pudor a través do aparello detalles que nós consideramos moi persoais (vida íntima, vida sexual). Quizais pode ter algo que ver coa emigración de familiares moi achegados a Europa cos que sosteñen fondas conversas telefónicas e con formar parte dunha cultura eminentemente oral.

Para terminar, comentamos moi superficialmente unha directa aplicabilidade do filtro e da comunicación non verbal. Referímonos ás disonancias que con certa frecuencia se producen nas entrevistas clínicas en Galicia. O contorno eco-cultural da maioría dos usuarios rurais de mediana idade ten unha configuración en moitos aspectos ben distinta daquel do que procede o equipo asistencial.

Semella que os técnicos coidan que falan desde unha absoluta soidade, non desde unha rica trama socio-cultural. A unidade verbal e non verbal da comunicación traizoa non poucas veces ó médico. Con Knapp (1992:29), pensamos que unha enxurrada de mensaxes incoherentes pode contribuír a crear unha psicopatoloxía no receptor. Por unha banda, podemos estar facendo unha entrevista non directiva na que deixamos que o paciente interaccione e negocie significados, e por outra, cando

chega a hora da prescrición farmacolóxica (o que máis nos aproxima ó resto das especialidades médicas) impoñemos unilateralmente un tratamento: *beba estas vitaminas reconstituíntes, que lle poñan esas indicións, aplíquese ese ungüento, métase polo cu eses supositorios*, independentemente de que sexan vividas como imposición ou recomendación son mensaxes ben distintas.

Case como norma os programas de Saúde Comunitaria fixáronse máis nos factores estructurais do sistema de atención á Saúde ca nos factores culturais da Comunidade. Se é certo que pretendemos ser isomorfos co medio nas respostas terapéuticas teriamos que ir asumindo a imperiosa necesidade de incorpora-la retranca e maila ironía nas entrevistas clínicas en Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

AMBOAGE PAZ, M. T. (1995): "Mostras galegas para unha Antropoloxía da Saúde". Mesa Redonda, Simposio Internacional de Medicina Popular / Antropoloxía da Saúde. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, outubro 1995, en prensa.

BIRDWHISTELL, R. L. (1992): Citado por KNAPP en *La comunicación no verbal*. Barcelona, Paidós, p. 29.

FABBRI, P. (1995): "La Babel feliz". En *Tácticas de los signos*. Barcelona, Gedisa, pp. 127-142.

GAYRAL, L. F. (1993): "Semiología actual en la medicina mental". *Anales de Psiquiatría*. Vol. 9, n.º 1, pp. 1-6.

GOOD, B. (1977): "The Heart of What´s the Matter; The Semantics of Illness in Iran". *Culture, Medicine and Psychiatry*. 1, pp. 25-28.

GUYOTAT, L. (1991): *Études cliniques d´antropologie psychiatrique*. Paris, Masson.

KLEINMAN, A (1980): *Patiens and Healers in the Context of Culture: An Exploration of the Bordeland between Anthropology, Medicine, and Psychiaatry*. Berkeley, University of California Press.

KLEINMAN, A. e KLEINMAN J. (1991): "Suffering and Its Professional Transformation: Toward and Etnography of Interpersonal Experiencie". *Culture, Medicine and Psychiatry*. 15, pp. 275-302.

KNAPP, M. L. (1992): *La comunicación no verbal*. Barcelona, Paidós.

MATURANA, H. R. (1988): "Reality: The search for objectivity or the ques for compelling argument". *Iris Journal of Psychology*. 9, pp. 25-82.

SIMÓN LORDA, D.: (1993) "La Medicina Hospitalaria y el Encuentro con la Comunidad Rural Gallega. La importancia de los nuevos caciques". *Jano*. Vol. XLV, 1058, pp.73-76.

SHORTER, E. (1992): *From Paralysis to Fatigue: A History of Psychosomatic Illness in the modern Era*. New York, The Free Press.

WOLFFERS, I. (1989): "Traditional Practitioners´Behavioural Adaptactions to Changing Patients´Demands in Sri Lanka". *Soc. Sci. Med*. Vol. 29, 9, pp. 1111-1119.

ZBOROWSKI, M. (1952): "Cultural components in response to pain". *J. Soc. Issues*. Pp. 16-30.

ZOLA, I. (1981): "Culte de la Santé et méfaits de la Médicalisation". *Médecine et Société*. Montreal, Les Années 80, pp. 31-51.

RELACIÓN TERAPÉUTICA E CONFLICTO DE INTERESES NA SAÚDE MENTAL. ESTRATEXIAS DE XESTIÓN

Marcial Gondar Portasany

O que vou comentar aquí ten o seu contexto nunha Unidade de Saúde Mental desde que principiou a desenvolver parte do seu traballo nun municipio rural de Galicia.

Desde o comezo da experiencia, dúas opcións se lle presentaban ó equipo. Facer unha asistencia clásica –máis baseada na cura que na prevención, onde o usuario é exclusivamente "destinatario", cun concepto de Saúde meramente "técnico"– ou, dadas as deficiencias do modelo anterior, comezar a traballar desde outros presupostos máis integrados e, permítaseme a expresión, humanistas.

No desexo do equipo estaba a vontade de actuar neste segundo escenario. O problema fundamental radicaba en que, mentres no modelo clásico as pautas de comportamento están definidas, para o modo de actuar aquí pretendido a penas existen camiños.

O presuposto de fondo que orienta esta reflexión podería verbalizarse así: os médicos, e en xeral o persoal sanitario, non deben ser fontaneiros porque os enfermos non son tubos. Ademais dos seus coñecementos técnicos, o persoal participa dunhas formas culturais, económico-sociais e políticas que van afectar á súa actuación en tanto que técnicos. Cando isto non está explícito, existe o risco de que, case sempre de forma inconsciente, baixo a capa da ciencia ou da técnica *puras*, estean actuando esas actitudes particulares.

O mesmo podemos dicir dos usuarios. O rol de enfermo non é independente das restantes dimensións da súa personalidade individual e social. A sociedade

condiciona o modo de enfermar e a maneira que ten o paciente de enfrontarse ó seu mal. Quere isto dicir que cando un usuario demanda asistencia están actuando nel os valores, os ideoloxemas e, en xeral, o contexto global da sociedade da que procede.

No caso que me ocupa, un municipio rural de Galicia, debe terse en conta algo máis: o contorno eco-cultural ten unha configuración en moitos aspectos ben distinta daquel de onde procede o equipo de técnicos. Temos, pois, tódolos ingredientes necesarios para que os problemas de incomunicación ou, polo menos, de malentendidos, sexan cousa de tódolos días.

Se enfocamos así as cousas, o obxectivo da medicina ten que ser dobre: controla-los procesos biomédicos pero tamén asistir ós pacientes nos trastornos que lles provoca a *vivencia* da súa enfermidade.

O primeiro problema vén de que isto esixe unha formación complementaria que non se dá nas facultades de medicina. Pero, por se isto fora pouco, a dificultade maior para levar adiante tal tarefa parte de que non se ten conciencia desta carencia. Os médicos están convencidos de que o verdadeiramente importante é a enfermidade como feito físico e que, polo tanto, o que eles precisan saber é canta máis Bioloxía mellor.

O meu obxectivo aquí é facer ver que os coñecementos sobre os aspectos psicosociais e culturais da enfermidade son tan importantes, polo menos, coma os biolóxicos.

O *boom* da experimentación fai que vexamos como normal que se comece por ensaia-los medicamentos en animais e despois se apliquen ás persoas. Mais isto que, en si, é correcto, vai facendo que pouco a pouco, de xeito máis ben inconsciente, vexamos ás persoas como animais.

E para fundamenta-lo meu razoamento gustaríame comezar por xustifica-lo obvio: as persoas non somos animais.

Os animais nacen nun nicho ecolóxico determinado, os humanos podemos vivir practicamente na totalidade dos nichos ecolóxicos do planeta. Isto implica unha vantaxe e un inconveniente para os humanos. A vantaxe é a maior liberdade fronte ás constriccións a que está sometido o animal; o inconveniente é que, mentres o animal vén ó mundo preprogramado, isto é, dotado dun sistema de respostas basicamente automáticas co que enfrontarse ás dificultades que o medio lle presenta, os humanos vimos a medio programar. Cando as dificultades se presentan non contamos con ese automatismo nas respostas que atopamos no caso dos animais. Os humanos necesitamos *inventar* esas respostas, e é aquí onde comezamos a atoparnos cunha realidade basicamente humana: a *cultura*.

Cultura, no seu sentido orixinario, non se identifica con posuír saberes cualificados fronte a aqueles que non os teñen, os *incultos*; cultura é o conxunto de solucións que, aprendidas dos demais ou descubertas por nós mesmos, nos serven para enfrontarnos cos problemas que a vida nos vai poñendo diante.

Esa liberdade para vivir en nichos ecolóxicos distintos de que gozámo-los humanos fronte ós animais fai que os problemas e dificultades a que temos que facer fronte sexan distintas e, polo tanto, terano que ser tamén as respostas que lles haxa que dar. Se dixemos que a cultura non é outra cousa que o conxunto de respostas ás dificultades que un determinado medio nos presenta, dedúcese de aquí que non poderemos falar dunha cultura única, senón de tantas como medios nos que sexa preciso desenvolverse.

Esta pluralidade de medios non se refire só á xeografía; o momento histórico, o desenvolvemento tecnolóxico, o nivel económico, etc., configuran nichos distintos que precisan de respostas tamén distintas.

Isto é tan así que, nun mesmo tempo e nun mesmo espacio, conviven culturas distintas. Un lugar común da Psicoloxía da percepción abonda para facelo ver: se collemos unha moeda, supoñamos de 500 pts., e lles pedimos a un neno rico e outro de clase baixa que nola debuxen ó seu tamaño natural, atoparémonos con que o tamaño do debuxo do rapaz pobre vai ser maior. A razón é clara, 500 pts. en absoluto significan o mesmo para os dous nenos.

Levando as cousas ata o extremo habería que dicir que cada individuo ten a súa propia cultura dado que nunca dúas persoas viven exactamente a mesma situación. Outra cousa é que as xentes que vivan v.g. na zona ártica compartan máis problemas cos que teñen ó seu lado ca cos que viven no trópico.

Mais para xulgar correctamente esa individualización da cultura a que me estou a referir hai que ter en conta outro factor: a forza xeneralizadora que actúa sobre os individuos.

O ser humano, como ser social que é, non se basta a si mesmo para poder subsistir e necesita formar grupos. A mellor estratexia para lograr isto pasa por esvaece-los intereses individuais e resalta-los comúns. Pero hai outro dato ben importante; a linguaxe común que utilizamos e o aparello do Poder, tanto político-económico como científico e doutros tipos, a que estamos sometidos reforza esa presión xeneralizadora que leva a facer igual o diferente. Resumindo o que levo dito: as culturas móvense entre dúas forzas en tensión, unha que tira cara á individualidade e a diferencia, outra que o fai cara á grupalidade e a homoxeneización.

Estas dúas forzas, nembargantes, non están en plano de igualdade. A homoxeneización é a grande arma que os distintos poderes teñen para controlar, someter e converte-los seus intereses en hexemónicos.

Para levar adiante este labor, amais da forza bruta cos seus diversos matices, utilizan sobre todo o discurso. Xorden así, entre outros, un discurso político hexemónico, un discurso económico hexemónico, un discurso simbólico-moral hexemónico e tamén, como ten tantas veces sinalado o Prof. Menéndez, un discurso médico hexemónico.

A este último quero, sobre todo, referirme aquí. A Medicina oficial, amais dunha instancia terapéutica, que é o que aparece a primeira vista, é un instrumento para

controlar e reproduci-lo poder eliminando ou convertendo en subalterno todo aquilo que non concorda cos intereses dos grupos que o posúen. Para alcanzar isto elabora un discurso, con sintaxe, semántica e pragmática propias, que trata de presenta-lo discurso dos *pacientes* cando discrepa do seu como irracionalidade ou, no mellor dos casos, como un non saber.

A trampa para levar a cabo esta descualificación consiste en converter ó *paciente* en *obxecto*, en mero proceso bioquímico. A consecuencia que, máis ou menos conscientemente, se tira é obvia: non hai porque atender ó seu discurso dado que non afecta ó proceso terapéutico ou, en todo caso, se é que se ten en conta, faise só en canto que síntoma do proceso bioquímico. O Doutor Martínez Hernáez, na súa tese de doutoramento sobre as distintas interpretacións médicas do síntoma, retomando unha intuición de Ryle sinala como un mesmo feito físico, o abrir e pechar rapidamente un ollo, pode ser lido como un "tic" ou como un "chiscar de ollo", isto é, como un movemento automático e reflexo ou como un acto dotado de sentido e intención. É obvio que o sector dominante da medicina oficial le os síntomas como "tics" e non como "chiscar de ollos".

Un dos retos máis importantes que ten a medicina oficial hoxe, polo menos a que aposte polo humanismo e non queira seguir sendo un mero instrumento de reproducción do sistema de poder dominante, é volver formular cal ten que se-lo seu obxectivo. E só hai unha resposta que considero axeitada: a medicina debe tomar conciencia de que a súa razón de ser non se esgota en controla-los procesos de morbilidade física, ten que preocuparse tamén das enfermidades da alma ou, dito en termos menos altisonantes, das formas que teñen os enfermos e as persoas do seu arredor de convivir co seu mal e de como estas vivencias afectan ó proceso da enfermidade e da curación.

Cando se lle diagnostica un cancro de mama a unha muller, cando estamos diante dunha enfermidade crónica onde o control é por definición limitado, cando se elabora unha terapia ocupacional para xestionar unha síndrome maníaco-depresiva, un problema de alcoholismo ou de calquera outra droga, cando se trata de analizar como debe se-la atención médica ós adolescentes, etc., se o equipo terapéutico se limita ós aspectos biomédicos, amais de estar perdendo información valiosísima sobre como xestiona-lo problema mesmo nos seus aspectos biomédicos, está deixando de contribuír a que as persoas afectadas aprendan a convivir co seu problema, recuperen a capacidade de existir como persoas e sexan protagonistas e non obxectos meramente pasivos da súa propia historia.

Chegados a aquí, vou abandona-lo discurso programático sobre a necesidade desta nova actitude e preguntar a min mesmo como se leva isto á práctica. Son moitos os camiños de abordar este tipo de problemas pero voume centrar nun deles: a vía dos discursos do paciente.

Na práctica médica habitual fanse as "historias" dos enfermos. O autor destas "historias" é sempre alguén pertencente ó equipo médico e as narracións do paciente, as

súas reaccións, os resultados de laboratorio, etc., non son outra cousa que fontes primarias no mesmo sentido que para un historiador o son as fontes de arquivo, os materiais de prensa ou, no caso da historia oral, as manifestacións dos protagonistas.

O que cómpre aprender é que o paciente, amais de fonte para unha historia, el é tamén un historiador por máis que a súa forma de historiar sexa máis narrativa que analítica. Se queremos utilizar termos da historiografía, aproximaríase máis a Herodoto que a Tucídides. Quizais mellor, é, con máis ou menos habelencia, unha especie de Homero, isto é, un poeta oral. As súas versións, repetidas unha e outra vez en cada consulta, teñen en común certos feitos e fórmulas estereotipadas, pero a "historia" é diferente cada vez que se narra, como pode confirmar calquera clínico cada vez que, diante do mesmo caso, se atopa cunha narración distinta da que figura no historial. Lévanos isto a que o clínico nunca accede ós *feitos mesmos* senón soamente a como eses feitos son vividos, recordados, relatados e dotados de sentido polo enfermo. O resultado acostuma ser que, na vez de cuestionarse sobre ese polimorfismo de sentidos, os clínicos fan abstracción do posible sentido médico da historia e aplican a terapia en función de estrictos criterios biomédicos.

O que con esta práctica se está a esquecer é que o paciente non é só un texto senón tamén un autor; o autor das versións iniciais da "historia", o autor –a través das experiencias vividas, das opcións, dos hábitos e do seu estilo de vida– do seu propio corpo así como das manifestacións que despois aparecen nos tests clínicos. O clínico debe recordar que ó paciente debe tratalo como autor e non só como texto.

Pero se o paciente é máis que un texto, o clínico ten que ser tamén máis que o lector dun texto. Se non quere manipular e falsea-la realidade terá que converterse nun lector coidadoso e intuitivo capaz de descubri-los significados explícitos e mesmo os implícitos de todo o que o paciente e o corpo do paciente lle están a dicir. Pero, ademais de lector atento, o clínico ten que ser *autor* se ben nun sentido completamente distinto do de constructor das "historias" nesgadas e manipuladas de que antes falaba.

O médico debe actuar como autor polo menos en tres niveis simultáneos. En primeiro lugar, como o historiador que utiliza a "Historia" do paciente para analiza-lo mal deste e para construír unha nova historia que devolverlle e coa que este poida reelabora-lo máis satisfactoriamente posible o sentido do seu mal.

En segundo lugar, como traductor que transforma a linguaxe, a estructura e, mesmo, o significado da historia do paciente en discurso médico, de xeito que poida ser entendida e xestionada por estes. Unha vez traducida e de cara ó diagnóstico e ó tratamento está xa en condicións de ser comparada con outros "casos" e coas descricións e análises dos textos canónicos.

En terceiro lugar, e para o meu obxectivo nesta intervención é o que máis me interesa, como crítico literario que confronta e interpreta un triple texto: a "historia" do paciente, o corpo e a mente do paciente (o exame físico e o exame do seu estado mental), e o resultado das probas realizadas ó paciente (o historial clínico).

Cando o médico actúa desta maneira saen á luz as distintas perspectivas, moitas veces enfrontadas, que teñen lugar no encontro médico. Mentres o paciente describe un malestar que é vivido como concreto e único, o médico busca unha enfermidade que é abstracta e xeral. Onde o paciente busca explicacións, cura e predicións, o médico procura diagnósticos, tratamentos e prognósticos. A tese que aquí defendo é que se o médico sabe actuar do xeito en que o fan os críticos literarios máis recentes estará en situación de supera-la disxunción que se dá entre a visión sanitaria e a dos pacientes, e contribuirá a construír un espacio de encontro entre eles. Vexamos como.

O crítico literario trata cun texto que ten un autor. Sintetizando moi sumariamente o que foi a historia da Crítica literaria podemos periodizala en tres etapas.

Na primeira, propia do romanticismo e, en xeral, do século XIX, a preocupación do crítico centrábase no autor e en cales eran as súas intencións e condicionamentos e desde aí explicábase a obra.

Na segunda, coñecida como Nova crítica e que ten os seus comezos en torno á decada dos cincuenta, abandónase a preocupación polo autor e o crítico céntrase exclusivamente no texto. Para xustificar esta postura comezan por face-la distinción entre escribir un texto e ler un texto. No primeiro caso sosteñen que máis que na liberdade individual do autor hai que fixarse nas constriccións que actúan sobre el e que proveñen da educación que recibiu, do sexo, da situación tanto económica como social na que se desenvolve, dos desexos e pulsións do seu inconsciente e da lingua que utiliza cos significados sociais que comporta. De aí que a significación dun texto resida para eles non só no que o autor escribiu senón tamén no non escrito, no que é deixado de lado e no marxinal. Pero ademais, como Sartre escribía xa no 1947, os lectores futuros inflúen tamén no propio autor por canto todo escritor escribe para ser lido e no acto de escribir ten ós hipotéticos lectores dentro da súa cabeza.

Cando un texto é lido o autor perde ata ese pequeno control sobre el que tivo cando o escribiu, de aí que a crítica deba centrarse exclusivamente no texto e dentro deste na súa análise formal.

Na terceira etapa, que coincide cos nosos días, o interese dos críticos bascula cara ó lector. É esta orientación moderna da crítica literaria, coñecida como *Teoría da resposta do lector,* a que ofrece maior interese desde o punto de vista da medicina. Os teóricos da resposta do lector céntranse na interacción que se establece entre lector e texto. O que veñen a defender é que os lectores interpretan o que o autor escribe á luz das súas particulares experiencias, coñecementos, intereses e paixóns. De aí que penetran no texto dando forma e sentido ás palabras que o compoñen e, mesmo, enchendo os baleiros que todo autor, con intención ou sen ela, deixa na obra.

Partindo do suposto fenomenolóxico de que as cousas que temos diante nunca son "en si", senón que o seu ser se esgota no sentido que teñen para quen se relaciona con elas, afírmase que a obra literaria é unha realidade a medio camiño entre o texto

creado polo autor e a *realización* dese mesmo texto levada a cabo polo lector. En contacto co texto, o lector a través da súa propia imaxinación establece conexións, xera expectativas, experimenta sorpresas, reinterpreta o que acaba de ler, nunha palabra, crea unha dimensión virtual da historia que é única e cambiante, incluso para un mesmo lector en momentos distintos, mais non por iso menos real.

Unha das cousas que máis destacan os críticos desta escola é a maneira en que os baleiros do texto –o non especificado, os cambios de perspectiva, as negacións do que se espera, etc.– estimulan ó lector a enchelos coas súas propias proxeccións. De aí que a actividade do lector por máis que constitutiva do texto como dixen, non por iso deixa de estar inducida e, en certa maneira, guiada polo propio texto.

Todos estes apuntamentos que fun entresacando das correntes máis recentes da Crítica literaria están cheos de intuicións que son perfectamente aproveitables á hora de establecer sobre novos e máis humanistas parámetros a relación médico-paciente.

A primeira é que as experiencias que o paciente ten da súa enfermidade e o modo de relatalas están influenciadas, igual que no caso do autor, por un conxunto de factores situacionais e persoais –sexo, experiencias vividas, educación, traballo, status socioeconómico, pertenza rural ou urbana, proxectos persoais, etc.– que non teñen porque coincidir cos do persoal sanitario e que son potenciais focos de disonancia no seu trato con el.

A segunda é que o paciente tratará de conta-la súa historia ó médico –o seu lector– da forma que el pensa que lle parecerá a este máis comprensible e interesante. Isto levarao a usar formas de linguaxe e de discurso específicas para o médico, chegando, mesmo, a elabora-lo relato nos termos que o paciente pensa que o médico quere oír. Dentro deste espírito non é infrecuente que o enfermo comece a *reificación* do seu mal, iniciando o camiño que o propio médico continuará cando tome o control da narración. O resultado é claro: por esta costa abaixo dificilmente se recuperará ese aforismo tan humanista que afirma que non hai enfermidades senón enfermos.

Terceira ensinanza. Igual que sucede cun relato literario onde cada lector reescribe o texto e cada crítico lévalle a contraria ó outro, tamén aquí o paciente tenderá a elaborar diferentes narracións, a miúdo coas claves cambiadas, segundo a persoa que teña diante, pero o que non hai que esquecer tampouco e que cada membro do *staff* que teña contacto con el vai comportarse de xeito parecido. Como fan os críticos tamén cada clínico, como lector que é, escoita as palabras e enche os baleiros, examina o corpo do paciente, interpreta os resultados do laboratorio, etc. á súa propia maneira. Se ben é certo que neste último caso hai un aire de familia que nace da pertenza a unha mesma comunidade científica, non hai que esquecer que a comprensión que cada médico ten da historia de cada paciente é tamén altamente idiosincrática.

En cuarto lugar, e como acontece no texto literario, as reaccións emocionais e intelectuais que no clínico xera a interacción co seu paciente –o modo de compor-

tarse do paciente, a súa voz, o estilo de expresarse e o propio corpo deste– influencia a interpretación médica que fai da enfermidade. Por exemplo cando o médico fai un diagnóstico pretendidamente obxectivo de hipocondríase, depresión, ansiedade, simulación, etc., do que normalmente non é consciente é de que están influíndo nel as súas propias reaccións emocionais.

Quinta ensinanza. A pesar do dito na consideración anterior, e igual que lle acontece a un crítico profesional, a subxectividade do clínico está moi temperada polo seu adestramento médico. Por mor do rigoroso e uniforme proceso de educación a que foi sometido, o médico posúe unha competencia no seu oficio que comparte cos outros colegas e que o leva a utilizar presupostos, coñecementos e vocabulario comúns. É isto o que fai posible que distintos profesionais cheguen a conclusións semellantes e poidan comunicarse entre si, mesmo entre diferentes especialidades.

A sexta e última consideración que quero destacar verbo das relacións entre a praxe literaria e a praxe médica podería verbalizala dicindo que o clínico non é soamente un lector senón tamén un crítico.

Cando interpreta o texto, isto é, a historia, as entrevistas clínicas, as análises, etc., non o fai só no sentido de que toda lectura é xa unha interpretación senón que vai á procura dun significado máis abstracto, isto é, da enfermidade que está causando o malestar do paciente.

Mesmo de forma máis profunda do que fai o crítico literario, volve reescribi-la historia desde un universo interpretativo (o do seu Saber e o da comunidade científica á que pertence) totalmente distinto do do paciente que a xerou. A través desta traducción, primeiro converte a experiencia individual en caso, despois (se o paso anterior foi exitoso) vólvea traducir en termos de xestión da enfermidade.

Neste momento é cando podemos atoparnos con problemas. O paciente que, normalmente, non forma parte da comunidade médica, pode ter grande dificultade para entender e, mesmo, recoñecer na reescritura que fixo o clínico a súa propia historia. Esta linguaxe que para el lle resulta arcana, se ben é certo que pode ter un considerable poder transformativo ó ser entendida como unha especie de *fórmula máxica*, tamén o é que pode ter efectos negativos. Incapaz de entender como o médico define a súa enfermidade e o tratamento que lle propón, fáiselle difícil cooperar co tratamento e, mesmo, pode sentir inseguridade na validez da versión médica da súa historia.

Para evitar isto a historia debe ser de novo reelaborada polo clínico coa finalidade de que poida volver ó paciente dun xeito que sexa recoñecible e teña sentido para el, e isto non só referido á enfermidade propiamente tal senón a toda a súa vida. Quérese dicir que esta nova reelaboración, ou, se se prefire, *traducción*, que o médico lle devolve débelle permitir integra-la enfermidade nas súas experiencias e nos seus plans, por dicilo nunha palabra, na súa vida do modo menos traumático posible.

Cando o médico, a través desta traducción, discute co paciente as implicacións que para este ten tanto o diagnóstico como a terapia, ten que ter en conta que o

enfermo vai actuar como lector e como autor. En canto que lector vai interpreta-las palabras do médico dentro dos esquemas que lle permite a súa competencia non médica e, o que é máis importante, de acordo cos intereses e proxectos que pretende na súa vida. En canto que autor tratará de levar á práctica a comprensión e valoracións que fixo como lector.

Unha boa comunicación entre médico e paciente, que lle permita a este recupera-lo control da súa vida perdido por mor da enfermidade, parece que ten que pasar por tres etapas.

O primeiro que o médico ten que facer é tratar de entender como o enfermo convive coa súa enfermidade e como lle afecta na súa vida. O máis probable é que o doente experimente o seu mal como unha serie de *perdas*: perda de control, da integridade do seu corpo se estamos diante dunha amputación, de seguridade, de liberdade de movementos, do medio familiar ou social, do seu futuro, etc.

O segundo, como xa quedou dito, é retraduci-lo *caso médico* a unha linguaxe e a unhas fórmulas que o paciente poida entender e integrar, isto é, a unha narración concreta e persoal que utilice o máis posible a linguaxe do enfermo. Cómpre non perder de vista que os humanos vivenciámo-las nosas experiencias a través das *historias* que contamos e que escoitamos. As narracións son o instrumento a través do que para poder vivi-lo presente buscamos sentidos no pasado e anticipámo-lo futuro.

Finalmente, o médico ten que permitir e animar ó paciente a retoma-lo control da súa vida perdido pola enfermidade, a integrar vitalmente o texto que entre os dous escribiron, nunha palabra, a volver se-lo autor principal.

Fagamos un alto neste momento da reflexión. Quedou dito que o modelo médico oficial, amais da súa función sandadora, serve para xustificar e reproduci-los intereses e os ideoloxemas dos poderes hexemónicos que se dan nos contextos onde actúa. Dixen tamén que, de cara a favorece-lo encontro médico e poder recupera-lo que debera se-la súa característica esencial de *diálogo entre persoas*, un bo instrumento era considerar ó persoal sanitario e ós demandantes de saúde como *actores* que elaboran, len, ou analizan criticamente as *narrativas* que se van xerando no proceso terapéutico. Mais, ¿como se articulan estas dúas proposicións?

É obvio que todo o que sirva para que os individuos actúen e sexan considerados como suxeitos conscientes, libres e iguais, isto é, como persoas, é unha valiosa arma de loita contra unha sociedade como a nosa que, a pesar do discurso que proclama, está empeñada en reducir ós cidadans a meros engrenaxes do sistema ou, se se prefire a vella expresión marxiana, a mercancías.

Con todo, non podemos esquecer que tanto os actores como os textos que xeran e as súas interpretacións non nacen da nada, nin sequera unicamente da mera liberdade individual senón que, en boa parte, son froitos dos valores, crenzas e intereses dominantes da sociedade da que estes mesmos suxeitos forman parte e onde se producen os seus discursos.

Quere isto dicir que non basta con que o persoal sanitario deixe falar ó paciente nin sequera con que teña en conta as súas narracións e valore a racionalidade das mesmas. As persoas que, traballando na xestión da saúde, non queiran actuar como "funcionarios" do Sistema precisan tomar consciencia de que a súa actividade non pode ser meramente *técnica.*

Da mesma maneira que, por máis que haxa individuos que se esforzan en presentarse como tales, na realidade non existe o *apolítico,* tampouco existe o *técnico* puro ou, por usar unha expresión máis á moda, o *profesional* puro.

O "bo profesional" non é aquel que se propón como obxectivo tentar que o paciente mellore –ou, polo menos, conviva o mellor posible co seu mal– facendo abstracción da sociedade en que el e as persoas que demandan os seus servicios viven, senón que é consciente de que a saúde non é unicamente o contrario da enfermidade senón que implica tamén unha compoñente política: a consecución dunha sociedade xusta, libre e solidaria, onde os cidadáns son persoas e non obxectos, actores e non espectadores, protagonistas conscientes dos seus destinos e posibilidades e non meros pacientes.

Sei que, educado na asepsia, o persoal sanitario vai pensar que esta dimensión política da saúde é algo que non só vai máis alá das súas obrigas profesionais senón que, mesmo, sería contraproducente que fose asumida polos "técnicos".

A falacia que se acocha neste modo de razoar sae á luz con só pensar que o desenvolvemento dos saberes e das prácticas médicas está mediado polas relacións de dominación e desigualdade que caracterizan á sociedade en que vivimos.

¿Por que é desigual a esperanza de vida segundo o sector social ou a cultura de que se trate? ¿Pensa alguén que ten as mesmas posibilidades de superar con éxito un infarto o que pode acceder con rapidez a unha Unidade de Coronarias ca o que habita nunha remota aldea galega? ¿Terán algo que ve-los intereses económicos das multinacionais do sector coas políticas de medicamentos da Administración? Pretender xustificarse de non tomar postura como técnicos diante deste tipo de feitos en función dunha pretendida *profesionalidade* soa demasiado a autoengano e escapismo como para que poida ser interpretado como actitude honesta.

NARRATIVAS DE ENFERMIDADE EN URXENCIAS DUN HOSPITAL UNIVERSITARIO

María Teresa Amboage Paz
Médica Residente de Psiquiatría
Hospital Xeral de Galicia, Santiago.
Sección de Etnomedicina, Museo do Pobo Galego

Practicamente todo o mundo estivo algunha vez no Servicio de Urxencias dun Hospital. No Hospital Xeral de Galicia (o hospital onde eu traballo), a Área de Atención ó Paciente, nas Urxencias de Adultos, está formada na súa maior parte por unha serie de cubículos, semellantes ós doutros hospitais, provistos de dúas camas onde se sitúan os enfermos. Estes cubículos que de entrada albergan a dous descoñecidos, fomentan sen buscalo unha relación entre eles e as súas familias, pois que teñen que permanecer xuntos, unidos por compartiren un reducido espacio e pola súa condición de enfermos. Sen embargo, a característica principal destes lugares é a despersonalización. Para facilita-lo labor do persoal sanitario teñen dous accesos: dun lado unha porta ábrese ó corredor onde a familia espera ansiosa o momento en que o médico remate de explorar ó seu enfermo ou ó veciño. Iso se os celadores non os enviaron á sala de espera, que é onde se supón que deben estar.

Do lado contrario, unha cortiniña, nunca ben pechada, fai a separación dun segundo corredor por onde pasan continuamente enfermeiros, auxiliares e médicos; sempre con présa. No interior: os pacientes, a roupa –dentro dunha bolsa de plástico co identificativo do Hospital, amarrada á cama–, unha, dúas cadeiras e nada máis.

Con respecto ós usuarios poderíanse clasificar de moitas maneiras. A máis simple é en relación coa gravidade do seu estado biomédico. A pesar de ser un Servicio de Urxencias son escasas as emerxencias de vida ou de morte. Tampouco abundan as patoloxías que requiren unha atención rápida que de non recibila podería afectar ó prognóstico do paciente.

Para os primeiros resérvanse os chamados cubículos nº. 1 e nº. 2, con monitores e outras aparellos que os diferencian dos descritos anteriormente. Para as feridas abertas que precisan sutura, o nº. 3. Para as fracturas e outras complicacións traumáticas a chamada "sala de xesos".

Se nos esquecemos destes e dos que acoden con queixas sinxelas, e que son "filtrados" nunha especie de consulta, encontrámonos con que a maioría das persoas que vemos necesitan o que se podería chamar unha "revisión e posta a punto". O tipo de patoloxía predominante, dentro destes, segue o calendario. No inverno serán bronquíticos reagudizados. No verán dores abdominais, cólicos de riles, cardiópatas descompensados pola calor. Cando é época de festas, diabéticos que non son capaces de axusta-la medicación, etc., etc.

É principalmente á asistencia a estes pacientes, ó que me vou referir ó longo desta comunicación. A poboación que se atende neste Hospital procede na súa meirande parte da zona rural, por dúas razóns: unha, porque predomina esta poboación na Área Sanitaria, e outra, porque os urbanos, con mellor nivel económico, escollen outros centros médicos.

A relación médico-paciente establécese pois entre non só dúas persoas, senón practicamente dous estratos socioculturais con moi poucos puntos de contacto. Dun lado estamos nós, estudios universitarios, socialmente médicos, e doutro, eles: estudios primarios incompletos, labregos que tiveron que emigrar en moitas ocasións, ou que apoian a economía familiar de pequenos cultivos e algo de gando, con traballos de albanel, mariñeiro, na mina...

Iníciase entón un encontro cheo de dificultades. Por referirnos tan só a algunhas delas, teriamos que falar do problema da linguaxe. Nós coas nosas denominacións de síntomas e enfermidades, incomprensibles para eles; eles que coa crenza de que así facilitan o noso labor, utilizan termos inexistentes. Evocan ó escoitalos nomes desfigurados de patoloxías, que máis ben despistan que axudan. Verbas que xurdiron da suma imposible doutras; expresións que nos confunden: "Eu padezo de bronquios ó corazón", "o que me pasa e que teño un sistema nervioso", "fixéronme uns anales"...

Mesmo a incomprensibilidade para nós do seu pudor. Estamos afeitos a que a maioría dos urbanos traduzan libremente a orde "desvístase e déitese na cama" e deixen posto o calzón, pero non deixa de sorprendernos que o que deixan a maior parte dos rurais sexa tan só os calcetíns. (Neste pudor e no seu significado non podemos deternos agora pero é unha cuestión que estamos elaborando).

No que respecta ós medicamentos, por regra xeral e porque saben que llelo van preguntar, tráenos nunha bolsa (onde os urbanos meten as zapatillas), pero non saben para qué son (ás veces, coma quen di, non queren sabelo). Se o saben, é equivocado, e cando esqueceron algo na casa insisten en relatar forma, color e tamaño das pastillas coa absoluta confianza de que son datos dabondo como para que Nós, os Médicos, saibamos de que se trata.

Outra faceta que nos choca é a necesidade de ter preto os acompañantes, cantos máis mellor; sexan familiares ou veciños. Mesmo o taxista: "que é máis inteligente ca nós, porque está afeito a traer a moita xente". A isto vémoslle dúas finalidades: que lles axuden a relata-la historia da súa propia enfermidade e que convertan a visita a urxencias nun acto social compartido.

A propósito disto, tenme sucedido moitas veces que ó reinterrogar ó meu paciente, velliño ou confuso, con respecto á súa historia, non estando os seus familiares eran os acompañantes do compañeiro de cubículo os que me daban a información. As primeiras veces, inxenuamente, preguntáballes: ¿logo, coñecíanse vostedes? Despois aprendín que a resposta sempre era non; coñecéranse alí mesmo. Cheguei á conclusión de que o relato dos problemas de saúde que nós lles obrigamos a condensar, polo tanto a destruír dalgunha maneira, intercambiábase entre eles sen as présas e os lindes que nos lles impoñemos. O que convertemos en catro palabras baixo o epígrafe "antecedentes" non é tan doado de reducir para eles.

Enlazando con isto e, por suposto, omitindo outras moitas peculiaridades, chegamos ó problema do relato da enfermidade. É neste punto onde máis nos incomoda a súa actitude: algúns rurais acoden cunha demanda moi definida e, o mesmo que os urbanos, son eles os que solicitan a asistencia polo especialista correspondente: "¿e, non baixa o cardiólogo?". Pero, aínda quedan moitos que impacientan ó médico cando tratan de explicar por qué e para qué acudiron. Ven o seu corpo como un todo e mesturan síntomas dunha e outra "especialidade", dores pasadas e presentes, operacións feitas ou previstas, de tal maneira que provocan a nosa desesperación, ata o punto que temos tentacións de escribir na folla de urxencias: "mal paciente, difícil de interrogar, rasgos histéricos".

Parécenos que esta desorde non ten sentido. Pero é posible, é probable, que para quen o relata teña racionalidade, na que non existe Aparello Respiratorio, Aparello Dixestivo, ou Sistema Cardiovascular, senón unha dor que está na perna e, porque non, á vez apareceu a tose, e esas molestias na cabeza, ou comezou a ir máis solto, ou parécelle que ve peor.

Para Eles, Nós sómo-los encargados de cura-lo global. ¿Como dicirlles que na Facultade aprendemos a explorar e tratar cada Aparello, cada Sistema do corpo, pero non o propio Corpo?

Algúns, quizais porque o aprenderon noutras ocasións, fan un relato máis próximo á nosa racionalidade. Preséntannos un conxunto de dor tipo cólico que empeza nas costas, que vai ata os xenitais, engadido a molestias ó ourinar, etc.

Pero cando, satisfeitos, imos saír do cubículo, tras unha exploración fundamentalmente dirixida cara a un cólico de ril, a modiño e como con medo engaden: "e tamén...". Detrás dese "tamén" veñen tódolos males que non puideron, non quixeron, ou consultaron sen resultado ó seu médico de cabeceira.

Precísase tempo para escoitar, tempo que nunca parece haber no Servicio de Urxencias. Obrigámoslles a individualiza-la súa enfermidade, a separala doutras.

Obrigámoslles, tamén, a individualizarse a eles mesmos, botando fóra do cubículo ós seus acompañantes, mentres eles fan referencias continuas a que iso o sabe mellor a súa filla, ou o seu neto ou o seu veciño que ten máis memoria.

Marcámoslles unha separación Mente-Corpo moitas veces inexistente na súa concepción de enfermidade. Case nos amola que nos relaten somatizacións, como se quixesen enganar contando síntomas físicos, con causa psíquica, cando é probablemente a forma máis frecuente de expresa-la tensión no seu ámbito cultural. Con respecto a isto, Golberg e Bridges afirman que:

> nas sociedades nas que o individuo tende a estar mergullado nun grupo, a somatización é unha forma relativamente frecuente de expresa-lo estrés. Pola contra, nas sociedades indivualistas que tenden á idealización narcisista do individuo, a somatización, substituíuse pola psicoloxización, unha moderna tendencia cultural.

Coido que nos gusta mellor escoitar esa psicoloxización.

Gustaríame comentar, a maneira de exemplo, o caso dunha muller que acudiu a Urxencias cunha dor precordial semellando un angor, é dicir, unha anxina de peito. Tódalas probas realizadas resultaron negativas. As circunstancias que rodeaban a presentación do cadro eran atípicas. Case no momento da alta, coa etiqueta de "dor torácica atípica" e a recomendación: "acuda ó cardiólogo correspondente", fálanos da súa neta que marchou a Suíza hai tres días, do moito que a bota en falta, e de que na casa non o pode comentar porque a outra neta, coa que vive, podería sentirse desprezada...

Antes de seguir avanzando na descrición do papel de "víctima" que lle toca representar nesta escena ó usuario, ímonos colocar, por un momento, na outra beira. O médico que recibe esta demanda é frecuentemente un Residente de primeiro ano. Quere isto dicir que hai 4-8 ou 11 meses que aprobou o exame *MIR*. Escolleu unha especialidade tan distinta de Urxencias Xerais como poida ser Radioloxía, Oftalmoloxía ou Psiquiatría; vese obrigado a realizar quendas de vintecatro horas de duración en Urxencias dun Hospital de Referencia.

Chega cheo de coñecementos de libro, de ilusións e de temores. Cre que en cada urxencia está en xogo a vida do seu paciente. Sabe que en calquera momento pode e debe acudir ós médicos veteranos para que o orienten ou lle valoren ó enfermo, pero que ten que ir cunha historia máis ou menos elaborada. Ademais, estes poden estar xogando o tipo cunha emerxencia nese momento.

Para el trátase dun acto médico o que ten que realizar. Non lle é doado entende-lo concepto social que lle dá o enfermo. O seu obxectivo é saber que é o que está mal e poñelo ben. Aínda máis, o seu desexo sería establece-la relación entre os seus coñecementos médicos e a enfermidade do paciente. Non queda moito tempo, nin moito ánimo para investigar como é a persoa que trae a enfermidade...

Quere feitos, informes previos, síntomas reais, signos comprobados, desencadeantes do episodio actual; a súa pouca experiencia e a súa moita inseguridade con-

dicionan que trate de limitarse a conceptos, a actitudes médicas coñecidas, estipuladas, onde poida moverse coa certeza de estar a face-lo correcto e non complica-la súa vida.

O usuario insiste en explicar unha historia "confusa", onde nunca se acaba de saber cal é o principio, na que se mencionan superficialmente as molestias, como se o médico tivese que adiviñalas, mentres pola contra describe prolixamente as actividades que realizaba, as festas ás que non puido acudir, os veciños que o acompañaban durante os días en que empeorou aínda non sabemos de que.

Necesita citar nomes dun e outro médico, algúns do mesmo Hospital, outros da súa localidade; a maioría descoñecidos para o médico residente que o está atendendo. Para poder ter unha idea da patoloxía sen esta-lo día enteiro, ou porque o considera irrelevante, o médico pega un e outro corte á narración, obrígalle a cinguirse, faille concretar e ó final enmudecer. Reduce o asunto a patoloxía subsidiaria de tratamento en urxencias. Traduce á linguaxe médica. Pide as probas que precisa e pon medicación.

En definitiva, impídelle ó paciente elabora-la súa Narrativa de Enfermidade. Pero as Narrativas, utilizando palabras de Mattingly e Garro:

> Ofrecen o modo fundamental de entende-la vida ó longo do tempo. O pensamento narrativo trata de dar sentido a como as cousas sucederon e como as nosas accións e as doutros conformaron a nosa historia.

Engaden:

> Con respecto á enfermidade ofrécennos un modo de pensar nela, ás veces dende a perspectiva do paciente, outras do médico e tamén do contexto social. Ofrece unha lóxica para explica-la enfermidade, proporciona metáforas para comprende-la experiencia, e sitúa a enfermidade e a curación dentro do tempo humano.

Hai enfermos que volven a urxencias con relativa frecuencia e sobre eles e a súa enfermidade non é intranscendente a actuación médica. Xa que deste encontro se derivan cousas tan importantes como o cumprimento da terapia, a solicitude de consulta no especialista recomendado, ou aínda a reagudización da patoloxía por factores psicolóxicos: cuestionamos este enfoque de actuación en urxencias que tanta sensación deixa no paciente de non ser comprendido como no médico de ser estafado. Dalgún xeito con esta comunicación pretendo propoñer que poderían articularse outras alternativas.

Imos presentar un caso por partida dobre. Primeiro unha Historia Médica de Urxencias, desde a chegada ata a alta, tal como se arquiva no Hospital (Cadro 1). Despois unha Narrativa de Enfermidade elaborada entre o médico en actitude de escoita e o paciente que necesita falar e construírse a el mesmo inseparable da súa doenza (Cadro 2).

Cadro 1

(DATOS DO HOSPITAL) (DATOS DO PACIENTE)

(NOME DO MÉDICO E SERVICIO QUE ATENDE)

Motivación clínica: Dispnea.

1. Anamnese: A.P.: Diagnosticado de EPOC hai 23 anos. Fumador de 2 pq/d ata hai 20 a. HTA a tto. con dieta, 2 ataques de gota hai 10 e 8 a. Non alerxias coñecidas. Non osíxeno domiciliario. EA: Refire aumento progresivo da súa dispnea dende hai 15 d. con agravamento impte. a noite pasada. Tose con expectoración purulenta. Non sensación febril nin outros síntomas engadidos.

2. Exploración física: COC. Obesidade.
AC: rítmico, non ausc. soplos.
AP: roncus bilaterais. Múltiples sibilancias de predominio espiratorio. Algúns crepitantes secos bibasais.
ABD: globuloso, mod. depresible, non dor á palpación ou percusión. Non masas nin megalias.
EE: ROT e pulsos conservados e simétricos. Non edema. Non focalidade neurolóxica.
Datos complementarios: Puls. 851/m **R esp**. 23/m **T.A**.: 140/90 **Tª.** 37,4
3. Analítica: normal (Bioquímica, hemograma e ouriños)

4. Radioloxía: Rx. Toráx.: non datos de patoloxía pleuropulmonar aguda.

5. Outras exploracións: EKG: ritmo sinusal a 851/m. Gasometría basal (13 h): pH 7'41, pO263, pCO 48, Bic 30; (21 h): pH 7'40, pO2 72, pCO2 45, Bic 30.

Hipótese diagnóstica: EPOC reagudizado. Probable sobreinfección respiratoria.

6. Tratamento administrado de Unidade: O2 (fio2: 30%), broncodilatadores, corticoides. Inicio de pauta antibiótica.
Tratamento prescrito para domicilio: Reaxuste de tto. segundo folla adxunta.

Outras disposicións tomadas:
Ingreso Traslado a **Pasa a domicilio:** X
Outras recomendacións:

Próximo control no Servicio de: O seu médico de cabeceira. **Dr.....**
Sinatura,

Cadro 2

Xoán está xubilado dende o 77 por EPOC (Insuficiencia respiratoria crónica). Agora ten 72 anos e cobra pensión. Segundo os informes que trae, as súas visitas a urxencias son frecuentes e non son raros os ingresos de 2-3 días de duración. A xulgar polas datas, poderíase dicir que empeorou moito no último ano, porque a consulta a urxencias multiplicouse ó longo do mesmo considerablemente.

Cando me achego a el, ensinado por esas múltiples veces, contesta ás miñas preguntas: veño porque estou mal. Pon cara de "esa si que é unha pregunta estúpida, ¿por que vai a xente ó médico se non porque está mal?" El xa sabe como vai isto. Entre frases irónicas, coma quen fala cun neno, vaime explicando, a súa asiduidade ó servicio de urxencias, o que lle fan de cada vez: o osíxeno, o soro, entre unhas cousas e outras manda á "muller" que me amose os informes.

¿Que dende cando vai peor? Pois dende hai 15 días, pero esta noite, esta noite púxose a morrer, afogaba, e viuse obrigado a vir a Urxencias. Eran as 12:17 do mediodía cando entrou pola porta do Hospital. Pido unha gasometría, unha placa, unha análise; poño osíxeno e soros, completo o protocolo. Ó redor das nove da noite, varias auscultacións despois, xa nos falabamos con máis familiaridade. Deixei que a muller quedase mentres o exploraba en varias ocasións (entre outras por que non sabe ler e cando quere volver xunto ó home pérdese coa numeración dos cubículos).

Falando disto e daquilo (é unha tarde con menos traballo do normal) chegamos ó tema do transporte e con iso ó meu primeiro descubrimento. Antes cada vez que tiña que vir ó Hospital tiña que coller un taxi; pero, este ano a filla, emigrada en Suíza, tivo un bebé, o que motivou que quedara na casa paterna xunto co home. O xenro e o seu coche, máis que o empeoramente da súa enfermidade, son polo tanto os responsables do aumento da demanda de atención en urxencias.

Quixen ir un pouco máis alá: ¿por que hoxe? Costábame traga-lo empeoramento nocturno que todos sistematicamente relatan. E foi saíndo unha Historia que xa non tiña que ver coa mala noite, senón cunha festa que se ía celebrar poucos días despois e á que tiña pensando acudi-lo matrimonio novo. Primeiro decidiu aguantar e vir despois da festa pero logo, explicoume, fixo un cálculo e chegou á conclusión de que, vindo hoxe, para o día da festa estaría de volta na casa: "Sería mal visto que os fillos estiveran de esmorga con el ingresado". Esa mañá esperou a volta do xenro do traballo e aquí apareceron. Eu cría ter tódalas explicacións: día e hora: HABÍA MÁIS.

Ó pouco, outra Historia se foi construíndo diante miña:

A véspera acudiran a unha cita co seu médico de cabeceira e no seu lugar estaba "unha moza moi nova, aínda que iso dá igual" que o explorou e ante as súas queixas en vez das "indicións" do seu médico de sempre deulle unhas "cláusulas" que, por suposto, "non me fixeron nada".

Hoxe, acudía a poñerse en mans máis "expertas". Iso non o dixo, o mesmo que eu non lle dixen que era o meu primeiro ano de residencia, e que uns meses atrás aínda non sabía nin sequera conecta-lo osíxeno.

Tiven que ir atender ó resto dos pacientes, pero ¿de canto máis me enteraría de seguir escoitando?, ¿ou de facer outras preguntas?... Á alta, o readaptación da medicación foi distinto do primeiramente previsto. Non é o mesmo un empeoramento relativo e prolongado que unha reagudización que pon ó enfermo á morte nunha noite.

Se escollo esta historia, entre tantas outras que podería traer como exemplo, é porque para todos se fai incuestionable a importancia dos factores psicosociais na patoloxía respiratoria.

Co relato anterior non pretendo busca-la verdade da historia, tan só quero cuestiona-la eficacia dun enfoque que pretende ofertar saúde ó prezo de anular ou limitar á persoa portadora de enfermidade como o máis axeitado.

Para rematar gustaríame citar unha frase de Beatriz Sarlo:

> [...] A lingua é multiple e leva inscritas as marcas de usos dramáticos diferentes. Ademais, unha ollada ve o que outros pasan por alto e alguén sinala o que, para outros, é radicalmente inexistente.

É probable que, se volve dentro dun mes, Xoán sexa atendido por outro Residente e a Historia que constrúan ámbolos dous sexa moi diferente.

BIBLIOGRAFÍA

MATTINGLY, C. e GARRO L. C.: "Introduction". *Soc. Sci. Med.* Vol. 38, nº. 6 (1994), pp. 771-774.

SARLO, B.: "Presentación". En Arfuch, Leonor: *La entrevista, una intervención dialógica*. Barcelona, Ed. Paidós, 1985, p. 11.

LECTURA ANTROPOLÓXICA DUN FRACASO TERAPÉUTICO: UN GRUPO DE ALCOHÓLICOS NUNHA COMUNIDADE RURAL GALEGA

Isabel Pais Pazos
D.U.E. Unidade de Saúde Mental N.º 2
Complexo Hospitalario de Santiago.
Sección de Etnomedicina. Museo do Pobo Galego

Desde o meu rol de enfermeira dunha Unidade de Saúde Mental, que atende unha zona rural e que, ó mesmo tempo, forma parte dun grupo de Antropoloxía Aplicada á Saúde, vou presenta-la historia do que titulamos un fracaso terapéutico.

Cunha curta experiencia en Equipos de Atención Primaria incorporeime á U.S.M. 2 no momento en que se constituíu a mesma, xa hai agora cinco anos.

O primeiro Concello que asumimos foi o de Santa Comba e desde Santiago comezamos a desprazarnos regularmente á capital do mesmo un día por semana.

De seguida ó equipo asistencial engadiúselle un membro non sanitario, non oficial, e sen funcións directamente terapéuticas: un antropólogo (Marcial Gondar), colaborador voluntario ou asesor.

Fomos moi ben recibidos polos Sanitarios Locais, e tamén polos Servicios Sociais de Base. As dúas axencias mitificaban a nosa experiencia e de seguida nos enfrontaron coas dúas problemáticas que eles consideraban máis preocupantes: os suicidios e o alcoholismo.

Presionados pola demanda de casos individuais, remitidos fundamentalmente polos médicos de cabeceira, quedamos pronto reducidos á función estrictamente asistencial.

Depresións, somatizacións e dependencias alcohólicas, presentadas individualmente como doenzas, ocupaban todo o noso tempo.

A reflexión dentro do equipo aconsellounos non dar ningún outro paso mentres non avanzasemos no que chamamos Escoita Comunitaria. Aínda estamos nela e non é nada doado de facer, desde dentro dun equipo sanitario que ten que dar respostas puntuais ás demandas, que xa estaban construídas antes de chegar nós (a poboación de Santa Comba xa era atendida por un grupo de Neuropsiquiatría con consulta de 2 horas en Santiago).

Os casos individualizados de alcohólicos que nos chegaban e seguen chegando practicamente ningún é totalmente voluntario. A maioría son homes de idades medias con notable deterioración bio-psico-social que, ou acaban de ter complicacións somáticas graves (*delirium tremens*), ou accidentes, ou queren cobrar algunha prestación (incluído o chamado RISGA ou salario de pobreza).

Tampouco é raro que veñan porque a muller llelo puxo como condición previa, para retirar unha demanda xudicial por malos tratos ou para volver da casa paterna, á que fuxiu logo da última malleira recibida.

Os casos menos graves veñen porque nunha revisión médica lle diagnosticaron "un fígado danado polo alcol".

As mulleres veñen moito menos, e cando o fan víveno de xeito moi humillante. Coma en case todas, nesta Comunidade tolérase a borracheira masculina, e acéptase que a muller beba durante as comidas, pero está moi mal visto que "se tomen". Pola contra, a maior parte de demandas de depresións-somatizacións son femininas.

Aínda lembramos no equipo as dúas primeiras demandas de alcoholismo en mulleres: as dúas casadas, con idades entre 40 e 45 anos, labregas e con escasísimos estudios primarios. Unha viña porque unha veciña "ilustrada", que traballaba de secretaria en Santiago, aseguráballe que polos "nervios do alcol tamén se pode *cobrar* unha pensión". Tardamos catro anos en "escoitar" que o marido, con consentimento das fillas, lle pegaba grandes tundas cada vez que a atopaba bébeda. Os veciños tamén o sabían, a ninguén se lle pasaba pola cabeza presentar unha denuncia no Cuartel da Garda Civil, nin dicirlles ós médicos que as feridas que curaban non eran de caídas.

A outra quería abandona-lo "vicio" porque había pouco que se lle finara súa nai, que viña sendo unha *carteira* con sona en toda a comarca. Aínda fora xuntando un bo peto; non puña prezo por adiviña-lo futuro, pero aceptaba a "voluntade". Por norma, os "poderes" tería que herdalos esta cliente nosa posto que era a filla máis vella; pero outra irmá disputáballos dicindo que era unha "borracha"...

Pero, para entende-lo fracaso da nosa experiencia temos que ir contándolles algo máis desa Comunidade: trátase dun concello rural e interior da provincia da Coruña cunha extensión de 203 km e situado por riba dos 300 metros de altitude. A poboación chega ós 12.107 habitantes espallados en 69 aldeas e 142 entidades de poboación; todo isto organizado en 17 parroquias. A pirámide poboa-

cional xa vai tomando a forma de campá, cun acusado descenso da natalidade nos últimos anos.

Máis da metade da poboación activa (52'9%) ocúpase no sector agropecuario, o 6'9% na industria, o 19'8% na construcción e o 20'4% restante nos servicios.

Aínda que hai parroquias en proceso de concentración parcelaria, o minifundismo é moi destacado. A construcción das vivendas lévase a cabo fundamentalmente con cartos procedentes da emigración. Pasa do millerio o número de vivendas desocupadas.

A ocupación no sector servicios está moi por debaixo da media galega (39'4%), sendo os *bares,* a alimentación e os restaurantes as actividades que máis ocupación xeran.

Coma en moitos outros concellos galegos a emigración foi, e segue sendo, unha válvula de escape. A crise económica mundial, e outros factores, favorecen retornos migratorios, moi acusados nos dous últimos anos, e moi mal planificados. A incidencia de alcoholismo nestes retornos xa é preocupante. A situación económica da que antes falabamos inscríbese nun modelo de transición xerado desde fóra, no que é doado percibir como mínimo tres niveis. Nun primeiro nivel, formas xa establecidas á marxe do sistema, nas que as *pensións* dos vellos e dos enfermos constitúen a base económica.

Nun segundo nivel, unidades de producción ou de servicios en expectativas de transición nas que se acumula ou acumulaba capital coas remesas dos emigrantes.

A un terceiro nivel xa hai Unidades de producción ou de servicios integrados na modernidade. A concentración parcelaria e as cooperativas foron os motores da modernización.

Estamos asistindo ó paso da Parroquia ó Concello. O transvasamento das aldeas á capital municipal é progresivo. *A terra* perde forza como referente de identidade para ir sendo substituída pola clase social, grupo familiar, grupo profesional, etc. Todo o territorio está sendo articulado ó redor do Concello, pero isto é un proceso aínda non rematado.

Os Servicios Sanitarios axudan a este transvasamento. O Centro de Saúde na capital municipal. Aí consultamos nós, ós alcohólicos, aínda que algúns distan máis de 15 km, e teñen que vir nun taxi se non atopan un veciño que os traia. Aínda que o sacamos fóra do Centro de Saúde para levalo á Casa de Cultura, foi na capital onde montámo-lo grupo de alcohólicos. Retomando o que estabamos a subliñar ó comezo, foi esta a primeira *acción comunitaria* na que participou a Unidade de Saúde Mental en colaboración cos Servicios Sociais de Base.

Desde sempre algúns alcohólicos de Santa Comba consultábanse na Unidade de Alcoholismo do Hospital Xeral de Galicia, situada en Santiago, e acudían xunto cun grupo de alcohólicos a este Hospital. Neste grupo hai pacientes dunha área xeográfica de case medio millón de habitantes, e leva anos funcionando sen ningún problema.

Sen embargo, desde unha óptica de Psiquiatría Comunitaria, debemos achega--los recursos á poboación para facilita-lo acceso ós mesmos das persoas ou clases máis desfavorecidas. Por iso, montar un grupo de alcohólicos no propio territorio era algo coherente.

Fixémonos máis directamente responsables do mesmo; o Psicólogo municipal, nativo do Concello, aínda que vive en Santiago; a Traballadora Social de Base, que ademais de nativa vive nunha parroquia do Concello; e eu mesma, que non teño outra vinculación que os desprazamentos nesta comunidade.

Despois de revisar numerosa bibliografía sobre grupos de alcohólicos, intentamos reproducir un modelo de terapia grupal bio-médica. Formamos un grupo aberto e homoxéneo cuns obxectivos a curto e longo prazo. A curto plazo dar información, dar coñecementos do problema do alcoholismo e as súas consecuencias. A longo prazo pretendiamos formar un grupo de autoaxuda e incluso unha asociación.

A maioría da xente que formou parte do grupo foi derivada da U.S.M. e dos Servicios Sociais. Non tivemos ningunha demanda propia.

Na primeira fase, totalmente médica, de información, con varias sesións sobre os efectos e secuelas do alcoholismo, xa fixemos, sen decatarnos, un proxecto de Educación Sanitaria, totalmente biomédico. Pensabamos que estaban "maleducados sanitariamente", que tiñan hábitos de vida pouco saudables, esquecemos, como diría o Prof. Alessandro Seppilli, que: "A Educación Sanitaria é unha intervención social que tende a modificar, de maneira consciente e duradeira, o comportamento en relación coa Saúde. Presupón o coñecemento do patrimonio cultural do grupo e a determinación dos seus intereses subxectivos". Fómonos dando de conta como non coñeciámolo seu patrimonio cultural; para eles o alcohol era unha bebida cunha importante función social, mentres que para nós é un tóxico que inserían para drogarse.

Agora, desde o fracaso da experiencia, vemos como este "bombardeo" de coñecementos técnico-sanitarios sobre o alcoholismo nos levou a caer no que atinadamente Oriol Romaní chama: "Moralina sanitarista".

O que nós pensamos que sería unha axuda, un privilexio, eles víano como un castigo, como unha imposición: "Veño aquí porque me mandaron vir", "¿Por que nos tocou a nós e non a outros?", "En Santa Comba hai moitos borrachos".

Outros tamén vían unha posible rendibilidade: "¿e pódese cobrar por esto?", preguntaban con moita frecuencia os familiares.

Nestas sesións de información sobre o alcoholismo eles non se identificaban con ningún dos síntomas nin con ningunha das secuelas, a pesar de que tiñan moitas. Sempre poñían un exemplo de fóra: "Ó Luis da Toxa pasoulle eso no fígado, e estivo moi maliño". As alusións ós veciños eran constantes, coñecíanse todos e senón enseguida daban datos uns ós outros ata que sabían de quen falaban.

No transcurso das sesións xurdiu un líder, ou máis ben, pensamos agora, un dinamiteiro do grupo (un ex-emigrante retornado de Holanda por un problema grave de alcoholismo), que consegue petardealo, desfacelo porque:

- Cuestiónalle-la individualización, lémbrandolles quen son, quen foron na aldea. Isto impídelles a eles mesmos verse como individuos illados que chegan ó grupo para construílo. Como a el non o viron vagabundeando, durmindo nun banco en Amsterdan, como del saben pouco (o misterio do emigrante, aventureiro, solteiro), permítelles construír mitos, lendas. De feito cúrase e impide a curación dos outros.
- Por outro lado, ó preguntarlle-la historia previa real, non a queren narra-los outros, impide construí-lo grupo de alcohólicos con roles axeitados a este grupo que co-constrúen. Aquí tamén estariámo-los terapeutas e quizais o feito de seren dous deles do Concello dificultou crear grupo terapéutico.

En definitiva, penso que estivemos traballando cun grupo de veciños alcohólicos que se coñecían todos e non podían narrar ou novela-las súas vidas porque faltaba o anonimato, o misterio.

A vida dun aldeán é transparente para os veciños, xa a ten construída, non pode mentir socialmente; todo o contrario do que ocorre nos grupo de Alcohólicos Anónimos, onde o relevante non é a persoa, é o seu alcoholismo.

Para rematar diremos que nas historias clínicas figura en todas o diagnóstico de *Dependencia de alcohol*, termo que como maxistralmente sinala o Profesor Menéndez "desde perspectiva médico-psiquiatra dominante implica a inevitabilidade de xerar unha conducta de consumo, e refírese exclusivamente a suxeitos, non a conxuntos sociais". Probablemente isto é outro dos nosos erros. Pretendemos construír un grupo de alcohólicos partindo dun grupo de veciños e cunhas concepcións individuais da dependencia. Quizais fixemos colonización, no sentido de aplicar mecanicamente modelos importados sen pasalos polo filtro da cultura propia.

Descoñecemos aínda os códigos culturais que regulan o beber nesta Comunidade e no grupo de idades medias. Por iso, como aplicabilidade inmediata da nosa experiencia, sería comezar nos próximos meses a celebrar coloquios veciñais (non de usuarios, nin de enfermos, nin de alcohólicos), senón grupos de discusión co asesoramento do antropólogo, para deixar que esta Comunidade nos diga que función lle cumpre este beber que pretendemos diminuír.

BIBLIOGRAFÍA

BOGANI MIQUEL, E.: *El alcoholismo enfermedad social*. Barcelona, Ed. Plaza y Janés, 1976.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (coord.): *Cultura e Saúde Mental*. Xunta de Galicia, 1994.

MENÉNDEZ, E.: "Regla y Trasgresión: El alcoholismo como integrador ideológico". *Jano*. Vol. XIIV, n.º 1034 (1993), pp. 58-66.

ROMANÍ, O.: "Alcohol, Sociedad y Cultura". *Jano*. Vol. XIIV, n.º 1034 (1993), pp. 41-43.

SEPPILLI, A. En BARTOLI, P.: "Antropología en la educación sanitaria". *Arxiu d'Etnografía de Catalunya*. N.º 7 (1989), pp 17-24.

VISIÓN SANITARIA DOS ADOLESCENTES

M.ª Inmaculada Gómez Besteiro
Técnico de Saúde Pública
Xerencia de Atención Primaria, A Coruña

Parte do meu traballo como médica-técnica de saúde pública na Xerencia de Atención Primaria da Coruña consiste na organización de cursos de Formación para os profesionais sanitarios de Atención Primaria na Área.

Neste momento en Galicia, coma no resto de España, o sistema sanitario ten por definir ata que idade debe atende-lo pediatra, definición á que tampouco chegaron os propios profesionais sanitarios. Deste xeito, atopamos ambulatorios nos que os pediatras atenden ós nenos ata os 7 anos, outros ata os 10 anos; nos equipos de atención primaria (centros de saúde) atenden ata os 14 anos, e algúns profesionais pensan que deberían atender ata os 18 anos.

Nos últimos anos están aparecendo, en todo o estado español, algúns centros de atención sanitaria exclusiva para adolescentes.

Na cidade da Coruña hai un Centro de Planificación Familiar que, co obxectivo de facilita-la consulta á xente nova, ten un día á semana en horario de tarde dedicado exclusivamente ós menores de 20 anos.

Tamén en Santiago, no Hospital Xeral de Galicia, existe unha Unidade de Hospitalización para o adolescente, del tal xeito que se a persoa que necesita ingresar no hospital ten entre 12 e 16 anos, a ser posible ingresa nesa Unidade.

O feito é que un grupo importante de persoas, as que teñen entre 12 e 20 anos, cando acoden ó médico son atendidos por un pediatra ou un médico xeral segundo o lugar onde vivan.

Cando hai un mes dous profesionais me falaron do seu interese por un curso de formación sobre atención médica ó adolescente eu formuleime algunhas preguntas: ¿Por que piden esta formación os médicos?, ¿Con que problemas se atopan nas consultas?, ¿Que formación botan en falta?, ¿Como ven os sanitarios ó adolescente? Así, co obxectivo de facer unha aproximación á visión sanitaria dos adolescentes, tras unha revisión bibliográfica, realicei entrevistas en profundidade con médicos de familia, pediatras, enfermeiras de Atención Primaria e cun pediatra da Unidade de Hospitalización de atención ó adolescente.

¿Que ven os profesionais sanitarios nos adolescentes?

"De los adolescentes yo no sé, vienen poco y cuando vienen lo hacen con sus padres, aunque sería mejor que viniesen solos". Tras esta frase os sanitarios comezan o seu relato de como ven ós que non ven, porque non van ás súas consultas.

Gustaríame agora amosar fragmentos dalgunhas das entrevistas:

> – En esta edad en que no están satisfechos con su cuerpo, que buscan a quien parecerse. Cuando consultan solos, es por problemas muy biológicos: catarros, quistes, golpes, acné.
>
> – De las depresiones se defienden mucho, presentan somatizaciones: cefaleas, dolores de espalda. Es rarísimo, nunca dicen tener problemas con sus padres. Lo que si hay es padres que tienen problemas con sus hijos.
>
> – El adolescente está insatisfecho, inseguro, todo el mundo es mejor que él, tiene muchas dudas sobre sexualidad.
>
> – El adolescente es inseguro, está en fase de búsqueda; a veces esa inseguridad la muestra con rebeldía, mal educado.
>
> – El viejo si no entiende lo que es el papeliño, pregunta (porque acepta que no entiende). El adolescente no acepta que no lo entiende y eso le da rabia, vergüenza, muestra su inseguridad con arrogancia, impertinencia.
>
> – No aceptan su cuerpo, las niñas quieren adelgazar (Anorexia). La escoliosis, la cifosis, la aceptan muy mal. Es ambivalente, unas veces quiere que le trates como niño y otras como adulto, según le interese. Es contestario, es la etapa en que no estás de acuerdo con muchas cosas. Son pasotas, irresponsables, pero es que que nadie les ha exigido nada...
>
> – Hay mucha somatización (hipocondríacos), cada día tienen cosas distintas. Muchas veces tras un dolor de garganta hay un problema de comportamiento. (El síntoma es una tapadera).
>
> – La salud física es mejor, vienen de la mano de su madre. Porque, ¡esa tos!, ¡es que está muy delgado! Por lo general se ve que el chaval mira a su madre diciendo ¡que coñazo!...
>
> – Son sanos y no cabe duda que son buena gente. Se reconocen por su aspecto físico, sus ideas utópicas, defensa de valores universales. A veces tienen respuestas agresivas con solu-

ciones radicales a las que la sociedad no se atreve, tienen una visión cósmica y mágica de la vida.

– Se conocen por los cambios físicos, estirón, bigotillo, cambios psicológicos, sus opiniones, contradicen, contrastan.

– Les gusta que se les trate como un adulto. Los que van al pediatra por lo general es porque lo quiere la madre.

– Huelen, los percibes. En un grupo flota entre los demás.

– La mayoría de edad está muy bien puesta para definir el fin de la adolescencia. Claro que hay niños más maduros y menos.

– Psicológicamente a los 18 años, más o menos, tienen un proyecto vital, abandono de juegos, independencia familiar en cuanto a ideas, no económica. Su propia vida, su personalidad, con proyectos coherentes y de futuro.

– Las relaciones de pareja le dan estabilidad emocional, resuelve la duda de si va a cumplir o no. Cuando tiene novio-a cambia, se siente más seguro.

– Los hechos que marcarían el paso de adolescente a adulto podrían ser:
La independencia económica. Un trabajo les hace sentirse más seguros, más mayores. La sexualidad, que hayan enfrentado el tabú sexual, una historia amorosa con buena resolución puede hacerles sentirse más seguros.

– La edad de cambio está muy relacionada con el colegio. A los 18 años más o menos cuando hacen COU, algunos se van de casa a estudiar fuera, son más independientes. Nosotros hemos retrasado la madurez, ya que el niño de ser uno más en la casa ha pasado a ser el rey. Se lo damos todo hecho, no, no es la falta de autoridad, es que se pasó del total autoritarismo a una permisividad total.

– Quizás la adolescencia finalice cuando comienzan a administrar su tiempo, su dinero (antes había la mili, la puesta de largo), una vida profesional, cuando hacen un viaje solos.

Todo parece sinalar que a definición escoitada sobre os adolescentes é vaga e non intelixible. É san pero con problemas; non é neno pero tampouco é adulto. Díficil de pautar e parece depender moito menos dunha idade cronolóxica (cambios fisiolóxicos) ca dunha auténtica transformación psicolóxica e social. Os significados que lles atribúen os profesionais sanitarios non responden a unha visión particular biomédica senón que é reflexo dun discurso social.

¿Como se senten os sanitarios nas entrevistas co adolescente?

– Lo más difícil es establecer contacto, tienes que ganártelo. Que confíe en ti. La credibilidad del adolescente está puesta en lo que opinan sus compañeros.
Los padres buscan aliados en nosotros ¿Verdad que si no hace...?, y Él-ella NO TE

HABLAN, están pensando. "Éste es de cuidado hasta que no se demuestre lo contrario.

El viejo me gusta más. El viejo lo tiene todo, tiene enfermedades cardíacas, renales, respiratorias, pero también te habla de su soledad, del miedo a la muerte...

¿Cómo hablarle de actividades preventivas: hábitos sanos, enfermedades de transmisión sexual, deporte, tabaco? Decirle esto a quien tiene la vida por delante, me hace sentir ridículo.

Mi relación con los adolescentes es fatal. Yo estoy más tenso, me angustia, no sé, seguro que derivo más al psicólogo.

– El adolescente te hace notar que no le convences y eso te violenta, ¡violenta mucho! Percibes que no le estás llegando. A los viejos les puedes dejar contentos más fácilmente. El adolescente es más difícil.

Te prueban si estás con sus padres, ¿como no entrar en esa rebeldía en la que te mete para probarte? No te puedes dejar torear.

Como le trates y como le hables es fundamental. El adolescente necesita un adulto, no un igual.

– El adolescente distingue rápidamente si estás con él o contra él. La primera entrevista es de toma de contacto.

– Con los adultos es más fácil pasar del terreno biológico al psicológico. Es más fácil preguntar por lo físico que produce dolor.

– Es difícil lograr el encuentro. Hay silencios y supongo que hay que respetarlos y también saber como romperlos.

El médico necesita escuchar, es importante la palabra porque la necesita.

Dificultad de acercamiento, miedo y si su respuesta es... ¡A ti que te importa!

Si empatizas, te hacen preguntas que no sabes, esto te obliga a responder siguiendo tu sentido común (no es una respuesta aprendida en los libros).

Él tiene que saber que está hablando con un adulto, no busca un colega, ya los tiene, busca un adulto y él detecta si el lenguaje es falso.

– La formación de los médicos es fundamentalmente clínica; sabemos tallar, medir, de hipertensión arterial, de insuficiencia renal, pero en lo psicosocial me siento inseguro.

Intentas adaptarte, hablas lo más parecido, de todas formas no tienes que ser su colega, eres un adulto capaz de entenderlo.

– No buscamos lo que hay detrás de su demanda y nos da miedo que nos comprometa. Indagamos poco sobre lo que quieren: sus temores, sus problemas. Nos da miedo que nos digan de entrada NO.

Estas narracións creo que nos poden achegar bastante ás dificultades imaxinarias ou reais que senten os sanitarios cando están cun adolescente na consulta. Saben como cura-las doenzas físicas, dicíao moi ben un dos entrevistados: "sabemos tallar, medir, de hipertensión arterial, insuficiencia renal, pero en lo psicosocial me siento inseguro". Están adestrados para atacar, para combater coa enfermidade.

Pero ¿como serve esta formación cando o que está con nós ten a vida por diante, consideramos que non está enfermo, non nos fala ou polo menos non nos fala do que estamos afeitos a escoitar: a enfermidade, e aínda por riba pódenos dicir: "no, no, ¡A ti que te importa!" ¿Como cambiar ese enfrontamento en encontro? Aínda sen saber como, algunha vez, por casualidade refiren que ese encontro se dá, e o máis gratificante neses casos é:

¿Que é o máis gratificante da atención ó adolescente?

– Que te venga a hablar, te sonría, su sonrisa es franca.

– Si empatizas, si te ganas su confianza, te hablan en la calle, vienen aquí, te dan juventud, valores positivos, te acerca a otras etapas.

– Que vuelvan, demuestra que eres una persona de confianza a nivel profesional y humano.

– Que haya un espacio y que digan: "se enrolla bien, no me da consejos".

O que amosei non son máis que as concepcións médico-sanitarias dun grupo de profesionais dunha idade, dunha área moi delimitada, dunha clase social, e por suposto non vai cambia-lo curso da atención pediátrica, nin a apertura de novos centros específicos de atención ó adolescente, pero, si, espertou a curiosidade sobre ¿que pensará o outro?, ¿que quererán os adolescentes do sistema sanitario? Este traballo permitiume falar de maneira distinta cos profesionais sanitarios, chegar a un acordo sobre as necesidades de formación: traballar en coñece-lo que queren os adolescentes, traballa-las actitudes dos profesionais, técnica de entrevista, e non só as áreas clínicas, e serviu para recolle-lo interese dos profesionais polos adolescentes: "¡que vuelva!"

En resumo:
Fronte ó adolescente o sanitario "non sabe". Non sabe:

– porque está ante unha persoa que supostamente goza de boa saúde física, a formación universitaria e de posgrao foi moi dirixida ó biolóxico, e moi pouco ou nada ó psicosocial.
– Tampouco hai unha longa tradición na atención ó adolescente, os sanitarios da Atención Primaria descubríronos hai pouco.
– ¿Como suplen esta carencia? Aínda que resulta contradictorio, os profesionais sanitarios que a cotío teñen un discurso técnico propio vense na obriga de collelo discurso da rúa.

¿Que alternativa se ofrece?
O primeiro paso é recoñecer no Adolescente a unha persoa con valores propios e escoita-lo que está a falar.

BIBLIOGRAFÍA

BERG, Kelly; EHRVÉR, M.; ERNELHOLMS, T.; GUNDEVALL, C.; WENNERBERG, I.; WETTERGREM, L.: "Selfreporterd health status and use of medical care by 3.500 adolescents in western Swedwn" *I. Acta Pediatr. Scand* 1991; 80:837-843.

COLEMAN, J. C.: *Psicología de la adolescencia*. Madrid, Morata, 1987.

COLINO NEVOT, R.; FERNÁNDEZ BARRERO, A.; PICASSO MARTÍNEZ DE UBAGO, A.: "Utilización de la consulta de atención primaria por los adolescentes y detección de problemas de salud no demandados". *Aten. Primaria* 1995; 16 (10): 34-41.

CONDE, F.; PÉREZ ANDRÉS, C.: "La Investigación cualitativa en Salud Pública". *Rev. Esp. Salud Pública* 1995; 69: 145-149.

CORNELLÁ i CANALS: "El adolescente díficil". En: *XXVI Reunión Anual de la Asociación Española de Pediatría*. Santiago de Compostela, 25-28 de septiembre de 1996. *An. Esp. Pediatr.* 1996; Sep. (Libro de Actas II): 347-51.

DA SILVA MARQUES, F.: "Aspectos Sociais na Adolescência". *Rev. Port. Pediatria* 1985; 16: 37-46.

DELGADO DOMÍNGUEZ, J. J.: "Necesidades de salud de los adolescentes". *Formación Médica Continuada* 1995; 2 (5): 5-6.

DOLTO, F.: *La causa de los adolescentes*. Barcelona, Seix Barral, 1990.

ERIKSON ERIK, H.: *Identidad, juventud y crisis*. Buenos Aires, Paidós, 1968.

GRAMINDE, L.: "De la fascinación del número. Acerca de la necesaria flexibilidad metodológica en la investigación en salud". *Aten. Primaria* 1994; 14 (2):67-72.

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICAS: *Censo da Poboación 1991* Galicia.

JOHNSON, R. L.: "Consultation with the specialist. Adolescent social development". *Pediatrics Rev.* 1995; 16 (4): 158-159.

LINARES GÓMEZ, V.; SERRANO VÁZQUEZ, A.; DE FRUTOS HERNANSANZ, M.ª J.; ÁLVAREZ DE MON REGO, C.; AZPLAU GARRIDO, M.; LÓPEZ DE CASTRO, F. et al.: "Motivos de Consulta en adolescentes". *Aten. Primaria* 1994; 13: 62-67.

MEAD, M.: *Adolescencia y cultura en Samoa*. Barcelona, Paidós, 1990.

NAVARRO, M.ª F.: "Trabalho com adolescentes nos centros de saúde em Portugal. Continuidade. Ambiguidade, Inovação". En: *IV Encontro Trasmontano do clínico geral. Macedo dos Cavaleiros*, 12 ao 14 de maio de 1988.

OBEDMAN, M.; ADURIZ UGARTE, S.; ALAZRAQUI, L.; GARCÍA-TORNELL, S.; HERNÁNDEZ, G.; SILBER, T. J.: "Medicina del Adolescente (I)". *Jano* 1989; 37 (874): 37-64.

ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE LA SALUD (1977): *Necesidad de salud de los adolescentes*. Serie de Informes Técnicos; 609.

OTERO PEDRAYO, R. (dir.): *Historia de Galicia*. Madrid, Akal, 1979.

SURÍS i GRANELL, J. C.: "Problemas de Salud del adolescente normal". En: *XXVI Reunión Anual de la Asociación Española de Pediatría*. Santiago de Compostela, 25-28 de septiembre de 1996. *An. Esp. Pediatr*. 1996; Sep. (Libro de Actas II): 345-6.

TAYLOR, S. J.; BOGDAM, R.: *Introducción a los métodos cualitativos de investigación*. Barcelona, Paidós Ibérica, S.A., 1992.

ANÁLISE ANTROPOLÓXICA DUN HOSPITAL PSIQUIÁTRICO RURAL

David Simón Lorda
Psiquiatra, Hospital Psiquiátrico de Toén (Ourense)

Sempre se dixo que o Espacio e o Tempo son elementos fundamentais para as análises antropolóxicas das culturas ou dos pobos. Tamén o son para a Psiquiatría e as súas Institucións Hospitalarias. Goffman, coa súa obra *Internados*, ou Barton na súa *Neurosis Institucional* deron o disparo de saída. Desde entón sempre se utilizaron o Espacio e o Tempo como elementos de denuncia ou como ferramentas para a mellora asistencial. Empezouse coa denuncia da cronicidade asilar, seguindo coas Reformas Psiquiátricas tratando de rompe-los muros do manicomio e saír ó espacio extrahospitalario acabando coa actual división dos espacios hospitalarios en Agudos, Media Estadía ou Crónicos, moi mediatizadas polos "Días de Estadía Media" dos novos marcadores do Tempo Hospitalario: os xerentes.

Sen embargo, este é o Tempo e o Espacio do discurso dos médicos, dos técnicos... Pero nos Hospitais hai outras comunidades con experiencias e vivencias distintas: os traballadores e os enfermos. Hoxe imos falar pouco dos enfermos, dos médicos ou dos traballadores desde unha abordaxe individual. Non imos contar casos clínicos de interese antropolóxico. Ímonos centrar na relación da comunidade rural co Hospital. Como pacientes ou como traballadores introducen nun Hospital todo o contorno sociocultural do cal proceden.

A gran maioría dos pacientes e dos traballadores do Hospital sobre o que hoxe falaremos proceden do rural galego, en contraposición ó estamento médico que pertence ó mundo urbano. Intentaremos centrarnos en analizar un Hospital que, aínda

que de orixes urbanas e médicas, é o paradigma dunha institución en simbiose co mundo rural que o penetra e o rodea. Ámbolos mundos, o Hospitalario-urbano e o rural necesítanse, e ambos se descoñecen e se enfrontan. Son dous mundos interdependentes. Goffman, na súa obra *Internados* dicía que: "Cada sociedad favorece formas especiales para el acercamiento y trato recíprocos de dos individuos, por ejemplo, entre pariente y pariente, o entre una casta inferior y una superior". Hoxe falaremos dalgunhas desas formas de acercamento e interdependencia a través de aspectos particulares do Tempo e o Espacio deste Hospital.

UN HOSPITAL PSIQUIÁTRICO RURAL

É un Hospital psiquiátrico que atende fundamentalmente a pacientes de orixe rural, que só admitía para internamento ós pacientes varóns ata hai ben pouco. É o único dispositivo público de hospitalización psiquiátrica da provincia de Ourense, a provincia interior de Galicia. Sitúase o Hospital nun monte a 8 quilómetros da cidade, unha zona apartada, sen casas ó redor, aínda que hai varias localidades na zona que o circunda. O edificio do Hospital foi concibido orixinalmente como a Leprosería do Noroeste de España. Non chegou a ser utilizado para tal fin, e antes de ser aberto como Hospital Psiquiátrico aínda estivo en proxecto abrilo como un Sanatorio Antituberculoso. Ía ben o lugar onde se asenta: lugar aireado, frío, rodeado de árbores e apartado. En fin, como pode verse, varias das clásicas enfermidades con estigma: lepra, tuberculose, loucura... que sempre se intentaron afastar pois molestaban, contaxiaban ou atemorizaban á poboación.

Foi aberto como Hospital Psiquiátrico en 1959, en terreos do Concello de Toén, unha zona rural dedicada á agricultura, próxima á cidade. A maioría dos traballadores do centro (auxiliares psiquiátricos, obreiros) foron veciños das localidades do arredor. Nas cláusulas de fundación de cesión de terreos especificábase que terían que contratar a veciños do Concello de Toén. Desde esa data, e gracias a esa cláusula, ós sindicatos e ó clientelismo típico de tódolos lugares illados, fóronse pasando os postos duns familiares a outros, e a dita proporción mantense hoxe en día. O persoal médico e de enfermería residía na cidade e, ata hai poucos anos, ninguén quedaba de garda no Hospital. Desde o mediodía e ata a mañá seguinte, o Hospital pertencía ós Auxiliares e enfermos, que convivían e traballaban xuntos nos terreos do Hospital. Tamén houbo un tempo en que residía e traballaba unha comunidade de monxas, as "Hermanas de la Orden del Huerto", nome moi apropiado como despois se verá.

A pesar das súas múltiples actividades e publicacións, o prestixioso psiquiatra Cabaleiro Goás, director de Toén durante case 20 anos, nunca mencionaba a comunidade rural que rodeaba ó Hospital. Sempre nos falou do Hospital de Toén, pero non de Toén localidade. Algo parecido ocorre na Memoria publicada sobre unha

"Experiencia de Sector en el rural gallego" realizada polo Equipo de Toén nos anos 70. Nela para nada falaban da Comunidade circundante.

Na *Gran Enciclopedia Gallega,* ó busca-la referencia de "Toén", para nada fala do Manicomio situado nos seus terreos, a pesar de se-la Industria ou Empresa máis importante do Municipio. Sen embargo, na mesma Enciclopedia o Sanatorio de Toén é considerado como un enclave da parroquia de San Pedro de Moreiras, no Concello de Toén, que ten 156 veciños, e dista 2,4 km da capital municipal. Recoñecido por uns, olvidado por moitos e tolerado polos que obteñen algo a cambio.

O Hospital consegue prestixio internacional nos anos 60 e 70, gracias ó bo facer de Cabaleiro Goás, que o dirixe desde a súa apertura ata que falece en 1977. Aínda que esta afirmación poida ser orixe de polémica, hai que dicir que en verdade a fama de Cabaleiro era más ben debida ós seus libros, conferencias e publicacións que ó tipo de asistencia intrahospitalaria que se dispensaba. Ata mediados dos 70, o enfoque terapéutico e asistencial de Toén non se diferenciaba moito doutros hospitais galegos e do resto do Estado: celas, electroshocks, inxeccións de auguarrás, só atendía a homes (as mulleres eran "deportadas" a Arévalo). En 1972, co apoio de Cabaleiro, novas xeracións de psiquiatras introducen a Sectorización e revoluciónase a Asistencia Psiquiátrica rural do momento mediante equipos que se desprazan a consultar ás cabeceiras das comarcas. Isto é parte da Historia da Psiquiatría galega e hoxe non vén ó caso, aínda que froito desa experiencia de Sectorización publicouse unha pequena Monografía, que contén importantes reflexións sobre Antropoloxía da Saúde aplicada á Asistencia Psiquiátrica Rural. Este traballo, xunto coa tese de doutoramento de Cabaleiro, que versaba sobre a Medicina Popular de Galicia, constitúen a contribución "toeniana" á Etnopsiquiatría galega. Pero iso xa se comentou noutros traballos, e hoxe non volveremos sobre o mesmo.

TOÉN MUNICIPIO – TOÉN HOSPITAL: TANTO MONTA, MONTA TANTO...

O hospital nunca tivo muros nin valos. Non fan falta, hai outras barreiras tanto ou máis eficaces. O propio illamento físico e o feito de que a gran maioría dos traballadores resida e traballe nas aldeas e campos dos arredores fai que os enfermos non cheguen moi lonxe. Hai xa unha tradición de avisar por que camiño ou aldea dos arredores buscar ó enfermo, e non é raro que como os coñecen e saben como manexalos, o entreteñan nalgunha taberna ou nun forno do lugar mentres avisan ós auxiliares (os seus conveciños) que estean no Hospital. Isto aínda que pareza difícil permitiu que o persoal das quendas sexa escaso en comparación co que faría falta nun hospital urbano situado no centro da cidade. Dalgunha forma, tal vez sen darse de conta ou tal vez sabéndoo, a comunidade de localidades do arredor evitaron que se contratase máis persoal, sobre todo celadores ou policías privados, que é unha categoría que non existe nun Hospital, e que son a base da seguridade e vixilancia na maioría dos hospitais.

Un aumento das fugas tal vez daría lugar a un excesivo aumento do cadro de persoal, máis portas pechadas, valos... que traería xente de fóra da zona, urbana, compañías privadas de seguridade. Os paisanos da zona perderían poder, familiaridade, o hospital sería menos seu, acabaríanse os pequenos "choios" e arranxos... É unha hipótese pouco probable e algo arriscada, pero non imposible.

A localidade que está máis preto do Hospital chámase Moreiras, é a máis grande do Municipio a pesar de non se-la capital do mesmo. O pan e as empanadas que se consumen no Hospital veñen de alí; os veciños utilizan para desprazarse á capital o autobús do persoal do Hospital que sobe e baixa a Ourense en cada cambio de quenda... Os bares e tabernas da localidade teñen unha clientela fixa e constante composta polos chamados Residentes do Hospital, que compran enormes cantidades de café, bebidas de cola e tabaco... Poderíase pensar que estamos ante unha integración perfecta entre os enfermos e os veciños-traballadores, sen embargo hai detalles que non nos falan de tal idilio. Así, hai pouco asistimos á negativa de tódolos traballadores-veciños do Centro a recoñecer como veciño un enfermo do Hospital, pero nacido na localidade, nun momento en que se non xustificaba ser veciño da localidade non lle subían a pensión.

É unha relación interesada polo beneficio que obteñen do Hospital, pero a cambio deste beneficio, que lles reporta seguridade en postos de traballo, proximidade, compatibilidade con outros traballos na mesma quenda... está a convivencia diaria coa loucura, á que se acostumaron e aprenderon a coñecer..., porque lles interesa. Aceptan ó louco porque é a súa fonte de traballo, porque traballa con eles ou ás veces para eles; porque son clientes-consumidores. Convén reflexionar e tratar de extrae-las estratexias de integración e de aceptación da apertura dun Manicomio en Toén. Na prensa asistimos diariamente a protestas, ás veces violentas, de localidades e comunidades que se opoñen á instalación nos seus municipios de granxas de toxicómanos ou de enfermos terminais de Sida. Hai 30-40 anos, o estigma asociado á loucura era tanto ou máis forte que o que hoxe se asocia á Sida ou á droga. Probablemente na comunidade rural foise creando un mito e unha narrativa en torno á loucura, moi mediatizada pola visión que o "coidador-aldeán-veciño" tiña do louco.

ALGÚNS TESTEMUÑOS

Gonzalo, veciño de Moreiras, traballa como conserxe nun Hospital desde que se abriu. Cóntanos que ó principio os veciños do lugar lle tiñan moito respecto ó hospital. Era un Manicomio. Nunca subían co gando cerca do edificio a pesar de que llelo permitía a Dirección do Hospital, e de que a zona fora un monte comunal que a xente utilizaba para estes labores. Imperaba o medo ó louco... Hoxe en día, os veciños chámanlles "os enfermos" e o Manicomio é visto como un Hospi-

tal para enfermos mentais coa mesma categoría que un Hospital xeral. O informante refírese ó centro como o Sanatorio, e opina que foi bo para a localidade porque evitou que a xente marchase á cidade ou a Suíza nos anos da emigración... Dinos que un 90% das casas da localidade ten algún membro que traballa ou traballou no Sanatorio. Tamén hai veciños da localidade que tiveron que ser ingresados. Non queren falar moito diso, din que "foi necesario", que "calquera persoa nun momento dado pode poñerse mal e ter que estar uns días aquí". Probablemente estes internamentos de veciños da localidade nun Hospital supuxeron unha auténtica ruptura no mito ou as narrativas da comunidade rural de Moreiras en torno ó Hospital e á loucura. Desde hai anos, Gonzalo invita merendar á súa casa algún enfermo que coñece ben. Di que así saen do Hospital e de paso axúdanlle a poda-las cepas ou as árbores froiteiras. Non é que queira que lle axuden no traballo manual. Busca experiencia aldeá, consellos de "vello": "aínda que levan anos aquí, saben ben destas cousas". Ás veces dálles diñeiro, aínda que di que é algo simbólico, pois moitas veces non fan nada. Cóntame que hai outros compañeiros "coidadores-aldeáns-veciños" que lles piden tamén consellos a algúns enfermos para elabora-lo viño da casa.

Juan, auxiliar psiquiátrico, tamén está no Hospital desde que se abriu. Antes de ser Auxiliar traballou nun circo, no cal tamén traballaron moitos dos seus compañeiros e veciños. Mantense no mesmo discurso que Gonzalo, aínda que matizando que os enfermos son persoas imprevisibles, son folgazáns, e que nunca hai que perdelos de vista. Nas súas palabras hai unha certa nostalxia dos tempos en que os auxiliares tiñan que enfrontarse a soas cos loucos axitados e furiosos que ingresaban polas tardes cando non había médicos, utilizando celas para conter ós enfermos. Tanto Juan como Gonzalo afirman que na historia de Moreiras só se recorda un roubo con desfeitas nunha ocasión hai anos. Non coñecen agresións graves, ataques sexuais ou incendios na localidade, aínda que saben que en canto escapaban determinados enfermos, empezaban incendios polos arredores.

Sempre se dixo que "el loco es por definición un ser capaz de violar los principios y reglas de la moral sexual,... y por ello durante años se mantuvo una estricta separación de sexos en los Hospitales Manicomiales, negando con ello la libertad sexual" (García, 1979:16, 128). En Toén non hubo mulleres ingresadas ata o ano 1982, xa en plena etapa de liberdade democrática. Sen embargo, aínda hoxe en día se mantén a separación de sexos, e as mulleres ingresadas gozan de menor liberdade cós homes. A sala de mulleres é a única sala do Hospital que permanece pechada durante todo o día. Foi obxecto de moitos debates no equipo médico, pero o sentir xeral dos traballadores é que mellor están encerradas que circulando polos corredores e campos do Hospital. O tabú das violacións, etc. probablemente funciona en tódolos estamentos, pero moito máis no dos traballadores-veciños debido á implicación profunda na Comunidade rural próxima nun traballo diario do Hospital. O equipo médico decidiu non abri-las portas da sala de mulleres ata

que a unidade de internamento de agudos se traslade á cidade, dentro duns meses. Funciona o mito da modernidade e a cidade como lugar de liberdade, de fusión cultural, de anonimato... pero tamén de perdición (Pidolle e Cremmel, 1994).

Juana traballa no hospital como auxiliar de clínica, aínda que tamén traballou na cociña por tempadas. Vive nunha pequena aldea próxima ó hospital chamada Trelle. Ten unha filla que vive en Ourense, auxiliar de clínica e que este verán traballou facendo substitucións nun Hospital. Non quería que traballase aquí porque haihospitais mellores na cidade, pero falloulle o contacto para apuntarse na lista de substitucións "boa", a que valía, que era a do político de sempre, e non a lista "oficial" do Hospital da cidade. Ó preguntarlle se cre que debería permitirse saír libremente ás enfermas, retráese e di que están mellor así, pero que se os médicos se responsabilizan do que poida pasar, pois que se faga. Opina que cando os enfermos crónicos baixan a Ourense polas tardes, van gasta-lo diñeiro nos prostíbulos e de bares... e que volverán bebidos e eufóricos... e que é unha pena que o fagan co "tranquilos e ben que están nos terreos do Sanatorio". Parece que estamos nun discurso ou nun rexistro moral, pero recordemos que ese foi o rexistro e o discurso que mantivo a psiquiatría e a medicina durante os séculos XVII e XIX: afirmábase a nocividade do medio urbano, e había unanimidade en acordar que "una campiña solitaria, con terrenos cultivables, hermosos paisajes, aire puro que invite a pasear, engendran una sana fatiga y disponen al reposo del alma" (Scipion Pinel, 1836, citado en Donzelot, 1970:44-46).

Somos conscientes de que a información que estas persoas proporcionan acerca das súas experiencias e valores varían en función das súas propias traxectorias biográficas. "No obstante los individuos de un grupo social comparten tradiciones heredadas, vivencias, prácticas y representaciones simbólicas que forman parte de su condición de existencia. Cuando los diferentes individuos entrevistados poseen una común posición social específica tienden a presentar un corpus discursivo,... un conjunto de enunciados carateriza dos por un cierto nivel de cohesión y de dispersión, denso y rico en matices..." (Álvarez Uría, 1992:179-180). A cultura campesiña é unha cultura oral, e mediante a narración das súas vivencias, e dentro da desorde das súas achegas, van compoñendo unha historia aberta a sucesivas actualizacións. É como toda narración, unha posta de sentido. Nela "es la forma de la narración lo que da sentido a los hechos que de otro modo serían sólo señales en el calendario" (tomado de Artuch).

DA MATANZA DO PORCO E ALGUNHAS COUSAS MÁIS

Toén foi un Hospital con poucos pacientes ingresados, entre 150-200, aínda que hubo anos que se chegou a 350. Gracias a iso, as condicións de alimentación e nutrición dos enfermos non eran malas, e nunca houbo problemas de fame. Isto é algo moi importante, pois neses anos as mortes por malnutrición e por tubercu-

lose (derivado do anterior) non eran raras noutros Manicomios galegos como Conxo (tiñan 1500 enfermos para tres ou catro médicos). Pero non é esta a única explicación. Sempre se dixo que a verdadeira Historia dos Manicomios está por escribir ata que non se inclúa nela un elemento clave na mesma: o traballo e o poder dos administradores destes hospitais. En Toén isto foi fundamental ata hai ben poucos anos. Como bo maragato que era, entendido en tratos e comercios, o Sr. Administrador de Toén desde os seus inicios ata que se xubilou hai pouco, organizou unha horta e unha impresionante granxa de porcos nos terreos do Hospital. Eran 300 porcos e aínda hai quen recorda os seus berros que ás veces impedían dormir, pero sobre todo evitaron a fame e a desnutrición derivada do escaso presuposto do Hospital nos anos difíciles. Volveremos sobre os porcos dentro dun momento. O Hospital de Toén está rodeado dun gran terreo, no cal non era inusual que ó mesmo tempo que os enfermos deambulaban ou dormían a sesta polos prados, pastasen as vacas e ovellas do persoal que estaba de quenda, o cal ó remata-lo seu traballo intrahospitalario se retiraba ó seu domicilio conducindo o seu gando á aldea veciña.

Aínda que non chegou a ser unha colonia agrícola como ocorreu noutros hospitais do Estado, foi importante o traballo productivo na horta e na granxa. Moitos traballadores identifican a época de grandeza e fama do hospital cos anos dos 300 porcos e os campos cultivados. Os enfermos traballaban e pagábaselles unha cantidade simbólica, e o cadro de obreiros agrícolas era importante. Co paso dos anos abandonáronse os campos e a granxa. Había máis presuposto no Hospital, pero aquí tiveron moita importancia dous elementos clave e con importante simbolismo no discurso e a praxe médica actual: as pensións dos enfermos e o colesterol.

Coas melloras asistenciais e de seguridade social introducidas cos anos, a gran maioría dos enfermos crónicos deixaron de traballar en campos e talleres. ¿Para que ían traballar se agora xa cobraban unha pensión? Abandonáronse os campos, os porcos, e o persoal agrario reconverteuse en auxiliar. Moitos dos auxiliares veteranos, que coñeceron os famosos tempos de grandeza e prestixio, identifican a inactividade agrícola actual cunha deterioración asistencial, pois os enfermos non realizan traballo manual e moitos dos traballadores limítanse a vixiar ós enfermos: "Houbo tempos mellores".

Co peche da granxa perdeuse tamén un dos rituais que, de por si, entraña multitude de referentes no mundo rural en xeral, sobre todo en Galicia: a matanza do porco. Na cultura popular galega os porcos sempre foron o soporte simbólico da presencia dos do outro mundo dentro do espacio doméstico, son animais especiais, que están do lado das cousas ocultas (Mandianes)...

Neste Hospital de Toén este cruzamento de simboloxía e discursos da matanza do porco complícase un pouco máis: é un ritual masculino nun hospital só para homes e é un ritual de sacrificio polisémico.

A matanza era ademais unha das celebracións principais do ano para os coida-

dores e para os enfermos. Este e outros acontecementos rompían o ritmo longo e monótono do asilo-lugar manicomial. Un ritmo agrícola, cíclico, case cósmico: "as necesidades da adaptación ó mundo rural entrañan, a nivel da existencia de cada día, referencias non cotiás, senón anuais. Na cidade, o ritmo é máis diario" (Thobie, 1986). "La modernidad implica una concepcion lineal del tiempo frente a la concepción cíclica de la tradición" (San Martín, 1995). As festas das localidades do arredor ás que acudían moitos enfermos (con permiso ou sen el), ou as visitas do coro da localidade de Moreiras para cantar na capela do Hospital foron festas anuais, auténticos rituais cíclicos de intercambio entre os enfermos e a comunidade rural veciña. A estes rituais de intercambio engadiríase un elemento, case cíclico pero pertencente á modernidade, e aínda non analizado en tódalas súas dimensións: as eleccións democráticas municipais. Moitos dos enfermos crónicos están censados no Municipio, e os seus votos poden ser decisivos para a configuración do poder municipal. Nas últimas eleccións houbo grandes tensións entre "coidadores-veciños-candidatos electorais" derivadas de prácticas pouco claras, segundo alguns, no día das votacións e na campaña electoral.

Na matanza todos compartían e celebraban eses días, mesmo aparecían os médicos polas tardes, algo inhabitual. Na cultura rural galega unha das características destes días que Mandianes denomina como "fuertes": magosto, matanza, entroido..., é a circulación, o intercambio entre os dous aspectos do mundo, o visible e o oculto, entre os diferentes grupos aldeáns, entre sexos e entre xentes de diferentes aldeas... Ou entre xentes de culturas diferentes. A comunidade rural galega nas súas dimensións doméstica, aldeá e parroquial está composta polos vivos deste e os do outro mundo. As dúas dimensións do mundo son paralelas e hai intercambios continuos entre elas. Os encontros entre os deste mundo e os do outro son rituais. Este ritual de matanza de Toén permitía o encontro das dúas culturas ou mundos que coexistían paralelamente dentro do Hospital: rural (o dos pacientes e o dos traballadores) e urbano (o dos médicos), actuando en ocasións como un elemento de regulación social igual que ocorría no mundo aldeán durante celebracións coma o entroido.

Os médicos urbanos non só ían participar da festa e o espectáculo, senón que tiñan ademais intereses. Moitos dos médicos cebaban o "seu" porco na granxa do Hospital rural durante todo o ano, que se sacrificaba neste San Martiño particular. Nas comidas do Hospital comíanse chourizos e xamóns durante todo o ano, e aquí o dito de que "o porco da casa non ten colesterol" non se cumpriu. Os enfermos estaban gordísimos e tiñan o colesterol polas nubes. Os médicos prohibiron as matanzas e ó pouco tempo pechouse a granxa.

NOVOS TEMPOS, NOVOS ESPACIOS

Quedarían moitos outros aspectos por analizar e traer a aquí, pero a través des-

tas pinceladas, aínda caendo adrede nunha caricaturización, podemos observar estratexias de integración e enfrontamento de dous mundos que conviven e coexisten en moito máis que no Espacio e no Tempo. Falamos antes da cosmovisión rural e a urbana; dun hospital como Institución Sanitaria do Estado nun proceso de simbiose cunha comunidade rural, que o rodea fisicamente e que o penetra de moitas formas.

Nos meses vindeiros comezarase un proceso de Reforma Psiquiátrica no Hospital, que vai ocasionar que un certo número de camas se eliminen e se trasladen a un Hospital Xeral no centro da cidade próxima. Os traballadores-veciños opóñense ó cambio. Saen a reluci-los mitos de que é un lugar tranquilo e de repouso para os enfermos, que é un sitio máis discreto, que a calidade de vida é mellor para os enfermos porque están na natureza e poden toma-lo sol e o aire. Case reivindican o tratamento moral de hai un século. Non nos debería parecer raro pois na Rehabilitación dos pacientes psiquiátricos crónicos de finais do século XX pisa forte a Psicoeducación, e aínda que non é o lugar para discutilo aquí, estamos de novo nun terreo do tratamento moral.

É difícil aventurar que é o que vai ocorrer con esta simbiose que aquí tratamos de expoñer. Creo que esta "urbanización" futura invertirá definitivamente este equilibrio. Bastantes facetas da vida aldeá e pola súa vez da vida hospitalaria veranse afectadas sensiblemente. Non creo que se cheguen a eliminar definitivamente tódalas camas do Hospital. Tal vez porque as Autoridades Sanitarias non queiran construír máis hospitais, pero creo que vai máis na liña do que dicía Grimson (1971:24): "cuanto más destinada la institución a su propia conservación, más se retarda el eventual retorno del paciente a la sociedad".

Intentamos descender desde a Mirada Psiquiátrica, Fenomenolóxica, achegada por Cabaleiro e seguidores, a unha Mirada Semiótica Moderna, a un lugar diferente para o entrevistador, un lugar máis humano. Tratamos de Reconstruír outra Historia menos Clínica, pero más sociocultural.

BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ URÍA, F. (1992): "Medicina Rural: el Marco y los límites de una relación de reparación". En HUERTAS, R. e CAMPOS, R. (eds.) (1992): *Medicina social y clase obrera en España (siglos XIX y XX).* Madrid, Ed. Fundación de Investigacións Marxistas.

DONZELOT, J. (1970): "Espacio cerrado, trabajo y moralización". En FOUCAULT e outros (1991): *Espacios de poder.* Colección Genealogía del Poder. Madrid, Ed. La Piqueta.

GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA: Voz "Toén" e voz "Sanatorio".

GARCÍA, R. (1979): *Abajo la autoridad. Ciencia, manicomio, muerte.* Barcelona, Ed. Anagrama.

GOFFMAN, E. (1961): *Internados.* Ed. Amorrortu. (Edición 1988).

GRIMSON, W. R. (1971): *Sociedad de locos. Experiencia y violencia en un Hospital Psiquiátrico.* Bos Aires, Ed. Nueva Visión.

MANDIANES, M. (1984): *Loureses.* Vigo, Ed. Galaxia.

PIDOLLE, A. e CREMMEL, A. (1994): "Le Psychiatre aux champs". *L'Évolution Psychiatrique.* 59, 3, pp. 413-419.

SAN MARTÍN, J. (1995): *Antropología y Filosofía.* Madrid, Ed. Verbo Divino, p. 229.

THOBIE, Y. (1988): "Psychiatrie rurale ou sociopsychiatrie". *Soins Psychiatrie.* N.º 96, outubro.

A medicina popular foi, e é, un tema abordado continuamente nos estudios de Antropoloxía e folclore xa dende o século XIX. Pero nos últimos decenios, coincidindo co desenvolvemento da Antropoloxía Aplicada, as prácticas curativas están sendo analizadas dentro do amplo marco da chamada Antropoloxía da Saúde. Desta maneira o saber antropolóxico intenta achegar solucións a un tema tan importante como é o da saúde dos homes, a súa conservación ou a súa restitución. Sobre estes asuntos versan os escritos recollidos neste libro, froito dun dos simposios anuais que vén realizando a Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega.

MEDICINA POPULAR E ATROPOLOXÍA DA SAÚDE

O simposio, ademais, foi un marco axeitado para render unha sinxela e sentida homenaxe ó eminente etnógrafo galego D. Antonio Fraguas do que se dá tamén conta nesta publicación.

ISBN 84-87172-19-9

9 788487 172199